

# Revista de Estudios Miñoranos

Nº 1

2001

## ÍNDICE

---

O clima no val Miñor, por <i>Salvador Rodríguez Muñoz</i> .....	7
A estación paleolítica de “Chan do Cereixo” na Portavedra, por <i>Xaime Garrido Rodríguez</i> .....	15
Os muíños naviculares de soporte fixo, por <i>Xosé Lois Vilar Pedreira</i> .....	29
Minería aurífera romana: do Miñor ao Miño, por <i>Xurxo Pérez Pintos e Xosé María Bouzó</i> .....	37
Antonio Palacios en Nigrán: A procura dunha arquitectura de raíces galegas, por <i>José M<sup>a</sup> Ramón Iglesias Veiga</i> .....	51
A orixe do turismo de sol e praia en Galicia: O caso de Baiona, por <i>Margarita Novo Malvárez</i> .....	75
O desenvolvemento turístico do Val Miñor no contexto territorial do principal foco turístico de Galicia: As rías Baixas, por <i>Jesús M. González Pérez</i> .....	87
Despalatalización, palatalización e ceceo no subsistema de sibilantes da fala do Val Miñor, por <i>Xosé Henrique Costas González</i> .....	101
O MEU VAL MIÑOR	
Como se naceuse aquí, por <i>Marta Dacosta</i> .....	111
Val Miñor, o don da disparidade, por <i>Víctor Manuel Iglesias Viqueira</i> .....	113
O Val Miñor e o turismo, por <i>Luís Carlos de la Peña</i> .....	117
Máis traballo, menos especulación, por <i>Serafín Villanueva- Bembibre</i> .....	121
No nome do progreso, por <i>Alfonso Álvarez Cécamo</i> .....	125
AS NOVAS DO IEM	
Documento fundacional do Instituto de Estudios Miñoranos .....	129
Estatutos do Instituto de Estudios Miñoranos .....	133
O Val Miñor nos albores do século XX .....	141

**Edita:** IEM (Instituto de Estudios Miñoranos).

**Redacción e administración:**

Apartado de Correos 30. 36380-Gondomar.

Val Miñor (Galiza).

Tel: 986 360825.

e-mail: [ieminhoranos@hotmail.com](mailto:ieminhoranos@hotmail.com).

Internet: <http://www.ieminhoranos.org>.

**Director:** Carlos Méixome Quinteiro.

**Coordinador da edición:** Nano Cambeiro Louzán.

**Consello de Redacción:** Laudelino Pellitero Ramilo, Juan Antonio González Pérez e Serafín Villanueva.

**Asesoramento lingüístico:** Xosé Bieito Legaspi Villamarín.

**Publicidade:** Nano Cambeiro.

**Deseño de portada:** Fernando Pol.

**Foto portada:** José Domínguez "O Lucas".

**Copia fotografías:** Folgar.

**Deseño interior e maquetación:** Fernando Pol.

**Realización Gráfica:** Papelaria. Vigo.

Depósito Legal: VG. - 769-2001

Esta publicación recibiu unha axuda da Deputación de Pontevedra.



Revista de Estudos Miñoranos é unha publicación anual do IEM.

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoranos e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

---

Esta publicación está subvencionada  
pola Dirección Xeral de Política Lingüística  
da Xunta de Galicia



**Álvarez Cáccamo, Alfonso** (Vigo, 1952). Realizou estudos de Filosofía e Letras e Maxisterio. É profesor do Colexio do ISM en Panxón. Colabora en diversos medios de comunicación. Comezou publicando contos infantís. Entre as súas novelas cómpre salientar: *Pelto de vimbio* (1988), *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990), e *O espírito de Broustenac* (1996). Como autor de relatos publicou: *Homenaxe a Trois* (1991), *O eco de Ramallón* (1992), *Xente de mala morte* (1993), *Catapulta* (1995) e *Contos mamíferos* (1998). É autor dunha biografía do seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez (1994) e das traducións para o galego dalgunhas novelas do mesmo. Proximamente vai publicar *O bosque de levas*.

**Bouzó Fernández, Xosé María** (Vigo, 1960). Profesor do IES "Primeiro de Marzo" de Baiona.

**Costas González, Xosé Henrique** (Vigo, 1962). Licenciado en Filoloxía Galega pola USC. Realizou a tese de doutoramento sobre a Historia das sibilantes na lingua galega. Profesor titular na F. de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Especialista en Dialectoloxía e Sociolingüística así como nas falas do galego exterior e en linguas minoritarias.

**Dacosta Alonso, Marta** (Vigo, 1966). Licenciada en Filoloxía Galega pola USC. No ambiente universitario entra en contacto co mundo da poesía e pasa a formar parte do Colectivo Letras do Cal. Dende 1998 reside no Val Miñor. É Profesora de Lingua e Literatura Galega no IES de Tomiño. Participou en diversas publicacións colectivas de poesía; en solitario ten publicado *Crear o mar en Compostela* (1993), *Pel de Ameixa* (1995), *Setembro* (1998), *En atalaía alerta* (1999). Obtivo numerosos premios entre os que son de salientar o Rosalía de Castro (1993), O Grelo (1993), o González Garcés (1995), o Martín Codax (1998), así como o accésit do Esquío (1999).

**De la Peña Arizaga, Luís Carlos** (Eibar, Guipúscoa, 1957). Relacionado con Baiona dende neno e veciño desta vila desde 1980. Economista e historiador. A súa actividade profesional desenvólvese no plano empresarial. No político, é membro do comité nacional do PsdeG-PSOE. Presidente da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona (ACEBA) e vicepresidente da Federación Provincial de Hostalería de Pontevedra, é así mesmo, colaborador habitual na prensa escrita galega en temas socioeconómicos.

**Garrido Rodríguez, Xalme** (Vigo, 1938). Realizou estudos de Belas Artes na Escola de San Fernando de Madrid e titulouse en Arquitectura na mesma cidade. Esta-

bleceu o seu estudio de arquitectura na cidade olívica. Realizou viaxes de estudio por diversos países de Europa e América. Entre 1968 e 1973 foi Arquitecto Municipal de Baiona. Foi presidente da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos e asesor técnico da U. de Vigo. É membro do Instituto de Estudios Vigueeses e do Instituto de Estudios Tudenses. Defensor do patrimonio logrou que se declarasen Bens de Interese Cultural tanto a estación vella do ferrocarril de Vigo como o antigo Pazo de Xustiza. Recibiu o premio de investigación da Deputación de Pontevedra nos anos 1986 e 1989. Descubriu a estación paleolítica de Chan do Cereixo- Portavedra (Gondomar). Destaca tamén como fotógrafo e ten publicado numeros e diversos traballos. Entre as súas obras cómpre subliñar: *Fortalezas de la provincia de Tui* (1987); *Vigo, la ciudad que se perdió* (1991, 1992, 1994) e *Arquitectura da pedra en Vigo* (1999). En colaboración ten tamén publicado: *Vigo 1900-1920, arquitectura modernista* (1980) e *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista* (1995). Na compañía de José M<sup>a</sup> Ramón Iglesias Veiga remata de publicar *Vigo, arquitectura urbana* (2000). Mantén unha especial relación co Val Miñor onde reside gran parte do ano.

**González Pérez, Jesús M.** (A Ramallosa-Nigrán, 1969). Doutor en Xeografía pola USC. Actualmente é Profesor Titular no Departament de Ciències de la Terra da Universitat de les Illes Balears. Especialista en Ordenación do Territorio. Desempeñou labores docentes na USC e na UA del Estado de Hidalgo (México). Participou como coordinador ou formando parte de equipos de investigación en máis de dez Proxectos de Investigación. Ten realizado máis de 40 publicacións entre libros, capítulos ou artigos en revistas científicas. Completou estadias de investigación na UA de Madrid, na U. de Bergen (Noruega) e na U. de Murmansk (Rusia).

**Iglesias Veiga, José M<sup>a</sup> Ramón** (Sanguñeda, Mos, 1957). Diplomado en Maxisterio e Licenciado en Xeografía e Historia. Na actualidade última a tese de doutoramento "A tendencia rexionalista na arquitectura galega das primeiras décadas do século XX". É membro numerario do Instituto de Estudios Vigueeses. É profesor no IES "Pino Manso" do Porriño. Da súa investigación son froito as seguintes publicacións: *Antonio Palacios, Arquitecto. Do Porriño a Galicia* (1993); *Antonio Palacios, A pedra, o país, a arte, o urbanismo* (1995); *O Porriño (1895-1995), recuerdos de un siglo*; *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista* (Coautor) (1995). Xunto a Xaime Garrido remata de publicar *Vigo, arquitectura urbana* (2000). Foi asesor técnico da exposición sobre a obra de Antonio Palacios organizada pola Xunta de Galicia. Ten publicado numerosos artigos en revistas especializadas.

**Iglesias Viqueira, Víctor** (Vigo, 1947). Periodista e escritor. Redactor de Faro de Vigo desde 1966, foi correspondente de El Caso e de diversas axencias de noticias, así como colaborador en distintas emisoras de radio e revistas de humor. Autor de numerosos libros de humor, máximas e novela curta, é coñecido sobre todo polos

seus *Pensamentos de miau* e polos contos para nenos dos que ten publicado 100 no Faro de Vigo.

**Novo Malvárez, Margarita** (Muros, 1969). Licenciada en Historia da Arte pola USC. Actualmente é Profesora Asociada no Departament de Ciències Històriques i Teoría de les Arts da Universitat de les Illes Balears. Participou en numerosos Proxectos de Investigación na USC e realizou Asistencias Técnicas para a Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia. Ten publicado diversos traballos relacionados co seu campo de estudio: "Patrimonio e Turismo".

**Pérez Pintos, Xurxo** (Vigo, 1948). Licenciado en Bioloxía e profesor do IES "Manuel Antonio" de Vigo.

**Rodríguez Muñoz, Salvador** (Zamora, 1957). Licenciado en Química pola USC. Profesor de Física e Química no IES "Escolas Proval" do que foi Director durante moitos anos. Dende 1987 é responsábel da estación termopluviométrica do Instituto Nacional de Meteoroloxía no Val Miñor.

**Vilar Pedrelra, Xosé Lois** (Baiona, 1965). Licenciado en Historia pola U. de Santiago. Hoxe en día simultanea os estudos da Arqueoloxía nesta Universidade co seu traballo nunha cadea de froiterías.

**Villanueva-Bembibre, Serafín** (Mourisca de Viana – Ourense, 1935). Reside dende hai anos en Priegue. É licenciado en Teoloxía, CC. Políticas, Filosofía e L., Historia e Filoloxía Clásica. Exerce como Profesor de Filoloxía Clásica nun IES de Vigo. Ten publicado *Curso de morfoloxía indoeuropea aplicada á lingua latina* (1996). Colabora en diversos medios escritos.

---



# O clima no Val Miñor


*Salvador Rodríguez Muñoz*

A situación xeográfica do Val, a carón do mar, unida á súa orografía (as serras circundantes non son moi elevadas) fai que poidamos calificar o seu clima como de tipo oceánico, suave e chuvioso con certa tendencia á aridez estival, como xa veremos. O Val, afectado polas altas presións subtropicais (anticiclón das Azores) e as baixas noratlánticas, vese sometido ao predominio dos ventos do oeste e do sudoeste, que teñen un doado acceso ó Val dada a orientación oeste-leste do mesmo.


Para a análise da meteoroloxía local dispoñemos dos datos recollidos pola Estación Termopluviométrica do Servicio Nacional de Meteoroloxía, sita no Instituto de Educación Secundaria "Escolas Proval", en funcionamento desde mediados do ano 1986. Os datos estudados abranguen o período 1987-1999, é dicir, trece anos que permiten facernos unha idea bastante aproximada do clima no Val.

## Temperaturas

A temperatura media anual sitúase arredor dos 14,5°C. As desviacións respecto deste valor non superan dun ano ao outro os 0,9°C. A media das temperaturas máximas é 19,7°C, e a media das mínimas é 9,3°C, con variacións interanuais igualmente pequenas, como observamos na gráfica seguinte.



O mes máis frío é xaneiro, cunha temperatura media de 10°C e mínima media de 5,4°C. Os meses máis calorosos son xullo e agosto, cunha temperatura media de 19,4°C e 19,5°C respectivamente, e cunha media das máximas de 25,2°C e 25,4°C respectivamente. A amplitude térmica anual oscila, polo tanto, arredor dos 10°C, moi pequena, debida sen dúbida á proximidade do océano e ao seu efecto termorregulador.



En canto ás temperaturas extremas, o número de días con temperatura mínima inferior aos cero graos Celsius é de once, por término medio. A mínima absoluta no período estudado foi de -5°C, no ano 1987. Pola outra banda, o número de días con temperatura máxima igual ou superior aos 30°C é de oito, sendo a máxima absoluta do citado período 37,5°C, no ano 1995.


Nº de días de Tª:	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999
Mínima < -5°C	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Mínima < 0°C	13	9	5	12	23	24	11	12	6	4	4	10	12
Máxima 25-30°C	43	38	50	51	58	36	39	33	52	47	54	44	35
Máxima > 30°C	13	4	5	17	13	4	8	5	10	7	8	7	4
Máxima absoluta	34,0	33,5	31,5	35,0	32,0	30,0	35,0	31,0	37,5	33,0	31,0	33,5	35,5
Mínima absoluta	-5,0	-3,0	-1,0	-2,5	-2,0	-2,5	-3,5	-3,0	-1,5	-2,5	-2,5	-2,0	-2,0



O paso do inverno á primavera faise de forma suave. O ascenso máis pronunciado das temperaturas ocorre entre os meses de abril a maio. O descenso de temperatura logo do período estival prodúcese de xeito continuo e bastante uniforme.

#### Horas de insolación

O número de horas de sol sitúase sempre por riba das 2.100 horas/ano, sendo a media 2.266 horas/ano. Os meses menos soleados son novembro e decembro, e os máis soleados xullo e agosto, como cabía esperar, con dez horas de sol ao día.




Cómpre subliñar que, dentro do Val, as zonas orientadas ao sur, protexidas dos ventos do norte, están máis expostas ao sol, o que fai que haxa unha notable diferenza na densidade de poboación entre a marxe dereita do Val (Chandebrito, Priegue, Camos, Parada...) e a esquerda (Borreiros, Donas, Mañufe, Couso...).

#### Balance hídrico


A precipitación media anual sitúase, no período analizado, nos 1.413 l/m<sup>2</sup>, lixeiramente superior aos 1.293 l/m<sup>2</sup> das vertentes N e NW da Península Ibérica. O número de días de chuvia oscila arredor dos 132 ao ano.

Pola contra, a evaporación potencial media, que representa o número de litros de auga que se evaporan por cada metro cadrado de terreo, é de 794,9 l/m<sup>2</sup>, claramente inferior á precipitación media; o balance hídrico entre precipitacións e evaporación é, tódolos anos, positivo.

Cómpre destacar a notable diminución das precipitacións producida arredor do ano 1992, como se observa no histograma seguinte.






A tendencia a unha certa aridez estival mencionada anteriormente apréciase de forma evidente (gráfica seguinte) no balance hídrico dos meses centrais do ano: en xuño, xullo e agosto a evotranspiración é significativamente superior á precipitación. Nembargantes, a reserva de humidade do solo non chega a esgotarse totalmente en ningún mes do ano.




**Datos comparativos**

Por último, é interesante comparar brevemente os valores climáticos do Val Miñor cos da veciña poboación de Vigo (estación meteorolóxica de Peinador) e cos valores de Galiza en conxunto. Nas gráficas vese que as temperaturas son máis extremas no Val que na veciña zona de Vigo: as máximas son consistentemente máis altas e as mínimas máis baixas. E na outra gráfica apréciase como as precipitacións son inferiores no Val con respecto ao aeroporto.






En canto á comparación do clima no Val co do resto de Galiza, observamos que as temperaturas mensuais medias son máis suaves no Val: nos meses de outubro a maio (outono, inverno e primavera) as temperaturas son máis altas, e nos meses centrais do ano (verán) máis baixas que en Galiza en conxunto:



Nas precipitacións sinalamos que os meses centrais do ano (xuño a setembro) son máis secos que no resto de Galiza, e máis chuviosos os restantes do ano:



No cadro seguinte resumimos os datos máis relevantes do clima do Val Miñor.

Ano	Precipitación l/m <sup>2</sup>	Evaporación l/m <sup>2</sup>	Días de chuvia	Tª media anual	Tª media das máximas	Tª media das mínimas	Tª máxima do ano	Tª mínima do ano
1987	1.855,6	894,1	122	14,6	19,8	9,4	34,0	-5,0
1988	1.552,5	888,2	135	14,3	19,4	9,1	33,5	-3,0
1989	1.349,8	896,3	122	15,0	20,3	9,6	33,0	-1,0
1990	1.192,2	840,3	120	14,7	20,2	9,3	35,0	-2,5
1991	1.211,0	743,8	123	14,2	19,5	9,0	32,0	-2,0
1992	1.049,2	741,4	110	13,8	19,2	8,3	30,0	-2,5
1993	1.184,0	724,1	145	14,0	19,3	8,8	35,0	-3,5
1994	1.486,1	692,5	144	14,3	19,2	9,4	31,0	-3,0
1995	1.573,0	877,8	143	15,2	20,3	10,1	37,5	-1,5
1996	1.614,4	759,7	142	14,2	19,3	9,2	33,0	-2,5
1997	1.550,5	778,8	148	15,4	20,4	10,3	31,0	-2,5
1998	1.236,4	760,6	130	14,5	19,6	9,4	33,5	-2,0
1999	1.424,3	736,1	135	14,3	19,4	9,3	35,5	-2,0
<b>Media</b>								
<b>1987-99</b>	1.413,1	794,9	132	14,5	19,7	9,3	—	—

11

12

# A estación paleolítica de “Chan do Cereixo” na Portavedra

*XAIME GARRIDO RODRÍGUEZ*

**E**n *La Voz de Galicia* de 19 de febreiro de 1978 e baixo o título de “Localización de una amplia zona de caza y hábitat del hombre paleolítico gallego”, daba a coñecer os novos achados nunha ampla zona pertencente aos concellos de Gondomar e Tomiño. A nova converteuse nun pequeno traballo (reproducido no anexo) con abundante material gráfico, publicado polo boletín do Museo de Pontevedra do mesmo ano, tomo XXXII, co título de “Nueva estación paleolítica en Portavedra, Gondomar (Pontevedra)”. Tres anos despois, o meu amigo e especialista no paleolítico Julio M. Vidal Encinas publicaba outro traballo no boletín do Museo de Pontevedra de 1981 (tomo XXXV) titulado: “La industria lítica de la estación achelense de Portavedra, Gondomar (Pontevedra)”, no que se analizan só os cantos traballados, os fendedores e bifaces, acompañados de debuxos dos mesmos e incluso dalgúns lascas levallois características. Fixo o estudio de só 88 pezas, deixando outras moitas sen estudar como son: os percutores, perforadores, núcleos, lascas, coitelos, raedeiras, etc que tamén puxen a súa disposición para a súa análise. O número total de útiles tallados atopados chega aos douscentos, e agás uns poucos de diferentes tipoloxías, cedidos ao Museo do Pobo Galego de Santiago para a súa exposición nunha sala que se pretendía dedicar ao paleolítico galego, o resto foi depositado no Museo de Pontevedra.

Ao respecto do artigo do Sr. Abad Gallego publicado no Boletín do Instituto de Estudios Vigueses nº 1 (1995) co título “Vestixios da primeira presenza do home na bisbarra de Vigo: O Paleolítico Inferior no suroeste galego e a súa problemática” ao referirse a Portavedra, ademais de non aportar nada, cunha simpleza impropia dun estudio, pon en dúbida o que xa ten sido demostrado, dicindo que poida que non exista xacemento “in situ” e que o material atopado fora como consecuencia de ter transportado terras levadas das terrazas do Miño. Afirmación máis lonxe da realidade é imposible de establecer. Mellor esquecelo.

Neste artigo só pretendo volver a insistir en como se localizou e a importancia que adquire a estación paleolítica de Chan de Cereixo (Portavedra), nos altos do Val Miñor, pertencente ao concello de Gondomar, como mostra de que o home cazador das primeiras épocas da humanidade habitou e andou cazando por estes lugares.


Vidal Encinas, colaborador durante cinco anos do coñecido profesor e especialista francés F. Bordes, di referíndose á sinalada estación paleolítica: “...Por la importancia tanto cualitativa como cuantitativa de sus materiales Portavedra constituye, junto con Budiño, una de las estaciones achelenses más importantes del Bajo Miño gallego... Nosotros presentamos en estas líneas el estudio tipológico de los materiales que pueden ser calificados como pertenecientes al paleolítico inferior”. Analiza detidamente 20 cantos traballados, dos que 18 sono

unifacialmente e 2 bifacialmente; 24 fendedores, algúns obtidos de grandes lascas sen retoques; e 44 bifaces que clasifica segundo a súa silueta.

Na actualidade, o chan está tupido de vexetación (forestal e pastos) e localizar algún útil paleolítico é case imposible, incluso facendo catas de 50 ou 60 cm de profundidade. Para a repoboación forestal e obtención de zonas de pastoreo, a fins da década 1970-80, caváronse as terras en varias ocasións con bastante profundidade. As chuvias foron limando as cristas dos sucros, e mentres as terras se deslizaban e se depositaban nas partes baixas, os elementos pétreos, entre os que abunda fundamentalmente o cuarzo, quedaban na superficie, xa lavados. Deste xeito, foi relativamente doado ir recollendo os instrumentos tallados en cuarcita, sobre cantos rodados, que foron trasladados a estas alturas, probablemente, dende o río Miño, situado a 10 km. É de resaltar a inexistencia nesta zona de cuarcitas que non foran transportadas polo home e menos se falamos de cantos rodados, xa que estamos a unha altitude duns 350 m sobre o nivel do mar, onde se sitúan as fontes e mananciais do regato Cereixo da Briña, afluente do río Miño, sen percorrido suficiente para dar lugar á súa formación.

Pódese asegurar que todo o material de cuarcita atopado eran instrumentos ou útiles fabricados polo home, ou no último caso, lascas sobrantes de tallas dos cantos rodados.

Dous son os motivos que inducen a pensar que os instrumentos líticos foron transportados e tallados "in situ" na penachira do Chan do Cereixo. O primeiro, o ter localizado un núcleo e a pouca distancia do mesmo unha gran lasca a xeito de bifaz, obtida do citado núcleo por golpeo e co que encaixa perfectamente, como se pode comprobar na fotografía.



Portavedra: Obtención dunha gran lasca ou útil paleolítico a partir dun núcleo de cuarcita. As dúas pezas foron atopadas a unha distancia de 3 m. (Foto: X. Garrido).

O segundo motivo ven testemuñado ao atopar nun lugar concreto, duns doce metros cadrados de superficie, bifaces e picos con abundantes lascas no seu entorno.

A configuración do lugar, de pequeno val algo pantanoso nas partes baixas próximas ao nacemento do sinalado regato, fainos pensar na abundancia de caza, pois estas zonas altas da Serra da Groba e do Argallo son as únicas que ofrecen auga en abundancia, incluso no verán, para beber e posibelmente para o pastoreo.



Como todos sabemos, o home de todos os tempos foi cazador, pero antes dos asentamentos neolíticos vivía fundamentalmente da caza. Nada nos pode sorprenden pois, nin dudar da existencia dunha estación paleolítica "in situ" polo que levamos apuntado, e sobre todo polo achado dunhas duascenas pezas entre útiles de diferentes tipoloxías e lascas. O sitio da máis importante estación paleolítica galega, é dicir, as Gándaras de Budiño, é similar en certo aspecto ao Chan do Cereixo. Tamén ofrece un aspecto de chaira pantanosa, con afluencia de auga, onde sería abundante a caza.



Neste altiplano de Chan do Cereixo, non só se teñen localizado instrumentos do paleolítico inferior e medio, senón armas de todos os tempos: un machado pulido que se perdeu, outro entregado ao Museo de Pontevedra, un coitelo de sílex, un anaco de alabarda tallada, unha punta de lanza de ferro. Tamén se atoparon abundantes anacos de fundición de ferro, cerámica e téglulas romanas, petroglifos en formas circulares e algunhas mámoas moi deterioradas, nunha das cales, que foi destruída totalmente polo trazado dunha vía, apareceu unha macheta pulida depositada no citado museo. No entorno e nas zonas baixas localízanse algúns castros. Por todo isto, Chan do Cereixo e o seu entorno non só se pode establecer como a segunda estación paleolítica en importancia do Baixo Miño senón tamén como unha zona arqueolóxica rica en achados de todas as épocas.


Algo que se debe ter en conta é que nos últimos anos se teñen transportado terras con cantos rodados de cuarcita doutras zonas, para a elevación e pavimentado do camiño que cruza o val e o regato, polo que estes recentes aportes poden provocar confusión entre os novatos.

Durante uns sete anos, e tras varias cavaduras de terras do val, co seu correspondente lavado polas choivas, e téndolle dedicado centos de horas, só me propuxen recoller o material lítico de cuarcita, doadamente identificábel, séndome practicamente imposible recoller os posibeis útiles de cuarzo, pola súa extraordinaria abundancia e a dificultade de recoñecelos como tales.


Non quero repetir aquí o que xa expuxen nos citados traballos e que Julio Vidal analizou e debuxou en máis de medio cento de pezas. O que si quero é deixar constancia que, ao través do coñecemento dos útiles paleolíticos de Budiño por parte do industrial ceramista Pelayo (concesionario para a explotación das arxilas nos terreos nos que se atopou a estación paleolítica e que na súa colección tiña almacenado centos destes artefactos, dos que descoñezo o destino posterior á súa morte) devecín por coñecer a industria máis primitiva levada a cabo polo home: a fabricación de utensilios líticos. Lin e estudei moitos libros que trataban do tema, sobre todo ingleses e franceses, xa que en España estaba moi atrasada esta ciencia. Visitei museos arqueolóxicos españois, portugueses e franceses onde se expoñían estes artefactos pétreos, sobre todo os do Paleolítico Inferior e Medio, así como os máis recentes da costa portuguesa e galega (denominados: asturicense, ancorense, camposanquense, etc, etc.). Foi entón cando, tralo achado fortuíto dun machado pulido por parte dun cazador, as molestias que lle orixinaba o fío ao transportalo no peto obrigouno a depositalo na beira dun sendeiro comunicándome a descuberta e facéndome un debuxo da mesma. De seguido me decatei do que se trataba e propúxenlle trasladármonos ao lugar para recuperalo. O machado non foi localizado, pero entre as terras revoltas polo arado atopei unha cuarcita que semellaba ofrecer

o aspecto de ter sido tallada, aínda que resultaba irrecoñecible por estar erosionada. Decidín voltar para inspeccionar con detalle o lugar e foi entón cando localiceí as primeiras pezas, doadas de identificar como instrumentos paleolíticos.







Portavedra: Canto rodado de cuarcita traballado bifacialmente. Visto polas dúas caras. (Foto: X. Garrido).




Portavedra: Cantos de cuarcita traballados polas dúas caras ou bifaces. (Foto: X. Garrido).




Portavedra: Bifaz de cuarcita visto polas dúas caras. (Foto: X. Garrido).



Portavedra: Dous bifaces lanceolados de cuarcita vistos polas súas dúas caras. (Foto: X. Garrido).



Portavedra: Fendedores de cuarcita obtidos de grandes lascas. (Foto: X. Garrido).



Portavedra: diversos útiles de cuarcita (choppers, núcleos, lascas Clacton, perforadores, raedelas, etc).

## ANEXO

A unha altitude duns 350 m sobre o nivel do mar, que se atopa próximo (8 km) existe unha penachira case rectangular, de 3 quilómetros en dirección Este-Oeste e de 4 quilómetros na Norte-Sur. Os lados do rectángulo que a limitan están situados a unha maior altura, o que lle proporciona un aspecto de val dentro da súa altitude de meseta. Esta planicie recibe o nome de Chan do Cereixo, tomado do afluente do río Miño que nace aquí de dúas fontes. Nela emprázanse as entidades de poboación: Portavedra ao N, pertencente ao termo municipal de Gondomar, e Pinzás ao S, que se corresponde co termo municipal de Tomiño.

Esta penachira cae con pendentes fortes cara ao Norte, Leste e Sur, mentres que ao Oeste, sucede o contrario: as terras elévanse ata 640 m de altitude, formando a Serra da Grova, que a separa da costa, bañada polo Océano Atlántico.

Ten dous accesos naturais e que seguen a mesma dirección que a estrada que cruza a zona: unha polo NO a través dos poboados de S Cibrán e Donas para embocar no Val Miñor, e outra ao SO por Pinzás, Vilachán e Cristelos que emboca no val de Tomiño-Tebra.

Dada a súa situación non cabe dúbida que non constitúe unha zona de paso; pola contra, é unha explanada illada na altura e ata hai pouco case incomunicada. Hai auga abundante e na invernia as partes máis baixas vólvense pantanosas. A terra é fértil e os cabalos salvaxes pastan en manadas con toda tranquilidade. Constitúe un lugar ideal para o cazador pola abundancia de aves e lebres, se ben na actualidade van en diminución.

Nas partes máis altas aflora a rocha granítica con grandes filóns de cuarzo. As terras de cultivo fóronse formando por depósitos aluviais destas zonas próximas e altas que bordean a planicie. Nestes depósitos é abundante dun xeito extraordinario o cuarzo branco leitoso. Tamén, aínda que en pequena cantidade, o cristal de rocha e o cuarzo cristalizado.

Case que todo o material lítico atopado está traballado sobre cantos rodados de cuarcita, e polo tanto, dado que neste lugar non existen, indica que teñen que ter sido transportados dende as graveiras do río Miño situado a 10 quilómetros, e quizais tamén de cantos rodados mariños da costa de Baiona a 12 km.

A situación destes novos achados corresponden co Mapa Nacional Topográfico a escala 1:50.0000 do Instituto Geográfico y Catastral, na folla núm. 261 e nas coordenadas: Latitude Norte 42° 01' e Lonxitude 5° 05' (*Figuras 1, 2 e 3*).

Cara o ano 1970 incíanse cavadas nas terras do Chan de Cereixo con obxecto de establecer unhas zonas, as máis baixas e húmidas, para o pastoreo e o resto para repoboación forestal de piñeiros e, en menor cantidade, de eucaliptos. Nas terras para pastoreo realizáronse varias cavaduras e aplanamentos posteriores, de xeito consecutivo durante cinco anos, mentres que nas terras de repoboación fanse sucos. No plano da *Figura 4* sinálase en escuro a repoboación forestal e en branco a de pastoreo, que ultimamente foi valada para impedir a entrada dos cabalos salvaxes e evitar a perda de gando vacún que adoita pastar solto.

A primeira cavadura foi bastante profunda, acadaría posiblemente os 60 cm.

As choivas invernaes lavaron as pedras que se atopaban na superficie e, deste xeito, foi doado ir recollendo o material lítico tallado e que aparecía polo regular moi diseminado. Atopámonos unha vez máis con outro xacemento en superficie, ao igual que os de Tui e

Se ben os útiles aparecen con máis frecuencia espaxados, hai lugares onde se presentan en maior número e acompañados de lascas (*Figura número 3, zonas: A, B, C, D, e E*), o que indica a existencia de talleres co posíbel asentamento de poboación e o conseguinte transporte de material base (cantos rodados de cuarcita) para a fabricación dos útiles. Atopáronse así mesmo núcleos de cuarcita de gran tamaño, aos que se golpeou para a obtención de grandes lascas. Unha delas apareceu próxima (a 2 m de distancia) ao seu propio núcleo, co que encaixa perfectamente. Este núcleo está moi golpeado no pouco que lle queda da cortiza orixinal. Non cabe dúbida de que os golpes foron moi fortes e moi abundantes polo que se aprecia na zona cortical, e posiblemente obtidos botando con forza o canto contra unha bigornia de pedra. Deste núcleo obtivéronse varios útiles en forma de "hachereaux" ou fendedores semellantes ao atopado (*localizado na zona F da Figura número 4*).

Os achados de material lítico coinciden por regra xeral coas zonas máis baixas, pantanosas, ou coa liña que seguen os regos, abertos recentemente co obxecto de drenar estes terreos.

Este traballo tenta sinxelamente dar a coñecer a existencia de xacementos paleolíticos en terras altas do interior, sen estar, como é máis corrente, en terrazas fluviais, de lagos, ou máis tardiamente en zonas costeiras. Queda para un traballo posterior, máis laborioso e detido, a descrición dos útiles e a súa comparación con outros xacementos xa coñecidos. Non obstante adiantarei aquí, dun xeito rápido, pouco preciso e esquemático, algunhas características significativas dos útiles recollidos.

Os machados de man, que polo regular están constituídos por talla bifacial, constitúen aproximadamente un 35% dos útiles atopados. Deles, un 5% proceden de grandes lascas, e cun mínimo de retoques, conservando algunhas un talón cortical. Outro 5% están talladas na súa totalidade por ambas caras. O 25% restante ten a base e parte das caras reservadas, e similares ás precedentes das industrias líticas de Tui, Goián e Budiño. Son escasos aquí os picos triédricos, que tanto abundan en Budiño.

Estes machados de man e bifaces son na súa maioría subcordiformes e subtriangulares (clasificación de F. Bordes). Tres deles están tallados con gran esmero e coido que poderían clasificarse pola súa forma, lanceolada, do tipo "Ficrón" micoquiense.

A diferenza de Budiño, escasean aquí os machados de fío transversal, xa sexa recto ou lixeiramente convexo. Tamén escasean os bifaces de forma amendoada ou "Limande", que se presentan en Budiño.

Entre a industria lítica da Portavedra, obsérvanse pezas con talla moi simple (un, dous ou tres lascados) sobre cantos de cuarcita alongados e de pouco grosor, formando picos, en menor cantidade, e, en maior cantidade, eses mesmos cantos, formando choppers ou "gallets aménagés" e que gardan unha gran similitude coa industria do can de Duc, de Torroella de Montgrí, considerada do Paleolítico Medio de Cataluña. Tamén se observan choppers sobre cantos rodados curtos, do estilo de "Camposancos" e "A Guarda", e que tamén os temos en pequena cantidade en Budiño (sobre cantos curtos e cantos alongados).

Un 15% das pezas son fendedores sobre lascas, de posíbel uso polivalente, como raedeiras, taxadores, etc. En case que todos apréciase o bulbo cónico de percusión por unha cara, mentres que a outra cara e o talón conservan a cortiza orixinal do canto do cal foron extraídos. De idéntica forma témolos tamén en Budiño e en Pinedo (Toledo).

Foron recollidos algúns perforadores sobre lascas, un deles de cuarzo, e os outro de cuarcita, e tamén utensilios sobre cantos alongados con escotadura lateral en forma de lingueta. En Budiño hainos similares.

O material reunido na Portavedra é de cuarcita de variado color: branca, grisalla, parda e incluso rosada, pero a máis abundante é a grisalla escura. A de Budiño é máis ben amarelada ou parda. Isto é indicio de que parte do material foi recollido na costa.

Notamos pois, a primeira vista, unha gran similitude entre os instrumentos de Budiño e os da Portavedra. Ambas estacións distan en liña recta 14 quilómetros, coa Serra do Galifeiro por medio. Seguindo as rotas fluviais, sepáraas unha distancia de 28 quilómetros. Están bastante próximas.

E, ao igual que en Budiño, mestúranse aquí formas arcaicas, con outras bastantes recentes, que abundan nas zonas costeiras da desembocadura do Miño. Tamén presentan un aspecto moi irregular e atípico.

Un dato a ter en conta nestas achados é que, por ser de superficie, pódense presentar útiles que poden pertencer a épocas moi distintas no tempo, e proba diso é que, nos mesmos lugares de onde proceden os útiles paleolíticos, tamén se atoparon restos doutras civilizacións máis recentes, como son: un coitelo de sílex, un anaco de punta de frecha ou lanza tamén de sílex, unha punta de frecha de ferro e abundante cerámica romana e incluso anacos de téglas. Foron atopados tamén abundantes anacos de fundición de ferro, sobre todo na zona en que aparece a cerámica (*Figura 4-G*). A uns catro quilómetros están localizadas unhas minas de orixe posiblemente romana e que os naturais din que eran de ouro.

Resulta aquí difícil de establecer se persisten técnicas primitivas con outras máis evolucionadas, como sucede en Budiño, ou se pola contra están diferenciadas no tempo, aínda cando aparezan mesturadas. Na zona E, situada entre as dúas fontes, foron atopados útiles de gran tamaño e peso, uns traballados sobre cantos e outros constituídos por grandes lascas Clacton. Na zona A aparecen útiles máis pequenos, de máis coidada talla e gran abundancia de lascas pequenas. Algunhas pezas aparecen bastante erosionadas, e unhas poucas sufriron pequenas roturas polo arado no movemento de terras.

A pátina é variábel. Algúns útiles están moi lavados, mentres que outros presentan diversas coloracións segundo o tipo de terras que os rodeaban. Moitos deles amosan pequenas raíces de cor ocre, fortemente adheridas nas súas caras e que lle dan un aspecto de ramificacións.

Sería moi positivo, estou seguro disto, realizar escavacións nas zonas A e E da *Figura 3* e tamén poderían resultar satisfactorias as escavacións nas zonas C e D. Coido que o paleolítico galego segue pouco estudiado a pesar da gran cantidade de material que pode extraerse dos moitos xacementos que existen, e que, do mesmo xeito que en Budiño, poden datarse cronoloxicamente, e facer máis comprensíbel a evolución dos nosos máis primitivos antepasados.

Se ben na carta arqueolóxica da Provincia de Pontevedra (magnífico labor levado a cabo polos actuais responsábeis do Museo) anótanse máis de 150 estacións, e no mapa sinálanse unhas 80, moitas delas obedecen a encontros casuais dunha, dúas ou ao máximo dez pezas e que non aportan moito no coñecemento do paleolítico galego. Xacementos propiamente ditos por achados de certa abundancia de material concentrado, e onde existirían talleres, só podemos sinalar, incluíndo neles unha certa zona de expansión, uns cinco: A Guarda-Camposancos; Goián-Eiras,



Tui, Budiño e a que describimos aquí do Chan do Cereixo na Portavedra (Gondomar). Sinalízanse respectivamente na *Figura 1* cos números 6-5, 4, 3, 2, e 1).

Ata a actualidade podería ser esta a segunda estación paleolítica en importancia, despois da de Budiño, sobre todo pola variedade de pezas, aínda que non polo número, e para iso sería necesario realizar escavacións nos sitios que se sinalan. Se ben, as estacións de Goián-Eiras teñen fornecido un grande número de útiles, estes están seleccionados e apareceron bastantes dispersos, aínda non se sinalaron os sitios concretos onde poder realizar as escavacións. Por outra banda, é difícil localizar os talleres xa que non aportaron núcleos nin lascas que nos dean unha pista. Falla tamén un estudio máis a fondo e con escavacións nas estacións de Camposancos e A Guarda, cun material, identificado como Asturicense por algúns autores e denominado "Camposanquense" por outros, que se estende dende a desembocadura do Miño e a zona costeira ata Baiona, e en Portugal dende o Norte do Porto ata Caminha (fronte a Camposancos). A súa característica principal é a gran abundancia de choppers sobre cantos curtos, e en menor cantidade picos (de tipo Asturicense), discos nucleiformes, raedeiras e fendedores.

A única semellanza tipolóxica co novo xacemento de Chan do Cereixo só a temos nos útiles, que tamén atopamos en Budiño e ao longo do Miño ata As Neves, sempre en cativa proporción en comparanza co Camposancos e A Guarda.

Para rematar, quero convidar a todos os interesados no paleolítico galego a formar causa común nos estudos e busca de novos xacementos. Na actualidade cávanse moitas terras, ábreanse gabias, explótanse graveiras, e moi pouca xente ten coñecemento do inmenso valor que supón, a favor da cultura, o coñecemento dos útiles elaborados polos máis primitivos poboadores das nosas terras.

Non hai moito tempo puider atopar dous magníficos machados de man (bifaces) entre un pequeno montón de pedras que se tiraran dunha finca cavada para a plantación de froiteiros. Polo visto, foron bastantes os camións cargados desas pedras que transportaron para recheos ou para facer grava. Tamén temos presenciado a case total destrución do único xacemento estudado "in situ", o de Budiño (O Porriño).

—

# Os muíños naviculares de soporte fixo

Xosé Lois Vilar Pedreira

**N**a bibliografía arqueolóxica das tres últimas décadas véñse indicando a aparición de muíños, motivo deste artigo. O primeiro en facelo foi X. Suárez Otero<sup>(1)</sup> quen os denominou “ideograma tipo Os Olleiros II”, por ser esta a primeira estación rupestre onde os atopou. Posteriormente, Xoán Tamuxe<sup>(2)</sup> dámos noticias de novos petroglifos nos que aparecen rebaixes rectangulares, situados nos montes do Torroso, entre A Garda e O Rosal. Finalmente, Costas Goberna, Fernández Pintos, Goberna Pena e Fernández Díaz<sup>(3)</sup> publican, en 1985, unha catalogación dos petroglifos do sur da ría de Vigo na que aparecen numerosas “piletas de sección navicular”, que Xulio Fernández Pintos<sup>(4)</sup> denominou “equipos de muiñada” nun artigo que aínda permanece inédito.

Nun primeiro momento dubidouse sobre o seu uso. Hoxe, pola semellanza formal, polo emprazamento en sitio chan ou algo pendente e pola aparición dunha man de muíño no abrigo de Peneites onde apareceron dous destes rebaixes<sup>(5)</sup>; semella claro dabondo que se trata de muíños dos que chamamos chairos, barquiformes ou naviculares que aparecen constatados arqueoloxicamente no fenómeno tumular (IV-III milenio<sup>(6)</sup>), na Idade do Bronce<sup>(7)</sup> e na cultura castrexa<sup>(8)</sup>. A diferenza máis notable está en que os artefactos que nós estamos a analizar aparecen co seu soporte fixo<sup>(9)</sup>.

Polo tanto sabemos que a súa función sería a moenda do produto agrícola, aínda que nos instrumentos de soporte móbil non faltan apuntamentos que indican o seu emprego na moenda dalgunha materia colorante<sup>(10)</sup>, no horizonte tumular, ou de relado de mineral<sup>(11)</sup>, no

(1) SUÁREZ OTERO, X.: “Os olleiros. Nova estación do arte rupestre galego”, en *El Museo de Pontevedra*, XXXIII. Pontevedra, 1979.

(2) MARTÍNEZ DO TAMUXE, X.: “Riqueza rupestre en el monte de Torroso (A Guardia - O Rosal)”, en *El Museo de Pontevedra*, XXXVI. Pontevedra 1982, pp 242-251.

(3) COSTAS GOBERNA, F. J. e outros: “Los petroglifos del litoral sur de la ría de Vigo” en *Museo de Castrelos*, Vigo, 1985.

(4) FERNÁNDEZ PINTOS, X.: “Los molinos rupestres en el litoral S. de la ría de Vigo”, 1990 (inédito).

(5) COSTAS, J.B. e GROBA, X.: “Os petroglifos do Maúxo”, en *El Museo de Pontevedra*, XLVIII ou XLIX (no prelo). 1996.

(6) FÁBREGAS VALCARCE, R. DE LA FUENTE ANDRÉS, F.: “Aproximaciones a la cultura material del megalitismo gallego: La industria lítica pulimentada y el material cerámico” en *Arqueohistoria 2*, Servicio de publicacións da USC, Santiago de Compostela, 1988. Onde fai referencia á abundantísima presenza de muíños de man de tipo barquiforme.

(7) DE LA PEÑA SANTOS, A.: “Sondeo estratigráfico en el yacimiento de “A Fontenla” (Moaña)” en *Pontevedra Arqueológica I*, Grupo de arqueología “Alfredo García Alén”, Pontevedra, 1984. Onde fai referencia a que estamos perante un asentamento con dúas fases de ocupación de carácter temporal, de remates do terceiro milenio, camiño do Bronce Inicial, no que xunto a restos pouco claros de estruturas de pedra aparece un fragmento de granito rolado usado como man de muíño.

(8) ROMERO MASIÁ, A. M.: *El hábitat castreño*. COAG, Santiago, 1976, p. 94. Subliña a abundancia de muíños, ben planos ou circulares, en tódolos castros do NO.

(9) EIROA, J.J. e outros: *Nociones de tecnología y tipología en Prehistoria*. Ariel, Barcelona, 1999, pp. 85-86. E. PIEL-DESRISSÉAUX, J.L.: *Instrumental prehistórico. Forma, fabricación, utilización*. Masson, Barcelona, 1989.

(10) LÓPEZ CUEVILLAS, F. FRAGUAS, A. LORENZANA, M.P.: “Mámoas do Saviñao. A Anta de Abuime e a necrópole de Monte da Morá” en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos V*, 1930.

(11) FARIÑA BUSTO, F.L., ARIAS VILA, F. e ROMERO MASIÁ, A. M.: “Panorámica general sobre la cultura castrexa” in PEREIRA MENAUT, G (Ed.): *Estudios de cultura castrexa e de Historia de Galicia*. Santiago, 1983.

mundo castrexo, por terse atopado en relación con moldes e escouras, e mesmo, aínda que semella máis ousado, a representación gráfica de lavadoiros de mineral<sup>(12)</sup>.

A intensa prospección nos concellos do sur da ría de Vigo eleva a máis de 150 as pezas de muíños naviculares fixos que coñecemos e estamos procedendo a catalogar, nun traballo máis amplo có presente artigo. A análise da case totalidade dos xacementos descubertos ata o día de hoxe é o alicerce sobre o que basearemos o noso estudio e conclusións.

Situado o tema neste punto, debemos tentar un achegamento cronolóxico. Para isto contamos con algúns elementos de xuízo de tipo formal, xa que os muíños aparecen, nalgúns casos, asociados a gravados rupestres de variada tipoloxía: liñas que comunican coviñas, en Carreiró (Marzán, O Rosal); combinacións circulares, coviñas e liñas que interrelacionan motivos, nunha rocha adxacente ó petroglifo do Grichouso (Belesar, Baiona); mesmo aparece unha peza no gran conxunto de gravados rupestres do Monte Tetón<sup>(13)</sup>; no interior do penedo furado do Coto da Moura (Chaín, Gondomar) atópanse tres muíños con liñas entre eles<sup>(14)</sup>; no Outeiro do Castro (Coruxo, Vigo) aparecen no mesmo soporte pétreo ca tres reticulados ou taboleiros de xogo<sup>(15)</sup>; en Santa Lucía (Vincios, Gondomar<sup>(16)</sup>) ollámoslos nun entorno de circos, alabardas e coviñas; na Guieira (San Andrés, Vigo) están á beira dun cruciforme e dunha figura rectangular incompleta; tamén se atopan nos arredores da Pedra das Procesións (Auga da Laxe, Vincios, Gondomar) tanto nun grupo dado a coñecer por Costas Goberna<sup>(17)</sup> coma noutras tres pezas inéditas. Adxacentes e inmediatas ó campo de mámoas de Chan das Moutas (Morgadáns, Gondomar), temos 8 pezas na mesma laxe, no Outeiro da Cruz do Morto (inédito) e no extremo occidental de Monteferro (Panxón, Nigrán) hai unha rocha con 17/19 elementos, o número máximo de muíños coñecidos nun mesmo soporte e asociados a podomorfos humanos<sup>(18)</sup> con indicación dixital e liñas curvas<sup>(19)</sup>. No mesmo concello de Nigrán aparecen catro muíños<sup>(20)</sup> nas Lagoas (Nabás, Priegue) asociados a liñas, unhas describen circos e outras figuras de tendencia curva que encerran microcoviñas, que non deixan de lembrarnos, formalmente, as de Monteferro. Na Chan do Rato (Trasmañó, Redondela) aparece un muíño, fortemente erosionado, asociado a multitude de coviñas, a uns poucos circos e figuras irregulares que encerran pequenas coviñas. Tamén en Redondela temos dous muíños cun cervo, un circo e unha coviña no Monte Penide. Mentres que nos Olleiros (Aldán, Cangas) hai tres

(12) MADROÑERO DE LA CAL, M.: "Una posibilidad de rastreo de los orígenes de la metalurgia del estaño en España". *Cadernos do Seminario de Sargadelos*, nº 64. Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 1994.

(13) COSTAS GOBERNA, F.J.: "El petroglifo de Monte Tetón en Tebra (Tomiño). Grupo 1. Petroglifos: levantamiento de calcos y fotografía" en *Castrelos* 1 e 2, Vigo, 1988-89.

(14) COSTAS GOBERNA, F.J.: Op. cit. Vid nota 3, p. 45.

(15) COSTAS GOBERNA, F.J.: Op. cit. Vid nota 3, p. 126.

(16) COSTAS GOBERNA, F.J.: Op. cit. Vid nota 3, pp. 55-56.

(17) COSTAS GOBERNA, F.J., DOMÍNGUEZ PÉREZ, M., RODRÍGUEZ SOBRAL, J.M.: "Nuevos grabados rupestres en el litoral S. de la ría de Vigo" en *Castrelos* 3-4, Vigo, 1990-91.

(18) SUÁREZ OTERO, X.: Op. cit. Aparecen tamén podomorfos asociados a muíños, que o autor denomina "ideogramas tipo Os Olleiros II", na mesma estación dos Olleiros e na Xesteira, onde un pé dereito está unido por un suco a un "ideograma"; cita podomorfos tamén no Coto Rapado (Cangas) e no Bosque do Cadro (Marín).

(19) Este complexo rupestre de Monteferro xa foi publicado por COSTAS GOBERNA na revista *Castrelos*, nº 3-4 (1990-91) pero omitiu os gravados propiamente ditos –coviñas, liñas de tendencia curva, circos e "planta: pedum"– rexistrando máis nada cós muíños.

(20) COSTAS GOBERNA, F.J., DOMÍNGUEZ PÉREZ, M., RODRÍGUEZ SOBRAL, J.M.: Op. cit.

pezas inseridas nun petroglifo desenvolvido nunha serie de fragmentos de rocha granítica. No Carballoso-Última Presa, temos dous muíños xunto a trazos curvos, coviñas e liñas formando retículas, mentres que no Monte Pequeno (S. Miguel de Oia, Vigo) hai catro relacionados con trazos de tendencia curva e coviñas; ao igual que os seis do Cabezo de Saiáns. No Outeiro do Lucas (Coruxo, Vigo), antes publicado como Outeiro do Carballoso, aparecen xunto a circos concéntricos. En varios casos, na Cañoteira, no Carballoso, Monteferro, no Monte Pequeno, nas Lagoas, na Costa da Fraga, atópanse coviñas nalgún dos elementos centrais do muíño. Non sabemos a que pode obedecer.

Esta longa, pero necesaria enumeración apunta un abano cronolóxico amplo relacionado co mundo tumular<sup>(21)</sup>, a escavación da mámoa nº 5 da Chan das Moutas aportou unha cronoloxía do terceiro milenio, e o mundo dos gravados rupestres clásicos (combinacións circulares, coviñas, armas), agás o caso do Outeiro do Castro, asociado a taboleiros de xogo que parecen de época histórica<sup>(22)</sup>.


Acudimos entón a analizar muíños naviculares aparecidos en contextos coetáneos ós citados; así, procedemos a medir algunhas pezas de xacementos tumulares cun eixo maior entre 34 e 26,5 cm, e o menor entre 10 e 20 cm. Temos que proceder á medida de máis elementos depositados nos distintos museos do noso país. En canto á medida dos muíños de soporte fixo, no caso dos Pintos (Coruxo, Vigo) temos 5 pezas cun ancho (eixo menor) entre 20 e 28 cm. No caso do Coto da Moura (Chaín, Gondomar) oscilamos entre 35/33 cm de longo por 24/18 de ancho; 40x20 mide o nº 2 do Outeiro da Cruz do Morto e 42x30 outro nas proximidades da Auga da Laxe. Destas medidas tiramos a conclusión da aproximada semellanza formal dos elementos que estamos a tratar; debemos indicar algo obvio pero reseñable, e é que os muíños de soporte fixo sofren un desgaste en sentido lonxitudinal vertical (cara ó fondo da peza) debido á mesma acción da moenda; esta fondura que van tomando non a padecen as pezas de soporte móbil por seren elementos exentos sen referentes laterais.

O modelo-tipo das pezas que estamos a estudar consta de tres partes. Unha central máis longa que estreita, polo que falaremos dun eixo maior cunhas medidas medias algo por riba de 30 cm e un eixo menor, que supera en pouco os 20 cm. Estas medidas medias exactas establecerémolas ó rematarmos a catalogación integral das pezas coñecidas. As outras dúas partes son rebaixes emprazados nos lados menores da parte central, cun lado maior sempre un pouco menor ó ancho da parte central e unha anchura moi variable dependendo se está en proceso de "construcción" (Outeiro das Pereiras, Penejtes) ou completamente desenvolvido, 23 cm nos Pintos.

Outro parámetro métrico a indicar é a fondura dos tres elementos, que non soe superar os 2 cm nas partes que Fernández Pintos chamou distal e proximal e temos, na parte central, 7 cm no Monte dos Pozos (Vincios, Gondomar) ou 8 cm na peza nº 14 de Monteferro e Os Pintos (Coruxo, Vigo). A fondura non é uniforme debido ó sentido da

(21) ABAD GALLEGU, X.C., RODRÍGUEZ PUENTES, E. e TOMÁS BOTELLA, V.: "La excavación de la mámoa nº 5 de Chan de Prado". *Revista de Ciencias Históricas*, nº VI.

(22) COSTAS GOBERNA, F.J.- HIDALGO CUÑARRO, J.M.: *Los juegos de tablero en Galicia*. Asociación Arqueológica Viguesa. Vigo, 1997.



moenda exercido pola moa ou man do muíño que describe un percorrido decrecente –vai afondando o muíño– ata remata-lo espazo existente para moer. A separación entre as partes menores e a parte central é máis baixa có nivel da rocha, formando unha crista de tamaño variable.

Aquí fica descrito un “modelo-tipo” do cal existen multitude de variantes; a uns fáltalle unha, outra ou as dúas partes menores; dáse o caso –Coto da Moura– de estaren dúas pezas centrais unidas por un lado menor.

Presentamos brevemente sete novos lugares con muíños naviculares, todos eles no Val Miñor e Baixo Miño, froito das pescudas dos últimos dezaseis anos e que permanecían sen publicar.

Comezamos polo máis meridional no lugar de CARREIRÓ, na xuradía de Marzán, parroquia e concello do Rosal, temos unha única peza de muíño a poucos centímetros do soporte onde se emprazan uns trazos que unen coviñas. As coordenadas son: 41° 05' 40" N e 8° 52' 30", situado na estrada que pasa pola Portela e comunica Portecelo e San Xián co interior do Val do Rosal<sup>(23)</sup>.


Na FONTE DAS VACAS (Baredo, Baiona<sup>(24)</sup>) temos unha única peza na superficie dunha rocha orientada ó SL, atravesada lateralmente por unha veta de cuarzo, situada á beira dun manancial que abastece de auga a Baredo. As súas coordenadas son 42° 05' 34" e 8° 51' 43". Cota: 250 m. A peza mide 38x23 cm e ten 4 cm de fondo máximo.

(23) MATÍNEZ DO TAMUXE, X. “O Rosal. Boletín informativo municipal”, páx. 20.

(24) RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, A. e VILAR PEDREIRA, X.L.: *Petroglifos de Baiona*. Inédito, 1984.

No OUTEIRO DAS PEREIRAS, altura: 280 m, coordenadas 8° 51' 07', érguese á beira do río que ninxe do manancial citado na Fonte das Vacas; na cara do nacente temos dous muíños, un rematado con medidas de 32x22 e 9 cm de fondo e outro en proceso de feitura, moi incipiente, 29x23 e fondo 22 mm. Ó Oeste temos un grupo de 11 coviñas repartidas por unha laxe irregular de 11 a 4 cm de diámetro e entre 8 e 6 cm de fondo.

Dado a coñecer por Costas Goberna<sup>(25)</sup>, quen o publicou parcialmente, temos o importante grupo de MONTEFERRO. Coordenadas 42° 50' 50" N e 8° 50' 50" O, a 30 m sobre o nivel do mar, e nunca mellor dito, xa que se atopa no vértice oeste do promontorio. É unha laxe de considerables dimensións (10x4) pendente cara ó S, atravesada por unha veta de cuarzo e cun afloramento do mesmo fóra da zona insculturada. Fracturas e diaclasas atravesan o soporte que recibe sedimentación pola parte alta situada ó N. A vexetación é de piñeiros, silva, toxos e herbáceas. Accédese dende o barrio da Bouzavella ata o monumento aos "Mártires do Mar", ou ben polo camiño que dende as últimas casas da beira sur de Monteferro nos conduce ata o mesmo petroglifo. A superficie gravada é de 3,90x2,20 m cunha notable erosión (vento, auga, salitre) de tódolos motivos, que pasamos a indicar.



Monteferro (Panxón). Óllanse as coviñas, á dereita no interior de dous círculos concéntricos. Á esquerda un dos podomorfos cos díxitos ben diferenciados.

(25) COSTAS GOBERNA, F.J., DOMÍNGUEZ PÉREZ, M., RODRÍGUEZ SOBRAL, J.M.: Op. cit.

Comezando polo extremo N, hai un rebaixe rectangular de 19x26; a continuación unha zona de microcoviñas de 2 cm de ancho e fondo mínimo, con outras que teñen entre 13 cm de diámetro e 3 de fondo máximo. Os tres podomorfos máis claros miden (incluso díxitos marcados) 20, 21 e 23 cm de longo e 7, 8 e 9 cm de ancho, que equivale a un pé actual que calza o número 37; indicamos isto polo valor antropolóxico que puidese ter.

No extremo S da superficie hai unha coviña illada de 8 cm de diámetro e 3 cm de fondo, lonxe da superficie gravada. Inmediatamente situados ó lado dos motivos sinalados temos dezasete muíños que numeramos do 1 ó 17 e outros dous rebaixes (A e B) que tamén medimos e nomeamos con letras polas dúbidas que ofrecen, tanto no aspecto formal coma pola situación a respecto do grupo dos outros dezasete.

Indicamos as medidas A (ancho) L (longo) e F (fondo) dos elementos que compoñen o muíño: 1 (lugar dende o que supoñemos realizaban a muiñada), 2 (parte central) e 3 (semellante a 1).

	A	L	F		A	L	F		A	L	F			
1)	1	-	-	1,5	2)	1	-	-	2,5	3)	1	-	-	1
	2	18	18	+2		2	22	28	4		2	20	32	4
	3	10,5	10	1		3	16	8	1,5		3	15	15	1,5
4)	1	-	-	1,5	5)	1	18	13	1,5	6)	1	9	24	2,5
	2	20,5	30,5	5		2	18	27	4		2	23	37	6,5
	3	20	14	2		3	3	8	2(a)		3	-	-	-
7)	1	4	9	1	8)	1	6	11	2,5	9)	1	-	-	-
	2	14	17	1,5		2	16	32	5		2	25	29	6
	3	-	-	-		3	9	11	1		3	3	11	19
10)	1	8	12	-2	11)	1	8	13	(b)	12)	1	-	-	-
	2	17	24	3,5		2	21	30	4,5		2	16	24	2,5
	3	16	16	2		3	10	13	2		3	10	11	-1
13)	1	9	10	+1	14)	1	10	14	2	15)	1	7	12	1,5
	2	18	22	5		2	17	25	8		2	18,5	25	4
	3	10	14	3		3	-	-	-		3	13	17	3,5
16)	1	7	(c)		17)	1	8	12	-1					
	2	17	26	4		2	19,5	24	3,5					
	3	14	18	4		3	9	17	2					
A)	1	8	19		B)	1	7	11	2					
	2	17	19	1,5		2	14/18	48	2,3					
	3	12	17	1		3	-	-	1					


(a) Elemento común con 1 de 11. (b) Elemento común con 3 de 5. (c) Indet. 1.

OUTEIRO DA CRUZ DO MORTO (Prado, Morgadáns, Gondomar). Altura: 437 m. Coordenadas: 42° 06' 42" N e 8° 42' 15" O. No punto quilométrico 5 da estrada que vai de Gondomar a Chenlo, á altura dunhas naves de produción de cogomelos, entra un camiño á esquerda. A menos de 100 m emprázase o dito outeiro, poboado de toxo, fento e carrasca; habitada a superficie por brión e carpaza; todo nunha paisaxe de piñeiros por onde desauga a




Chan das Moutas, na que hai identificadas cinco mámoas e temos testemuña oral da desfeita, hai pouco anos, de tres máis para a creación de pastos. A laxe está ameazada polo intensivo traballo dos canteiros que deixaron unha evidente pegada (marca de guillos, cachotes) no que queda do outeiro, actividade que mesmo puido destruír algún muíño. Hai unha escouriación entre os elementos 4, 6 e 3. Varios veciños faláronnos de "marcas de rodas" que non son máis que os oito muíños que procedemos a estudar. En seis deles observamos un estado de uso avanzado, nomeadamente en catro que presentan maiores profundidades de desgaste; dous sitúanse a seguir doutros elementos centrais como abandono dos anteriores e comezo de uso dos novos debido ó desgaste dos primeiros, evidente todo isto no descenso graduado das medidas dos fondos que son mínimos nos elementos 7 e 8, xermolos de muíños observable no lene picado da pedra.

	A	L	F		A	L	F		A	L	F		
1)	1	8	15	+1	2)	1	-	-	3)	1	-	-	
	2	24	39,5	6,5		2	20	37/40		2	20	33/37	
	3	-	-	-		3	-	-		3	-	-	
4)	1	-	-	-	5)	1	9	14	1	6)	1	12	18
	2	22	37	5,5		2	26	30	3,5		2	23	35
	3	-	-	-		3	-	-	-		3	-	-
7)	1	-	-	-	8)	1	-	-	-				
	2	18	18	1,5		2	18	24	-1				
	3	-	-	-		3	-	-	-				



O Outeiro da Cruz do  
Morto (Prado,  
Morgadán, Gondomar).  
Perspectiva fotográfica.


 A Auga da Laxe  
(Vincos).

AUGA DA LAXE. Cota de 431 m. Coordenadas 42° 08' 02" N - 8° 42' 50" O. Descubrimos, polo momento, a pesar das pescudas, o microtopónimo do outeiro; para identificalo ímoslle chamar "Auga da Laxe" que é o nome da estación próxima. Nun soporte granítico equigranular gordo, á sombra dun penedo de medidas considerables, temos unha laxe que sen solución de continuidade forma parte do conxunto granítico rodeado de "alcolitos", algún piñeiro, toxos, fentos e herbáceas. Habitan a laxe, brións e carpazas acompañadas de deposicións equinas e escorrentías de augas, que baixan da masa penedía. Soan as macetas e ciceis da canteira próxima (100 m.), situada ó sur. O camiño achéganos a menos de 100 m., ó outro lado do río (+ 100 m.) temos o extraordinario conxunto da Pedra das Procesiões. Os cachotes poboan a laxe onde se imbrican tres muíños completos -cos tres elementos- orientados no sentido lonxitudinal aproveitando o 10% de pendente cara ó nacente, caída que supoñemos favorecería o labor de muiñada.

	A	L	F		A	L	F		A	L	F			
1)	1	12	22	2,5	2)	1	17	23	2,5	3)	1	13	26	1,5
	2	23	34	6,5		2	27	33	+4		2	30	42	6
	3	13	20	2		3	11	22	2		3	24	30	2

# Minería aurífera romana: do Miñor ó Miño

*XOSÉ M<sup>A</sup> BOUZÓ E XURXO PÉREZ PINTOS*

**A**s explotacións mineiras do que hoxe é Galiza tiveron, en tres xeiras históricas, importancia estratéxica. A primeira na Idade do Bronce, cando a procura do estaño promoveu viaxes fabulosas. Hai restos de mineración prerromana na Serra do Argallo (O Rosal) e nas chairas e abas de Vilachán do Monte (Tomíño). Son zanxas de ata 10 m. de longo e de 3 ou 4 de profundidade, que preservan 2 ou 3 pontes de rocha (xisto) para evitar o colapso do vaciado. O estilo é moi igual ó das explotacións prerromanas do Río Tinto, na provincia de Huelva, consideradas púnicas. Hai unhas décadas estes traballos antigos serviron de indicio para situar as explotacións estanníferas na zona de Vilachán. Fixéronse, pé das zanxas, galerías horizontais de ata 40 metros de lonxitude. O mineral de estaño era lavado no regato das Margueridas. Marguerida é o nome dun grupo de minerais semellantes á mica, que se forman ó depositárense os fluídos portadores de ouro e estaño. Como topónimo aquí e, por exemplo, nas Margueridas do río Lor (hidrónimo aurífero, como o do Louro da Louríña, ou o do Loire francés), pode relacionarse coa minería antiga.

A xente de Vilachán do Monte afirma que esas vellas zanxas, feitas en rochas meta-sedimentarias, chamadas "Siliás" ou "Ensiliás" (polo Rosal chámanlle "Bornas"), foron realizadas polos fenicios, para o estaño, e que outro tipo de vellas minas, chamadas "covas" (son simples esvazados -\*caveum-), foron feitas polos romanos, para o ouro.

Hai na zona de Vilachán-Pinzás varias mámoas. A xente non as ten por "cimiterios dos romanos" como din das da Groba, en Torroña, senón por "minas" ou "bocas de minas", posiblemente pola forte pegada da mineración antiga nesta zona, na tradición popular.

No que se poidera considerar "tradición culta" (dende un punto de vista algo clasista da cultura), M. Murguía afirma que os barcos fenicios aportaban na enseada de Baiona, e ían apañar estaño ó interior.


Na segunda xeira, o ouro serviu para monetarizar a economía do imperio romano, comezada coa instauración do "solidus aureus" por Augusto. Durante alomenos dous séculos, ata a conquista da Dacia por Traxano, Galiza seica foi a fornecedora da maior cantidade de ouro a tal fin requerido. Hai máis de 50 explotacións mineiras romanas nesta zona nos concellos de Tomíño, O Rosal, Oia, Gondomar e Baiona.

A terceira xeira, moi breve, foi a do wolframio, empregado na fabricación de pezas de artillería dos alemáns na Segunda Grande Guerra.

Ouro, estaño e wolframio veñen bater no mesmo: a formación dunha gran cordilleira (chamada Hercínic-Varfscica), hoxe eliminada pola erosión, cando placas litosféricas colisionaron e formaron unha cadea montañosa do tipo tecnicamente coñecido como oroxeno interior. Unha placa litosférica portadora dun continente chocou contra outra


Oróxenos interiores.

Tomado de: J. Brendan Murphy e R. Damian Nance, *Las cordilleras de plegamiento y el ciclo supercontinental*, en Revista de investigación científica. Temas 20, 2<sup>o</sup> trimestre 2000.



como ela; ó chocar, a cortiza oceánica da placa situada ó Oeste introduciuse baixo a placa máis ó Leste; a cortiza oceánica arrastrou con ela sedimentos e auga; cando eses materiais chegaron ó manto, a auga actuou de fundente, e produciu a fusión das rochas; formaríanse así magmas que albergaban os metais; os magmas ascenderon por flotación e solidificaron na vecindade da superficie, formando novo material continental; deses magmas desprenderíanse os metais.

Non adoitan a darse xuntos, en abundancia, o ouro, o estaño e o wolfamio; danse máis como dobres parellas. Estaño e wolframio xuntos é propio de magmas nos que predominan rochas (fundidas, claro) da cortiza continental. Ouro e estaño xuntos é propio de magmas nos que predominan rochas, na mixtela fundida, da cortiza oceánica.




Así, a segunda das combinacións (ouro e estaño) é máis común na zona hoxe costeira da Gallaecia, máis cercana ó lugar onde a cortiza oceánica se introduciu baixo a placa situada ó leste, mentres que a primeira combinación é máis común no interior, pois que alí os magmas orixinados (que darían granitos ó solidificárense) teñen maior compoñente cortical.

Hai miles de millóns de toneladas de ouro na auga do mar. A súa obtención non é rendible, pois está a unha concentración moi baixa (menos de seis partes de ouro por cada billón de auga mariña). En contraste, algúns filóns da zona de O Rosal minerada polos romanos teñen unha concentración dez mil millóns de veces superior. Quérese con isto significar que a mineración se fixo onde, por procesos xeolóxicos particulares, o ouro se concentrou especialmente. Isto ocorre onde intrúen magmas e onde abundan as fracturas na rocha.

A Terra foi como unha pingota de materia fundida. A calor producida pola condensación, a desintegración radiactiva e o impacto de meteoritos fixo líquido o planeta, que sufriu no seu seo unha decantación de materias. Fóronse ó fondo (ó centro da Terra), os máis pesados deles. Ó formarse o núcleo da Terra co máis do ferro e do níquel, marcháronse con eles os elementos afíns (siderófilos): ouro, estaño, wolframio. (A separación dos materiais non foi total. Pénsese que a maior cantidade da auga está na tona exterior da Terra, pero hai algo dela no manto. Aínda que o ouro, o ferro... etc foron ó fondo, algo quedou en superficie).

Así, o ouro e outros elementos metálicos son relativamente escasos na porción exterior da Terra. É necesario un transporte que, dende o interior, onde son relativamente abundantes, o leve onde poida minerarse. Ese transporte fano os magmas.

Cando porcións afundidas do manto ou da cortiza da Terra forman magmas (por exemplo ó introducirse cortiza oceánica baixo un continente, na formación dun oroxeno de colisión), neles ingresan ouro e moitos elementos siderófilos, que son relativamente abundantes no manto.



Manto.

Tomado de: S. Ross Taylor e Scott M. McLennan, *Evolución de la corteza continental*, en Revista de investigación y ciencia, Temas 20, 2º trimestre 2000.

Os magmas, quentes e fluídos, soben a capas externas da cortiza terrestre e, van enfriando ó mesmo tempo que van experimentando menor presión. Pouco e pouco, van solidificando escalonadamente, cristalizando primeiro os minerais de máis alto punto de fusión. Fórmanse os silicatos e, en menor medida, óxidos. Algúns elementos químicos (aluminio, sodio, calcio...) son compatibles con eles; os elementos químicos incompatibles fican no fluído residual no que se transformou o primitivo magma por ese proceso de cristalización fraccionada.

O “fluído residual”, resto do magma, ten agora unha concentración moito máis elevada de metais que non se dan integrado na estrutura dos cristais dos silicatos: ouro, estaño, wolframio, cobre, prata...). Nese fluído quente abundan tamén os cloruros, fluoruros e, sobor de todo, os sulfuros, que fan de ligantes deses metais. O fluído, de gran mobilidade, pode constituír un sistema mineralizador hidrotermal (dunha duración ás veces moi longa). Impulsado pola enerxía térmica, o fluído infiltra-se por roturas, frinchas ou poros das rochas da parte externa da cortiza, nas que se enfría e precipitan os metais. O estaño, por exemplo, ligado como fluoruro, reacciona co osíxeno e forma casiterita, mineral do que se extrae. O ouro depositase como ouro nativo en relación cos sulfuros de ferro e arsénico, e tamén de cobre ( que dan piritita, arsenopiritita, pirrotina, mspiquel...).

As partículas de ouro, case que todas de tamaño inferior ó disterable a ollo nu, albérganse entre os cristais destes minerais, ou no interior destes, nas microroturas que os fendem. Nos depósitos hidrotermais o fluído residual do magma ten auga quente que altera os silicatos da rocha por onde se infiltra, orixinando reaccións que forman cuarzo, con fracturas e cavidades nas que se pode depositar tamén o ouro.

O ouro, xa que logo, provén de magmas do profundo, dos que se evolva e concentra a resultas da cristalización fraccionada, e remata depositando en sistemas de roturas, poros e rachadelas das rochas. O resultado é que, disperso no interior da terra, remata por concentrarse en zonas determinadas, moito menos profundas, que, por erosión, rematan na superficie, ou perto dela, constituíndo os chamados “xácigos primarios”, onde se pode minerar.

Os magmas auríferos formáronse cando a orixe da Panxea.

Imaxínemos un vello océano (anterior ó Atlántico), minúsculo Océano Medio Europeo, situado entre dous



Mapa metaloxénético.  
Fonte: IGME

continentes, un constituído polo que hoxe é África e parte do Sul de Europa, e outro polo que hoxe é o Norte de Europa e Norteamérica.

Nese océano faise acugulando, millóns de anos tras millóns de anos, quilométricas capas de sedimentos procedentes da erosión dos continentes.

Logo, os continentes comezaron a achegarse; e o océano a minguar, conforme se aproximaban un ó outro. Os sedimentos do fondo do océano foron comprimidos e pregados; e os minerais que alí se atopaban foron reorientándose, deformándose e transformándose, dando lugar a outros, orixinando rochas novas, metamórficas. Así se formou a Serra do Galiñeiro, incluída na chamada unidade de Malpica-Tui, banda de rochas metamórficas que percorre Galiza de Norte a Sul.

Doutros materiais sedimentarios alterados pola colisión en menor grao, é dicir, en teor de metamorfismo menor (que aínda permite disterlos sedimentos), orixinouse a banda de rochas metasedimentarias que constitúen o que hoxe é Monte Ferro, Monte Lourido, o Val inferior do río da Groba, a chaira de Pinzás-Vilachán, a Serra do(s) Argallo(s) e, alén do Miño, a Serra da(s) Arga(s)...

Logo houbo un relaxamento na compresión, e os materiais semella que estiraran. Ese xeito de “presión negativa” rachounos en grandes fallas de dirección N-S. Voltou logo a compresión, e os gneis do Galiñeiro e os metasedimentos de Monte Ferro-O Rosal foron repregados. Esta é a coñecida como Terceira Fase da Oroxenia Hercínica.

Nesta fase prodúcese a intrusión, nesas rochas, de granitos procedentes da fusión de materiais máis profundos (nun último termo, debidos ós afundimentos da cortiza oceánica, dunha placa baixo a outra ata acadalo manto, e emitir magmas cara a superficie). Os minerais de granito, afectados pola forza compresiva dun continente contra outro, oriéntanse paralelamente ós pregues que afectan ós materiais nos que se introducen. Son, por exemplo, os granitos de A Groba, nos que a orientación se manifesta como un tenue bandeado.

Na fin desta fase sobe unha segunda tanda de magmas profundos, que consolidaron a traveso das rochas metamórficas e de granitos.

Cada fase de compresión elevou o macizo formándose unha cordilleira, que incluía parte do que hoxe é o Norte de Europa e Norteamérica (da que xa falamos). O macizo (esa cordilleira que se formou dos materiais procedentes do fondo do mar) arrefeceu, e fíxose ríxido; a resposta ás derradeiras forzas tectónicas foi a rotura das rochas. Estas fracturas, e moitas máis antigas, foron aproveitadas para canalizar o ascenso de fluídos residuais procedentes dos magmas que deron os últimos granitos (os non orientados pola carga das forzas oroxénicas, que xa afrouxaran cando estes intruíran). Estes líquidos quentes consolidaron nesas frinchas das rochas e orixinaron unha extensa rede de diques, contendo diversas rochas filonianas (aplitas, pegmatitas, pórfidos, seixo), con diversos minerais, entre eles o ouro.

Máis en detalle, o proceso puido ser así:

A intrusión dun magma, e a súa ulterior cristalización fraccionada, orixinou granitos e ficaron magmas residuais aplíticos e pegmatíticos. O granito, e as rochas metasedimentarias (xistos, etc.) nas que este intruíu, foron fracturados por movementos tectónicos; por estas roturas ascenderon os residuos magmáticos e solidificaron nelas, orixinando masas de granito aplítico e masas de pegmatita (nas que o seixo e o feldespató entran en proporcións seme-

llantes). Despois da cristalización de aplitas e pegmatitas ficou un resto magmático moi acedo, pobre en óxido de aluminio e rico en mineralizacións; nel estaba, concentrado, o ouro. Houbo logo novas roturas, de moderada intensidade, de todos os materiais: dos xistos nos que intruíu o granito, do granito mesmo, e dos enclaves e diques de pegmatita e aplita.


A diferente natureza destes materiais explica que uns fosen máis finamente rachados ca outros. Por esas rachaduras subiu o residuo hidrotermal, ocupando fracturas, frinchas e poros, e solidificou nelas, recheándooas do seixo, mica branca, pirita, arsenopirita, ouro..., que estaban presentes nese residuo.

Aínda ficou un residuo hidrotermal de menos temperatura que, logo dunha nova xeira de fracturación dos materiais, depositou nas novas rachadelas filóns de seixo “estéril”, non portador de mineralizacións.

Logo, moitísimo despois, o gran continente formado pola “soldadura” de outros (a Panxea) fendeu polo medio da cordilleira, case nas portas da Gallaecia, e foise formando o Océano Atlántico.

A erosión arrasou a cordilleira, e deixou as súas “raíces” no exterior e, nelas, os xácigos primarios.

Do anterior despréndese por que os xácigos de ouro non se distribúen ó chou. Poderíase dicir que na Gallaecia do Oeste, os xácigos de ouro danse en rochas situadas na marxe Oeste da banda metamórfica que se estende de Malpica a Tui, que inclúe o Galifeiro (tecnicamente coñecida como “fosa blastomilomática”). Máis en concreto, no SO da Gallaecia o ouro dase nunha zona de rochas graníticas e metasedimentarias fracturadas (e con fracturas recheadas por filóns), que se estenden polos concellos de Nigrán, Gondomar, Baiona, Tomiño, O Rosal, Caminha...(tense chamado “zona de cizallamento” Caminha-Baiona).



Mapaxeolóxico.

Fonte: IGME, 1981.




Segundo A. Bodega, os filóns da zona de Vilachán do Monte e da Serra do Argallo teñen leis de ata 20 g de ouro por tonelada. En Vilachán o ouro dase tamén espaxado en granitos, con leis de ata 1 g por tonelada.


Ó erosionarse os filóns portadores de ouro, este acaba arrastrado ós ríos, que o depositan onde a corrente afrouxa, formando os chamados xácigos secundarios (é dicir, fóra de onde se depositou de primeiras o ouro).

O río Coura é como a imaxe especular do Tamuxe; desemboca no Miño en Camiña. As áreas dese río son auríferas, pois nelas acaba o ouro das rochas erosionadas da Serra da Arga, ela tamén xemelga da Serra do Argallo (tanto o topónimo Arga como Argallo semellan ter orixe nas moreas de estériles da mineración aurífera romana). No concello de Vila Nova da Cerveira, na freguesía de Covas (aquí topónimo aurífero), os romanos argallaron unha singular explotación para minera-lo ouro. No cóbado dun meandro do río fixeron un pozo onde se depositaba o ouro, arrastrado con areas e cascallo como carga de fondo. Perforaron un túnel duns 100 m de longo, 2 m de ancho e unha altura media dun metro oitenta, na base do meandro e, no período estival, a corrente do río era desviada polo túnel. Seco entón o pozo, lavábanse as areas para separar delas o ouro. A explotación chámase “Couço do Monte Furado” (hai na Gallaecia, alomenos, catro explotacións con ese topónimo).

No Baixo Miño fican restos de depósitos de areas auríferas, con coios, deitadas a distintas alturas polo Miño, en diferentes momentos da súa actividade. Son as terrazas fluviais que foron extensamente mineradas polos romanos. En xeral, o proceso consistía en cavar zanzas, afrouxando o material (“Frías” é un topónimo con frecuencia asociado a este tipo de mineración aurífera), do que se retiraban os coios; logo botábaselle enriba unha enxurrada de auga, que levaba ouro, areas e demais materiais, ata unhas balsas de decantación escalonadas, tapizadas con herba e mato, onde o ouro, moito mais denso que o resto, se depositaba. Todo isto é esquemático de máis, claro.



Río Coura, “Couço” ou furado do Covas,  
Vila Nova de Cerveira, Portugal.



Cortanunha antiga terraza do Miño minerada,  
Salvaterra de Miño.

O resultado, 2000 anos despois, é unha disposición irregular do terreo de non fácil identificación. Por exemplo, logo de máis de 50 anos de que M. Murguía falase de “As Médulas” como mina de ouro romana (e outros antes del, como Jovellanos), Birot e Solé-Sabaris, no maxistral primeiro traballo xeomorfolóxico de Galiza: *Recherches morphologiques dans le Nord-Ouest de la Peninsule Iberique* (1945), confúndese con caprichosas formacións naturais (“cheminées de fées”) e para o lago de Carucedo (“barrage operé par un enorme cone de deyection”). Ou nun estudio sobor das fortificacións da provincia de Pontevedra, tomouse a mina romana de Ribademiño, en Fillaboa, xa coñecida por Schultz, por un castelo de campaña inconcluso de cando a guerra de independencia portuguesa. Ou, máis recentemente, nun libro sobre a morfoloxía de Galiza, interprétanse como depósitos naturais os estériles da mina de Tioira (estudiada por Colmeiro), na depresión de Maceda.

Nun terreo aluvial miñoto, a presenza dun xeito de pináculos (co piricoto, aínda que pequeno, plano) que dende algún punto de observación teñen perfil triangular; de zaxas, máis ou menos atufadas; de covas con sección semicircular (eran galerías de prospección); ou de amoreamentos de coios grandes, declina unha mina romana. Habería que buscar, arriba dela, o depósito de auga (“depósito de explotación”) e, aínda máis arriba, quizabes haberá un “depósito de almacenamento”. Podería buscarse tamén a conducción de auga.

O ouro dos xácigos primarios pode darse en filóns cuarzosos ou en enxames de pequenos filóns, ou espaxados nos poros da rocha (“stockwork”).

Os romanos mineraron os xacementos filonianos con galerías e pozos, chamados xenericamente Siliás. Hoxe as siliás (tamén chamadas “bornas”, como no “Monte das Bornas”, no Rosal) adivíñanse na paisaxe pola presenza de hérbidos (*Arbutus unedo*) ou salgueiros, que tupen as bocas. Algunhas superan os 14 metros de profundidade; a partir dese punto a angostura do pozo quere de xente máis miúda. Os restos de escombros de mineración (os chamados “argallos”) son, na actualidade, pouco notorios pola masiva “repopoación forestal”.

Os xacementos en enxames de filóns (stockwork) mineráronos os romanos en explotacións tipo “corta a ceo aberto”. Como, para dicilo rápido, na famosa “Mina da Toca” no Courel. Só coñecemos dous deste tipo nesta zona: un de grandes dimensións, en “As Bornas”, polo “Niño do Corvo” (O Rosal), e outra de menores dimensións, pé do río Groba, en Urgal (Concello de Baiona), que, a pesar de ser unha explotación a ceo aberto, dan en chamar “A Cova”. Pódese aínda seguir a canle de conducción de auga, e aínda se distingue o depósito de explotación.


Os diques pegmatíticos e pegmatíticos impregnados de mineralizacións auríferas foron explotados a lume e auga. Logo de quentada a rocha cunha fogueira deixábase caír nela auga, e a contracción brusca facilitaba a extracción de fragmentos que debían ser finamente triturados, moidos...e logo sometidos a copelación.

O resultado son simples vaciados do dique; a esa cavidade fai referencia o seu nome, practicamente sempre “cova”. Un conxunto notable formado por tres “covas” (Cova do Loureiro, Cova do Regueiro do Penedo, Cova da Presa da Auga) en Vilachán do Monte tiña un depósito de explotación común, hoxe ocupado por un depósito de auga para a loita contra o lume.


Os fluídos hidrotermais portadores de ouro, cando penetran polas fracturas da rocha poden alterala severamente.

En Pinzás, ó pé do “Regato da Gata”, os fluídos hidrotermais auríferos que se dispersaron en poros e pequenas fracturas dun corpo granítico alteraron o feldespato deste ata transformalo nun mineral arxiloso, o caolín; este esfarelou a rocha, que perdeu a consistencia nativa.

Os romanos fixeron alí a máis orixinal explotación da zona, o “Burato dos Mouros”. Moi esquematicamente, consiste nunha zanxa axial (AB), duns 150 m. Partindo de B, fan esmizuzando a rocha (que, moi alterada, déixase facer



Regato da Gata.



doadamente), para logo evacuala cun xorro de auga cara á canle AB; logo decantaríase o ouro, sendo os estériles espaxados polo Regato da Gata abaixo. Como resultado ficou o vaciado C; logo fíxose o mesmo en D, E, etc... Da outra banda do Regato da Gata hai outra explotación, algo menor.

Consérvase perfectamente (algo colmatado) o depósito de explotación. O embalsamento primitivo da auga estaba no "Alto das Pozas", xa na Groba. Afnda se conserva a "gata": unha conducción, feita en pedra, que levaba a auga dende o Alto das Pozas ata as explotacións do Burato dos Mouros.

Un dos aspectos máis suxerentes da minería antiga é a súa inserción na tradición local. Outro é o da toponimia, na que a mineración ten deixado ampla pegada.


A mineración do ouro, como se ten demostrado no Courel, o Bolo, San Trocado, As Médulas... debeu ter condicionado a distribución de asentamentos humanos (o enclave dalgúns castros ten de estar en relación coas minas de ouro).


Outro aspecto interesante son as lendas e crenzas arredor destas Silias, Covas e Buracos. As Silias, perto do Miño, levan baixo terra á outra beira do río; xente tentou entrar nelas e todos tiveron que voltar xa que faltaba o aire para respirar e mesmo morría o lume dos fachos por falta de osíxeno. Son o "Burato dos Mouros", e tamén a "Barriga da Besta", bocas do trasmundo, vivenda de escuras personaxes. Nas Silias do Valmao din que había un trono (silla) de ouro que fora de Dona Urraca, quen tería estado presa no Castelo do Monte Lousado.


Adxúntase a localización aproximada nos mapas de 1: 25.000 do IGME, dalgúns das explotacións mineiras que coñecemos, o seu nome, o tipo de xácigo e de explotación. Para localizalos sobre o terreo, o mellor é achegarse ó núcleo máis próximo habitado, e preguntar pola explotación dando o seu nome. En xeral son coñecidas pola xente de máis idade, que viviu en contacto co monte cando a forza da agricultura tradicional. Dalgúns, como as Enxillas de Pena Furada ou das Verduriñas, moi metidas na serra, moi pouca xente sabe.


1. As Medas.
2. Os Castros.
3. Lago.
4. Os Foxos.
5. Os Medos.
6. Enxilla de Outón.
7. Enxilla do Marco.
8. O Socavón ou A Mina.
- 9-19. Enxillas de A Mina.
20. A Borna.
21. Cova do Fío do Monte.
22. Cova dos Mouros.
23. Cova do Ferro.
24. Cova do Curral.
25. Enxilla da Pena Furada.
26. ¿?
27. Enxilla de Verduriñas.
28. Sirlas de Chaqueda.
29. Sirlas de Curro.
30. Sirlas de Boca da Sobrelra.

31. Cova do Regueiro do Penedo.
32. Cova da Presa da Auga.
33. Cova do Loureiro.
34. Cova da Vela.
35. ¿?
36. O Burato dos Mouros.
- 37-38. ¿?
39. ¿?
40. Río Frío.
41. ¿?
42. A Groba.
43. A Mina da Moura.
44. A Cova.
45. Fonte do Ouro.
46. A Telleira.
47. Silla de Reínosa.
48. Sillas do Cu do Cesto.
49. Sillas da Madalena.
50. Sillas de Valmao.
51. ¿?











# Antonio Palacios en Nigrán: A procura dunha arquitectura de raíces galegas

Xosé M<sup>a</sup> Ramón Iglesias Veiga

No Concello de Nigrán localízanse tres obras do arquitecto porriñés Antonio Palacios Ramilo (1874-1945), significativas dunha variante da súa creación na que busca definir unha arquitectura de contidos vernáculos: o templo Votivo do Mar de Panxón e os chalés proxectados para o caricaturista “Sileno” e Celso Méndez na zona residencial de praia Lourido (hoxe América). Esta variante enmárcase –dende unha interpretación moi persoal– no contexto do rexionalismo arquitectónico, tendencia de fonda presenza no confuso e complexo panorama da arquitectura española de principios do século XX. Aparece na obra de Palacios despois dun recoñecido éxito profesional en Madrid, do que son mostra o Palacio de Comunicacións (1904), Hospital de Maudes (1908), Banco Español do Río da Prata (1910, hoxe Central-Hispano) e unha serie de audaces edificios comerciais que lle proporcionaron unha gran sona<sup>(1)</sup>. Nesta etapa inicial a súa obra amosa un carácter progresista en relación coas correntes arquitectónicas do momento. Un arquitecto pouco convencional que, cunha actitude ecléctica, acumula na súa obra as máis diversas influencias, entre as que se atopan aquelas que se relacionan coa busca dun estilo nacional e outras que proceden da *Sezession* vienesa ou da arquitectura americana. Non obstante, nalgunha das obras galegas do primeiro período déixase levar por un maior convencionalismo, como acontece no teatro García Barbón (1913) de Vigo ou na obra proxectada no balneario de Mondariz<sup>(2)</sup>.

Na evolución da súa obra amosa Palacios unha traxectoria que se vai distanciando do camiño cara á modernidade que inicia a arquitectura española da man da chamada *xeración de 1925*. Cambio de sensibilidade que se manifesta na segunda metade da década de 1920 cun primeiro acercamento á moderna arquitectura europea, abríndose un camiño de renovación e ruptura coa práctica arquitectónica precedente<sup>(3)</sup> que se afianza partir de 1930 coa presenza das primeiras experiencias racionalistas impulsadas polos membros novos do GATEPAC. A presenza desta elite racionalista non supón a desaparición dunha cultura arquitectónica conservadora, que permanece como dominante no gusto

(1) Vid. GONZÁLEZ AMEZQUETA, A., “La arquitectura de Antonio Palacios” en *Revista Nacional de Arquitectura*, nº 106, 1967; PÉREZ ROJAS, F. J., “Antonio Palacios y Joaquín Otamendi” en *Arquitectura madrileña de la primera mitad del siglo XX*, Madrid, C. de Cultura, Concello de Madrid, 1987.

(2) SÁNCHEZ GARCÍA, J. A., *La arquitectura teatral en Galicia*, A Coruña, Fund. Barrié de la Maza, 1997, páxs. 329-343; Vid. sobre o conxunto da obra galega: IGLESIAS VEIGA, X. M<sup>a</sup> R., *Antonio Palacios. Arquitecto. De O Porriño a Galicia*, Pontevedra, Deputación Provincial, 1993; *Antonio Palacios, A pedra, o país, a arte, o urbanismo...*, Vigo, Ir Indo, 1995; “Renovación e tradición: arquitectura de Antonio Palacios en Galicia” en *Arquitecto Antonio Palacios (1874-1945)*, Santiago, Xunta de Galicia, 1998, páxs. 24-41.

(3) Sobre a xeración de 1925, que actúa de ponte cara ás primeiras formulacións racionalistas, véxase: DIÉGUEZ PATAO, S., *La generación de 25. Primera arquitectura moderna en Madrid*, Madrid, Cátedra, 1997.

da clientela burguesa e na maioría dos profesionais, sobre todo nos xa consagrados. Neste contexto –quizais como reacción– Palacios acentúa unha xa manifestada tendencia a unha evolución cada vez máis persoal, buscando unha arquitectura idealizada que atopa en Galicia a posibilidade de concretarse. Dende un posicionamento estético tradicional que considera a arquitectura como un obxecto artístico, como a primeira entre as belas artes, rexeita a teoría da vangarda, aquela que propugnaba a ruptura definitiva coa historia e a presenza dunha linguaxe universal e estandarizada. Sen embargo, mantendo esa actitude, amósase como un arquitecto heterodoxo que tampouco segue a práctica daqueles que maioritariamente permaneceron na opción conservadora. Rexeita os convencionalismos e unha arquitectura baseada na mímese e na cita, propondo unha renovación da tradición que fundamenta nun exercicio de creación persoal e na experimentación coas formas e coas posibilidades expresivas e plásticas dos materiais. Ó longo da súa obra o seu espírito ecléctico permitiulle acumular referencias tomadas de variados contextos para fundilas, cunha poderosa imaxinación, nunha creación complexa e rica en matices que se resiste a ser clasificada dentro de parámetros convencionais. Esta acumulación de fragmentos de experiencias diversas e incluso contrapostas<sup>(4)</sup> maniféstase tamén no campo urbanístico. No proxecto de Ensanche e Reforma Interior de Vigo (1932) asume o concepto de zonificación da moderna urbanística do seu tempo, mentres que na zona administrativa (o centro urbano) segue propostas tradicionais ligadas a Camilo Sitte.

A partir do proxecto do Círculo de Belas Artes (1919) de Madrid, tralas primeiras críticas, intensifica a relación con Galicia, buscando concretar unha arquitectura de idealizada poética persoal. Unha arquitectura de raíces galegas que só considera válida para o espacio situado fóra do ambiente cosmopolita do centro urbano, aplicándoa á temática relixiosa, vivenda residencial, barriadas obreiras e incluso á edificación de tipo industrial, como sucede na central eléctrica do Tambre (Noia). Coa procura dunha arquitectura de contidos vernáculos, ensaiada por primeira vez no proxecto da Igrexa da Encarnación de Celanova (1918, non executado) e na casa do Concello do Porriño (1919), Palacios, dende unha opción moi particular, conecta co rexionalismo arquitectónico, tendencia que se expresaba con forza dende o inicio da década de 1910 nalgúns zonas da xeografía española, en especial nos focos cántabro, sevillano e vasco. O rexionalismo arquitectónico xurdira en España no ambiente de crise e rexeneración que provoca o desastre cubano de 1898. Neste complexo ambiente de busca de identidade da cultura española aparece na arquitectura unha opción que, reaccionando contra a presenza de formas internacionais, tenta concretar unha linguaxe especificamente hispana, un estilo español. Fundindo as súas raíces na argumentación que o historicismo romántico fixera dalgúns dos estilos do pasado como representativos do espírito de cada nacionalidade, atopa no plateresco ese nostálxico referente histórico, xa que continúa os valores necesarios ó ser unha expresión peculiar española do período renacentista. Os profesionais que se suman a esta tendencia tradicionalista recollen daqueles estilos de particular expresión en España, especialmente do plateresco de Gil de Hotañón, repertorios ornamen-

(4). GONZÁLEZ AMEZQUETA, A., “Unha nova ollada á obra de Antonio Palacios” en *Arquitecto Antonio Palacios (1874-1945)*, op. cit., páxs. 14-23.

tais para vertelos en edificios de tradición ecléctica. Derivado deste tradicionalismo arquitectónico xorden os rexionalismos, que adoptan unha metodoloxía similar, buscando no pasado local, nos estilos de peculiar desenvolvemento en cada rexión ou na arquitectura popular contidos vernáculos que provoquen na obra arquitectónica unha aparencia de propio. O arquitecto porriñés amosa no Palacio de Comunicacións (1904-1918) o carácter *heterodoxo* da súa aproximación á corrente tradicionalista, xa que baixo unha aparente lectura neoplateresca, aparecen outros contidos de maior modernidade, como as referencias ó modernismo vienés, en especial a Otto Wagner, ou a importancia concedida ós novos materiais en funcións constructivas e expresivas.

O rexionalismo foi unha das últimas expresións do espírito ecléctico que, procedente do século XIX, se prolonga na arquitectura española das primeiras décadas do XX. Esa actitude supuxera durante moito tempo para o arquitecto a liberdade de interpretación do clasicismo ou doutras formas xeradas ó longo da historia, e incluso das interpretacións deses referentes noutros lugares. No seu desenvolvemento o rexionalismo entra en conflito cos posicionamentos dunha elite que abre o camiño ás primeiras manifestacións racionalistas, recibindo unha forte crítica. Trala implantación definitiva do movemento moderno o rexionalismo sufriu –como outras formas de expresión de carácter ecléctico– o rexeitamento historiográfico. Nos últimos anos, estudos centrados na cultura arquitectónica deste período<sup>(5)</sup> e nos principais representantes dos diversos focos rexionalistas<sup>(6)</sup> (Rucabado, Smitt de Ibarra, Anibal González, etc.) foron recuperando esta tendencia da postergación na que caera, para situala en relación co variado contexto cultural e social que actuou como demanda e sustento. Neste sentido sinala Pedro Navascués: “En ningún outro campo de expresión, incluyendo el político, se presenta el regionalismo tan matizado y rico como en la arquitectura. El número y calidad de obra producida, su significación y alcance social, la intención del proyecto, su componente artesanal, la diversidad geográfica más allá de las típicas regiones lingüísticas, su participación en la construcción de un nuevo paisaje urbano, etc., hacen del regionalismo arquitectónico un episodio cultural de gran alcance cuyo reconocimiento es preciso reclamar antes quienes todavía no han dejado de ver en ella un cierto pintoresquismo folclórico, marginando como arquitectura *maldita*, todo un legado arquitectónico de gran peso específico, pleno de resonancias políticas, cromáticas, literarias y musicales propias, que sucumbieron ante el empuje arrollador del movimiento moderno<sup>(7)</sup>.” A cuestión da análise desta tendencia

(5) ISAC, A., *Ecléctico y pensamiento arquitectónico en España. Discursos, revistas, congresos 1846-1919*, Granada, Deputación Provincial, 1987.

(6) Vid. NAVASCUÉS PALACIO, P., “Regionalismo y arquitectura en España” en *A.V. Monografías de Arquitectura y vivienda*, núm. 3, Madrid, 1985; VILLAR MOVELLÁN, A., *Arquitectura del regionalismo en Sevilla (1900-1935)*, Sevilla, Deputación Provincial, 1979; PÉREZ ESCOLANO, V., *Anibal González (arquitecto 1876-1929)*, Sevilla, Deputación Provincial, 1973; BASURTO, N., *Leonardo Rucabado y la Arquitectura Montañesa*, Bilbao, Ed. Xarait-COAC, 1986; RODRÍGUEZ LLERA, R., *Arquitectura Regionalista y de lo pintoresco en Santander*, Santander, Deleg. de cultura do Concello, 1988; ÁLVAREZ QUINTANA, C., *Indianos y arquitectura en Asturias (1870-1930)*, Xixón, C.O.A.A.T.A., 1991. MORALES SARO, M<sup>o</sup> C., “La arquitectura montañesa” en *Crítica de Arte*, núm. 1, 1979; Oviedo, *Arquitectura y desarrollo urbano. Del Ecléctico al Movimiento Moderno*, Universidade de Oviedo, 1981; ORDIERES DÍEZ, I., *Eladio Laredo. El historicismo nacionalista en la arquitectura*, Castro Urdiales, 1992; PALIZA MONDUATE, M., *Manuel María Smith de Ibarra arquitecto, 1879-1956*, Deputación Foral de Biscaia, 1988.

(7) NAVASCUÉS PALACIO, P., *Arquitectura española 1808-1914*, Summa Artis, V. XXXV \*\*, Madrid, Espasa Calpe, 1993, páx. 675.

debe centrarse en como responde á demanda ambiental, se en termos de *pastiche* e mímese do pasado ou dende unha creativa relación coa tradición, como a entendeu Palacios. En Galicia, o rexionalismo, tralos inicios de Antonio Palacios e de Gómez Román na versión neobarroca, tivo numerosos continuadores, derivando nunha moda de gran aceptación, sen propor renovacións e investigacións que puidesen liga-los contidos vernáculos cunha linguaxe moderna e universal.

#### A demanda dunha arquitectura de raíces galegas

Para poder entender esta parcela da obra de Palacios é preciso situala no seu contexto, tendo en conta o intenso ambiente de potenciación da cultura galega, que actúa como sustento, ademais da propia situación económica e tecnolóxica do país que, cando Palacios inicia en 1918 esta variante da súa arquitectura, se atopaba moi distante das condicións ás que respondía a complexa teoría do movemento moderno, nacida como resposta á problemática dunha auténtica industrialización. Palacios responde en termos de tradición a unha sociedade tamén tradicional, atrasada no económico, nun momento no que se produce a afirmación do sentir galego. O rexionalismo arquitectónico definiu unha parte importante da paisaxe urbana, sobre todo nas zonas residenciais, como sucede neste concello de Nigrán no espacio de praia América. Este espacio comeza a poboarse de chalés nas primeiras décadas do século XX, adoptando unha tipoloxía que definira Manuel Gómez Román en Vigo para as suntuosas vivendas de residencia burguesa<sup>(8)</sup>. Antonio Palacios opta na variante rexionalista da súa obra en Galicia por un neomedievalismo de interpretación moi persoal que a penas tivo seguidores, mentres que Gómez Román recolle contidos do barroco de placas compostelán e da arquitectura de pazo, definindo un rexionalismo ó que tamén se suman arquitectos como Jenaro de la Fuente Álvarez, José María Banet, Antonio Cominges, Emilio Salgado Urtiaga, Juan Argentí, etc. No propio edificio do Concello de Nigrán, proxectado por Fernando Gallego en 1954, vemos reflectida a imaxe desta tendencia arquitectónica, aínda que cun carácter moi tardío, xa que neses anos se recobraba o contacto co movemento moderno perdido por causa da guerra civil.

“A arquitectura non é simple arte que se exerce con máis ou menos éxito; é unha manifestación social. Se queremos saber por que certas cousas son como son na nosa arquitectura, debemos mirar ó pobo; porque o conxunto dos nosos edificios é unha imaxe do conxunto do noso pobo, aínda que un por un sexan imaxes individuais daqueles ós que como clase o pobo delegou e confiou o seu poder de construír. Por isto, dende este punto de vista, o estudio crítico da arquitectura convértese, en realidade, nun estudio das condicións sociais que as producen”, sinalaba o arquitecto americano Louis H. Sullivan<sup>(9)</sup>. Neste caso o arranque desta tendencia en Palacios reflicte con claridade a conexión co ambiente de potenciación da cultura propia que impulsa o galeguismo trala creación das Irmandades da Fala en 1916, existindo

(8) GARRIDO RODRÍGUEZ, X., e IGLESIAS VEIGA, X. M<sup>a</sup> R., *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista*, Vigo, Xerais, 1995.

(9) SULLIVAN, L., *Kindergarten Chats*, trad. cast. en *Charlas con un arquitecto*, Buenos Aires, 1957 e recollido por BENEVOLO, Leonardo, *Historia de la arquitectura moderna*, (6<sup>o</sup> ed.) Barcelona, G. Gili, 1990, páxs. 262.

coincidencias nos posicionamentos estéticos cos principais intelectuais do galeguismo e cos pintores que nesas datas tentaban definir unha estética peculiarmente galega. En Vicente Risco e Castelao, principais intelectuais do galeguismo que inflúen no campo artístico, atopamos un posicionamento conservador e pouco aberto en relación coa linguaxe universalizadora das vangardas<sup>(10)</sup>. Castelao, na viaxe que realiza en 1921 a Francia, Bélxica e Alemaña, amósase contrario<sup>(11)</sup> a certas manifestacións da vangarda como o cubismo ou o dadaísmo. Unha actitude similar manifesta Vicente Risco ó contempla-la moderna arquitectura alemana na viaxe<sup>(12)</sup> que efectúa en 1930. Nas conferencias que pronuncia sobre “Arte e Galeguismo” en 1919, Castelao recomenda a mirada á arquitectura de pazo como posible base dun estilo galego de casa de campo<sup>(13)</sup>. Esa mirada ós pazos concorda co interese na súa práctica artística polo ambiente rural e labrego. Castelao acuña o termo despectivo *arquitectura che* para nomear aquelas tipoloxías de vivendas que se implantaban na xeografía galega mimetizando modelos dos focos rexionalistas españois ou formas pintorescas copiadas dos *pattern books* ou libros de repertorio nos que, ademais do xenuíno *cottage* inglés, amosábanse as variantes suízas, alpinas, alsacianas, etc., desa corrente. No pensamento de Otero Pedrayo atopamos tamén referencias dese rexeitamento como protección do mundo rural, depositario dos valores da galeguidade, ante o que se consideraba negativa influencia de ambientes cosmopolitas e urbanos. Nalgúns dos seus escritos<sup>(14)</sup> incide na necesidade de defensa que tiña a casa tradicional, tanto a vivenda labrega como o pazo, amosando a súa amargura pola introducción no campo galego do cemento e dun novo tipo de arquitectura. Otero Pedrayo<sup>(15)</sup> sinala catro etapas nas que o espírito galego se manifestou con intensidade: “E a Galicia chegou a esta maestría en catro momentos do tempo. No céltigo, no románico, no barroco, no romántico”. Antonio Palacios, como Asorey na escultura ou Castelao no deseño gráfico, dirixe a súa mirada a un medioevo nostálxico e idealizado. Manuel Gómez Román e os que o seguen ó barroco de placas santiagués.

Se ben os escritos xerados pola intelectualidade galeguista centrados no campo da arte abordan case en exclusiva a pintura, é posible apreciar como se configura unha demanda ambiental que incide na procura dunha arquitectura diferenciada e entroncada coa terra. Demanda que aparece na prensa ligada ó galeguismo, como *A Nosa Terra, Galicia* ou *El*

(10) Sobre a presenza dun pensamento estético pouco aberto ás correntes de vangarda, véxase: CASTRO, X. Antón, *Nacionalismo y Arte. La vanguardia histórica gallega (1925-1936)*, Sada, Ed. do Castro, 1992.

(11) CASTELAO, A. R., *Castelao. Diario 1921*, Vigo, Galaxia, Museo de Pontevedra, 1977. CASTELAO, A. R., *Castelao. Diario 1921*, Vigo, Galaxia, Museo de Pontevedra, 1977.

(12) RISCO, Vicente, *Mitteleuropa*, Vigo, Galaxia, 1984, páxs. 262-263.

(13) “Labor cultural. Conferencia de Castelao en la Oliva” en *Faro de Vigo*, 10-IV-1919, pág. 1; Trala conferencia de Vigo pronuncia outra na exposición de Imeldo Corral. CASTELAO, A. R., *Arte e galeguismo*, A Coruña. Tip. El Noroeste, 1919.

(14) “Un meu amigo dicía que s’estaba desenrolando unha arquitectura *ché*, do mais abominable: é certo. O tipo da casa labrega e da casa fidalga nas súas infinitas modalidades axustadas á maneira particular de cada terra, está moi necesitada de defensa: pouco a pouco vai entrando no campo -a Galiza vital e o porvir da raza- un xénero de construción cibdadán incómodo, cursi, e feo. Os vellos pazos arruñanse, e menos mal cando quedan en poder de abandono, xa qu’as edras, os érbedos e os niños de mouchos son a fermosa decadencia d’ unha vela arquitectura, mentres os balconillos de cemento, o *portland*, os materiaes innobres, significan, coma deixou demostrado Ruskin, a morte total, o apagamento das sete lámparas da arquitectura.” OTERO PEDRAYO, Ramón, “Encol da Aldeia” en *Nós*, núm. 14, 1-I-1922.

(15) Vid. OTERO PEDRAYO, *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, (1932), Vigo, Galaxia, 1982; *Morte e resurrección*, Ourense, 1932.

*Pueblo Gallego* e tamén naquela que se sae da súa área de influencia como o *Faro de Vigo* ou *Vida Gallega*. As palabras de Fiz Mosteiro na revista *A Nosa Terra* resumen esta situación ambiental, na que se rexeita o foráneo, pero mírase con agrado a metodoloxía empregada noutros focos rexionalistas: “En Cantabria i-en Vasconia cultívase tamén garimosamente o estilo arquitectónico propio do país, e son infinitos os pazos, as escolas e as casas modestas construídas con arreglo ás modernas esixencias da hixiene e do confort e inspiradas na forma, na disposición dos elementos e na decoración, nos modelos máis enxebremente indíxenas. Pois ben, en Galicia, onde a ninguén se lle ocorre edificar una casa galega é posible que se chegue a construír en cántabro ou en vasco, máis os primeiros hoteliños andaluces xa están en pe i-é segurísimo que terán porvir e inzamento no noso chán. Porque o andaluz é o que millor se axeita á sequedade sahariana do ambiente galego, ó brillo cegador do noso sol, ás características meridionais da nosa vida e ô noso flamenquismo inxénito<sup>(16)</sup>”. A prensa e editores como José Cao Moure xogaron un papel determinante na difusión desta tendencia, non só pola publicación de proxectos de Antonio Palacios, Jenaro de la Fuente Álvarez, Manuel Gómez, etc., senón tamén pola divulgación dos valores do patrimonio arquitectónico, facilitando a comprensión dos elementos que a arquitectura rexionalista recolle dos estilos do pasado como referentes do propio. Outras iniciativas confirman esta demanda ambiental. No ano 1921 a revista *Mondariz*, publicación do balneario que dirixe o galeguista Enrique Peinador Lines, promove un concurso de estudos sobre temas de interese para Galicia. Na convocatoria, a arquitectura ocupa un espacio destacado, baixo o epígrafe “antiga casa galega”, solicitándose estudos que deran como resultado “una brillante exposición de obras arquitectónicas caracteristicamente gallegas, la mayor parte aún ignoradas en la misma región y cuyo conocimiento completo, cimentará solidamente los estudios previos absolutamente imprescindibles a los arquitectos gallegos del presente, para elevar sobre ellos la creación de la arquitectura regional de un próximo porvenir<sup>(17)</sup>”. No campo da crítica artística do momento tamén se reflicte esta demanda. Estévez Ortega nas páxinas do seu libro *Arte Gallego* (1930), recoñecendo os intentos de Antonio Palacios, advirte da falta dun estilo propio na arquitectura galega e, nese sentido, o pouco que seducía Compostela ós profesionais galegos, sinalando que o arquitecto porriñés é o indicado para efectuar “la necesaria cruzada para imponer arquitecturalmente un estilo racial<sup>(18)</sup>”. A compracencia será unánime ante os primeiros exemplos dunha arquitectura que na súa aparencia era recoñecida como vernácula. Ramón Cabanillas fará loanza pública na prensa viguesa do proxecto do edificio do Concello de O Porriño, primeiro inmoible construído con esa intencionalidade rexionalista, ó que cualifica como inicio do rexurdimento da arquitectura galega<sup>(19)</sup>. O xornal *El Pueblo Gallego* agradecía, nun artigo editorial publicado o 5 de outubro de 1926, a Palacios e González Villar os intentos por definir unha arquitectura de *características rexionais*: “Rafael González Villar, lo mismo que Antonio Palacios –este nombre no precisa adjetivos– entiende que llegó el instante de

(16) FIZ MOSTEIRO, “O mimetismo arquitectónico” en *A Nosa Terra*, núm. 206, I-IV-1929, pág. 4.

(17) “Bases para el primer concurso de la revista Mondariz...” en *Mondariz*, nº 43, 20-VII-1921.

(18) ESTÉVEZ ORTEGA, E., *Arte Gallego*, Barcelona, Ed. Lux, 1930, páxs. 135-136.

(19) CABANILLAS, Ramón, “Antonio Palacios. O arquitecto poeta” en *Faro de Vigo*, 31-VIII-1918, pág. 1. Nestes anos o poeta residía no Porriño, ó desempeñar dende 1917 o cargo de secretario do veciño concello de Mos.

pensar en darle un serio impulso a la arquitectura de características regionales. (...) A fuer de ser patriotas tributémosle pues ahora un aplauso a Rafael González Villar, por su noble empeño de imposición de la casa gallega, como se lo tributamos ya, a su debido tiempo, por la misma causa al insigne Antonio Palacios. Si así no lo hiciéramos, faltaríamos al más elemental de los deberes". No caso doutros profesionais tamén se expresou este apoio, como sucede co pavillón galego da Exposición Iberoamericana de Sevilla de 1929, último gran escaparate da tendencia rexionalista en España. É significativo como a prensa destaca deste proxecto de Miguel Durán-Salgado e Loriga as fontes de inspiración: o barroco da casa do Cabido e convento de Santa Clara de Santiago para a fachada principal e a tradicional arquitectura de pazo para a posterior. Similares apoios reciben os proxectos da Residencia de Estudiantes de Santiago de Jenaro de la Fuente Álvarez e o Hotel Compostela de Antonio Cominges. Co inicio da década de 1930 a arquitectura galega conecta con correntes internacionais, protagonizando esta renovación na bisbarra viguesa Francisco Castro Represas cun racionalismo heterodoxo con matices expresionistas e *deco* que presenta como peculiaridade o emprego do granito. Neste contexto a demanda dunha arquitectura rexionalista non desapareceu, senón que continuou enraizada nos gustos da burguesía, freando incluso a presenza de solucións renovadoras ligadas ó movemento moderno. Aínda en 1947 o galeguista Valentín Paz Andrade nunha carta<sup>(20)</sup> que envía a Castealo reflicte a permanencia desa demanda e a compracencia coas formas tomadas do barroco compostelán: "Gómez Román vai vello, mais traballa sen acougo. Agora está c-un proieuto de eirexa catedralicia par-a Vigo. Parece que se fará e xa podes supoñer que será un monumento de forte inspiración e outa calidade artística. É dooroso que este home non houbera trazado toda a nova edificación de Vigo, que foi n-esta década moi activa e de gran alento, mais na que puxeron súas pecadoras mans moitos alarifes feitos apresa e por modelos alleos. Sálvase o novo Teatro Fraga, que aínda feito por un arquitecto non galego –Gutiérrez Soto–, revive modernizadas as forzas e motivos do barroco compostelán".

### O contexto artístico e a procura dunha estética de raíces galegas

Ademais da propia evolución da súa obra, na que Palacios acentúa a busca dunha poética persoal diante o novo rumbo que toma a arquitectura do seu tempo, o inicio desta variante rexionalista na súa obra relaciónase cunha aproximación ó ambiente cultural do galeguismo, pero sobre todo coa directa relación do arquitecto porriñés co grupo de pintores e escultores que, imbuídos nese ambiente cultural, buscan concretar unha plástica galega. Intento que parte dun costumismo amable e conservador, centrado nunha temática que resalta aquelas imaxes paisaxísticas, folclóricas, raciais, etc. consideradas como peculiares de Galicia. O interese de Palacios por este ambiente vén da súa práctica pictórica que cultiva privadamente. Proba desta atracción é o feito de que o primeiro artigo da longa serie que publica na súa terra estea dedicado á pintura do seu amigo Fernando Álvarez de Sotomayor<sup>(21)</sup>. Palacios intégrase neste grupo de artistas, liderados por

(20) Carta a Castealo: Vigo, 22-XI-1947. PAZ ANDRADE, V., *Epistolario*. Ed. de Charo Portela Yáñez e Isaac Díaz Pardo, Sada, Ed. do Castro, 1997.

(21) PALACIOS RAMILO, A., "Fernando Álvarez de Sotomayor" en *Vida Gallega*, n° 2, I-II-1909.

Álvarez de Sotomayor e Francisco Llorens, tomando parte activa nas exposicións de “Arte Gallego” coas que, de forma colectiva, se deu a coñecer este intento nas principais cidades galegas, Madrid, Montevideo e Bos Aires. No ano 1912, na primeira que se celebra no Centro Galego de Madrid, asume o proxecto de instalación. En 1917, na celebrada en A Coruña, participa no comité organizador xunto ó seu compañeiro González Villar e os pintores Seijo Rubio, Sotomayor e Llorens. Non é estraño que, tralo éxito de público e crítica da mostra coruñesa e nun momento álxido do galeguismo, Palacios trazara os primeiros proxectos rexionalistas de Celanova (1918) e de O Porriño (1919). Na mostra de A Coruña de 1923 volven a estar presentes no comité organizador Palacios e González Villar. Este último arquitecto comeza a expor proxectos arquitectónicos relacionados con esta tendencia na exposición celebrada en Vigo en 1924. Na de Madrid de 1928, organizada polo xornal *El Herald*, presenta tamén Palacios os planos da igrexa de Celanova. O arquitecto participa en xestións relacionadas coa busca de lugares de exposición permanente da arte galega, integrándose tamén no primeiro padroado do Museo de Castrelos, asumindo, en colaboración con Sánchez Cantón, o primeiro proxecto de distribución de salas<sup>(22)</sup>. Palacios amosa publicamente o seu vencellamento con este grupo de pintores e o seu interese por incidir nunha plástica de contidos vernáculos que se reflicta tamén na arquitectura: “Yo por mi parte no tengo porque ocultar, al contrario lo digo con orgullo, que he contribuido en todo lo que me ha sido posible a ese resurgimiento, organizando, solo, la primera exposición de Arte Gallego en Madrid y con la inapreciable colaboración de Sotomayor y Llorens la memorable exposición de La Coruña y otras en América.(...) Para el fomento de nuestra arquitectura pronuncié también una conferencia en el Ayuntamiento de La Coruña y preparé otras para las que he sido amablemente invitado en los Centros Gallegos de Barcelona y Madrid. Pero afortunadamente, esta labor tiene otros más constantes campeones<sup>(23)</sup>...”.

Na busca de referentes para esta variante da súa arquitectura, Palacios intégrase nunha das actividades propias da erudición galega neste momento, como é o estudo do patrimonio arquitectónico propio. Sen embargo, no acercamento ó pasado a súa actitude non é de estudio sistemático e erudito, na liña de López Ferreiro, Marcelo Macías, Folgar Sampedro, Couselo Bouzas, Ángel del Castillo, etc. Como sucede cando se aproxima ás correntes arquitectónicas da súa época das que toma fragmentos, no seu acercamento ós grandes monumentos galegos e do norte de Portugal recolle sensacións, tanto do conxunto da obra como aquelas solucións arquitectónicas ou decorativas que impactan na súa retina. Estas notas aparecen despois, cun interese divulgativo, nunha longa serie de artigos que publica na prensa galega sobre o pórtico da Gloria, os mosteiros de Armenteira e Oseira, Pórtico do Paraíso e catedral de Ourense, Hospital Real da praza do Obradoiro en Santiago, etc. No ano 1925 denuncia a través dun artigo publicado en *El Pueblo Gallego* e na revista *Vida Gallega* o lamentable estado de conservación do patrimonio arquitectónico galego e o pouco interese que espertaba nas autoridades a súa conservación<sup>(24)</sup>. Pala-

(22) Vid. IGLESIAS VEIGA, J. M<sup>a</sup> R. “Antonio Palacios, a divulgación dunha plástica peculiarmente galega” en *Olea europaea*, núm. 2, 1995, páxs. 17-20.

(23) PALACIOS RAMILO, A., “La conservación de nuestro tesoro artístico regional”, *Vida Gallega*, nº 268, 25-I-1925; *El Pueblo Gallego*, 1-I-1925, páx. 2



cios inicia unha auténtica campaña de promoción na prensa, na que, ademais do grupo de artigos dedicados ó patrimonio arquitectónico, aparecen outros relacionados cos seus propios proxectos, coa arqueoloxía, viaxes, teorías xeolóxicas, etc. A prensa galega, en especial a viguesa, dará acollida preferente a estes artigos e fará un seguimento continuado das súas principais obras, mitificando ó arquitecto. Palacios aproveita esta mitificación para tentar levar a cabo, ademais dos grandes proxectos urbanísticos, a súa idealizada arquitectura de contidos vernáculos, liberándose da presión do gusto do cliente e de construír no centro urbano. Bastará a máis mínima insinuación para redacta-los proxectos de forma gratuíta e contaxia-lo seu entusiasmo ás colectividades ou filántropos que as tiñan que financiar, como sucede na Virxe da Roca, Casa do Concello de O Porriño e na case totalidade dos proxectos de temática relixiosa.

A aproximación de Palacios á tendencia rexionalista prodúcese dunha forma moi particular<sup>(25)</sup>, distanciándose do que en moitas ocasións foi método na expresión desta tendencia: unha superficial lectura da historia que recolle repertorios ornamentais de fácil lectura por parte dos potenciais clientes. Opta por reconducir a tradición, mediante a experimentación coas formas e cos materiais para dotar a estas obras dunha forte expresividade. Se ben recolle como ingrediente elementos dun nostálxico medievo galego e dos sistemas constructivos tradicionais, na súa plasmación na obra intuimos a fusión de fragmentos doutras experiencias: unha mirada á metodoloxía de Gaudí ou Richardson, un primitivismo expresionista que está presente na plástica galega da década de 1930, pasaxes do teórico de Ruskin, unha certa asimilación do gusto pintoresco inglés, etc. Nunha breve entrevista que concede trala morte de Gaudí, Palacios ademais de amosa-la fascinación pola creación do mestre catalán, destaca nela ingredientes que tamén el pretende para esta parcela da súa arquitectura: simbolismo, orixinalidade, selo persoal, exclusividade, etc<sup>(26)</sup>.

### O templo Votivo do Mar de Panxón

O templo de Panxón (1932-1937) é o primeiro proxecto da serie de temática relixiosa que en Galicia logra ver construído. Sen embargo, os seus antecedentes remóntanse ó ano 1918 no que o arquitecto, co proxecto da Encarnación de Celanova, define as liñas básicas do que será esta arquitectura. A tendencia de ligar arquitectura cun simbolismo de carácter vernáculo xa aparecía nalgunha das primeiras obras galegas. Así na Fonte do Cristo do Porriño (1904) parece estar presente unha mirada ás tradicionais fontes barrocas galegas. No proxecto da Virxe da Roca a referencia á historia local acentúase, xa que, ademais do tema da Virxe como protectora dos homes do mar, o arquitecto centra no monumento toda unha simboloxía relacionada co feito de ser Baiona o primeiro porto europeo no que se tivo coñecemento do descubrimento de América coa arribada de Martín Alonso Pinzón. Feito que se reflicte no proxecto orixinal na carabela co velame despregado que sustiña a Virxe na súa man e no


(24) *Ibidem*.

(25) Sobre a variante rexionalista da obra de Palacios, vid. IGLESIAS VEIGA, X. M<sup>a</sup> R., "Contenidos regionalistas en la arquitectura de Antonio Palacios en Galicia" en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie VII, Historia del Arte, Tomo, 7, Madrid, 1994, páxs. 383-418; *Antonio Palacios. De O Porriño a Galicia*, op. cit., páxs. 141-224.


(26) "El arquitecto catalán Gaudí y su obra" en *El Pueblo Gallego*, 12-VI-1926, pág. 1.

deseño da súa coroa que imitaba á da Raíña Católica. No templo de Panxón volvemos atopar ese simbolismo dunha forma destacada, xa que o tema do descubrimento de América aparece na decoración de mosaicos da ábsida.

Unha parte da expresividade da linguaxe proposta para o templo de Panxón céntrase na presentación brutalista e rugosa do granito. Unha interpretación persoal da mirada que dirixe á arquitectura popular e ó expresivo muro de cachotería galego. Na carta que remite ó párroco Jesús Espinosa acompañando ó anteproxecto retoma cuestións que, en relación co tratamento dos paramentos pétreos, xa estaban definidas no proxecto non realizado da igrexa da Encarnación de Celanova. Nesta carta tamén sinala a súa intención de emparentar coa arquitectura galega medieval: “Como verán he adoptado las dimensiones que ahí hemos acordado, de una superficie para la Iglesia de trescientos metros cuadrados, habiéndome yo limitado en las alturas a las absolutamente imprescindibles a la buena proporción aun adoptando las características de nuestra arquitectura regional del siglo XII que permitía una elevación no excesiva; en cuanto a la ejecución de estos muros, arcos, pilares, etc., he adoptado como ya adelanté a Uds., un estilo de una sobriedad absoluta, en hiladas de alturas diversas, mampostería ordinaria para los elementos pasivos o de rellenos y aun para los elementos resistentes de ángulos, arcos, etc. La piedra tosca, de cualquier dimensión, de cualquier color y procedencia, con la cual se pueden aprovechar materiales de derribos, que, en su conjunto,



Templo Votivo do Mar de Panxón. Fachada principal, 1932-1937. (Foto: Xaime Garrido).



Templo Votivo do Mar de Panxón. Vista lateral coa casa rectoral, 1932-1937. (Foto: Xalme Garrido).

darán un carácter máis expresivo a la construcción, consiguiendo de paso la máxima economía deseada<sup>(27)</sup>". No Hospital de Maudes ou de Xornaleiros de Madrid (1908-1916) aparecían os antecedentes deste interese de Palacios polo tratamento rudo e expresivo da pedra. Tamén nel, como no interior do templo de Panxón, reflíctese o gusto polos xogos cromáticos, mesturando a riqueza textural da pedra coa cor da cerámica. Daniel Zuloaga sería o autor da cerámica desta obra madrileña. Na mente do arquitecto ó traza-lo anteproxecto de Panxón estivo presente unha solución utilizada na igrexa de Maudes, propondo unha cúpula similar coa plementería de cristal tallado que non se chegou a executar: "... Toda la vidriería así de los ventanales como de la cúpula en losetas gruesas de cristal tallado, armadas con varillas y hormigón, darán al conjunto una gran brillantez; estos elementos de cristal tendrán la ventaja de que su gran resistencia (ordinariamente se emplean para solados) permitirán una conservación perfecta a prueba de los temporales de viento y agua que he podido apreciar allí; la cúpula de este mismo material sobre arcos dará al templo una conveniente modernidad sin desarmar del estilo adoptado<sup>(28)</sup>".

(27) ARQUIVO DE APOSTOLADO DO MAR (A.A.M.) Correspondencia entre A. Palacios e Jesús Espinosa. Carta de Palacios: Málaga, 3-II-1932.

(28) *Ibidem*.


Outro ingrediente básico da linguaxe proposta no templo de Panxón é a importancia concedida ó tratamento dos volumes, neste caso presentados de forma compacta, seguindo unha imaxe idealizada das catedrais fortaleza galegas e do norte de Portugal. No proxecto de Celanova xa estaba presente esta fonte de inspiración. Na memoria Palacios sinala: “Finalmente y para terminar estas notas de carácter general, señalaré que dispongo en la coronación de la torre y terminación del imafronte, el galleguísimo almenaje apuntado, recordando su adopción el de las iglesias fortificadas de otros tiempos, en que servía de efectiva defensa, entonces necesaria a todos; hoy representan la firme fe, espiritual defensa, de nuestras tradiciones. Así tiene este aspecto extremadamente bello, poético y evocador, la catedral de Tuy, la See Velha de Coimbra, entre otras tantas iglesias del noroeste de la Península<sup>(29)</sup>”. En Panxón o conxunto e a súa fachada principal co corpo avanzado que acolle o acceso principal recorda ás catedrais citadas. O propio arquitecto sinala que na concepción deste templo ademais de tomar como referencia as catedrais de Tui, Ourense e Coimbra, seguiu a reconstrucción da imaxe medieval da catedral de Santiago realizada por Kenneth John Conant con motivo do estudio que efectuara da basílica compostelá<sup>(30)</sup>.

En Panxón o arquitecto depura o virtuoso decorativismo do que fai gala no edificio do Concello de Porriño (1919-1924), primeiro proxecto destas características que Antonio Palacios logra ver construído. Xa neses anos o arquitecto lograra concreta-la peculiar linguaxe brutalista do granito nas instalacións complementarias da central eléctrica do Tambre, nas proximidades de Noia, concibindo o edificio principal cun aspecto totalmente rústico que recorda a unha vella ermida románica. Na casa do Concello do Porriño están presentes solucións que adquiren un maior protagonismo no templo de Panxón. Aparece a torre como elemento emblemático e definidor destas creacións, reforzándose nos ángulos cunha serie de contrafortes graduados que despois alcanzan un gran desenvolvemento no templo de Panxón e na Veracruz do Carballiño. No edificio porriñés concibe toda a zona de ingreso cun tratamento aberto, dirixindo a mirada ó tradicional soportal galego, propio da praza na que se implanta, volvendo a utilizalo en Panxón nunha versión rústica para protexe-los accesos laterais. Se ben nos proxectos posteriores a ornamentación sofre un drástico proceso de depuración, continúan algúns elementos decorativos de procedencia románica, como a serie de arquiños lombardos que decoran a zona das cornixas.


No proxecto non construído do templo da Paz do monte da Gufa de Vigo (1930) atópanse os antecedentes máis directos da obra de Panxón, volvendo a estar presente unha linguaxe de inspiración medieval, marcada por uns compactos volumes e polo tratamento rudo do granito. Na busca dun primitivismo expresionista, presente nas formas tomadas da tradición medieval e no tratamento do granito, acércase Palacios á chamada “estética do granito” dos renovadores da plástica galega da década de 1930. Unha vez definidas as liñas da linguaxe desta obra de temática relixiosa no proxecto de Celanova, o arquitecto introduce en cada un dos seguintes traballos variantes orixinais, non existindo unha reprodución mimética da súa propia creación. No templo da Paz adopta unha orixinal planta con rotonda

(29) ARQUIVO PARROQUIAL DE CELANOVA. Memoria do proxecto da Igrexa da Encarnación. Madrid. 1918.

(30) “Galicia progresiva. La extensión urbana de Panjón y su nueva iglesia parroquial” en *Faro de Vigo*, 26-XI-1932, páx. 3.




Concello de O Porriño, 1919-1924. (Foto: Xaime Garrido).



Alzado do templo da Paz para o monte da Gufa de Vigo, 1930 (*Libro de Oro de la provincia de Pontevedra*).

Bosquexo da planta do templo Votivo do Mar de Panxón, 1932 (*Faro de Vigo*).



central rodeada dun deambulatorio e capelas radiais iguais, agás da principal, de maior superficie, citando como fonte de inspiración á igrexa do Santo Sepulcro de Xerusalén. Referencia que tamén parece estar presente no deseño da rotonda central da complexa planta da Veracruz do Carballiño, na que se intúe unha mirada ó románico das igrexas templarias da Veracruz de Segovia, Eunate e Torres del Río en Navarra, Santo Cristo en Tomar (Portugal), etc. Para Panxón o arquitecto busca unha maior simplicidade da planta, propondo un esquema cruciforme con transepto pouco acusado e unha ábsida poligonal. Presenta, con relación a outros proxectos desta temática, unha fachada con entidade propia, desprazando a torre a un dos laterais. Na Veracruz do Carballiño ou na proposta de igrexa das Salesas Reais de Vigo unha axigantada torre constitúese en fachada principal. O templo de Panxón completábase cun baptisterio integrado na planta, no extremo oposto á torre, e unha casa rectoral pegada a un dos lados da ábsida. Como se comentou, sobre o anteprojecto primitivo o arquitecto varía a solución da cúpula de plementería de cristal, substituíndoa por outra de nervos cruzados de inspiración califal, co que tampouco se distancia da mirada ó románico do conxunto do templo, xa que a influencia musulmana está presente no tratamento das cúpulas dalgunhas igrexas deste estilo, das que é perfecto exemplo a citada de Torres del Río. Neste caso é posible unha certa mirada de Palacios á cúpula da igrexa de Armenteira que o arquitecto coñecía con detalle, xa que publicou un artigo sobre este mosteiro na prensa galega. No proxecto vigués do monte da Guía tamén aparece a proposta dunha decoración de mosaicos na que se mantiña a mirada ó medioevo, posto que recollía a temática das miniaturas dun dos códices das Cantigas de Santa María de Alfonso X para o interior e do Códice Calixtino para a cripta.

As iniciativas para a construción do templo Votivo do Mar de Panxón comezan no ano 1929 ante a insuficiencia e estado de ruína da pequena igrexa de San Xoán de Panxón. Baixo o impulso do párroco Florencio Fajo Pinzás créase unha comisión<sup>(31)</sup> e solicítase a axuda dos veciños para iniciar unha subscripción popular. Tralo pasamento do párroco o bispo nomea en febreiro de 1931 a Jesús Espinosa Rodríguez, que como o arquitecto era orixinario do Porriño. Palacios entra en contacto con esta comisión nunha visita que efectúa á vella igrexa de Panxón, segundo afirma<sup>(32)</sup> o cronista do templo, ó saber polo pintor Antón Medal da existencia dun arco visigótico na vella igrexa de Panxón, se ben o propio arquitecto sinala que o descubriu cando levaba a cabo estudos urbanísticos relacionados co plan comarcal do proxecto de urbanismo de Vigo<sup>(33)</sup>. Coa condición de respectar este arco triunfal situado entre o presbiterio e a nave, promete redactar un proxecto dun novo templo. Poucos anos despois remíte<sup>(34)</sup> ó párroco de Panxón un debuxo e instrucións de cómo se debería face-la conservación deste arco, propondo non altera-la ruína, efectuando unha pequena intervención de consolidación que deixaría en pé a ábsida, arco triunfal e un curto tramo dos muros. En relación coas teorías de restauración amosa un concepto moderno, distinto ó empregado por algúns

(31) A comisión estaba integrada polo párroco e Fernando Costas Avalle, Manuel Domínguez Macaya e Álvaro Mourelle García.

(32) Vid. CRONISTA DEL SANTUARIO DEL MAR, *Panjón, ayer, hoy y mañana*, Vigo, Talleres do Faro de Vigo, 1958. Aporta importantes datos sobre a construción e primeiros anos de vida do templo de Panxón.

(33) "Galicia progresiva..." *art. cit.*

(34) A.A.M., carta de Palacios: Madrid, 17-I-1941.





Foto do interior da vella Igrexa de Panxón co arco visigótico triunfal (*Vida Gallega*).



Plano de urbanización de Panxón, proposto como modelo dentro do Plan Comarcal do proxecto de Ensanche e Reforma Interior de Vigo, 1932. (*Arquivo Municipal de Vigo*).




dos seus profesores na Escola de Madrid, como Velázquez Bosco, Manuel Aníbal Álvarez ou Lampérez, que, seguindo as teorías de Viollet-le-Duc, fixeran nas décadas anteriores restauracións en estilo, alterando partes de edificios tan importantes como San Martiño de Frómista ou da propia catedral de León.

En xaneiro de 1932 Palacios coméntalle por carta a Jesús Espinosa que os planos da igrexa se atrasan a causa dunha doenza da que se espera recuperar en Málaga. Á vez que redacta o proxecto, traza os planos da futura urbanización de Panxón, que inclúe como modelo para as vinte "ciudades-satélite" do seu Plan Comarcal do proxecto de Ensanche e Reforma Interior de Vigo (1932). Palacios, que sempre buscou emprazamentos preferentes para as súas obras, sitúa o templo no eixo visual da avenida central da urbanización proposta, buscando fortes efectos de perspectiva.

Se ben neste proxecto urbanístico de Panxón contempla unha certa zonificación prevalecen criterios tradicionais. Segundo o propio arquitecto, "se someterá en parte a los principios de planeamiento irregular preconizados por Camilo Sitte en su famoso libro *Construcciones de ciudades, según principios artísticos* sin perjuicio de las modernas normas de una perfecta higiene<sup>(35)</sup>". No proxecto da Veracruz do Carballiño (1943) tamén se inclúe a redefinición do espacio no que se implanta o templo. Ó igual que sucede nesta vila ourensá, no que o proceso é case irreversible, iniciouse en Panxón nos últimos anos un proceso de levantar construcións próximas ó templo coas que se pechan as perspectivas de contemplación, impedindo a súa visualización global.


En febreiro de 1932 Palacios remite dende Málaga unha serie de bosquexos do anteprojecto do templo para a súa aprobación, solicitando a súa pronta devolución co fin de concreta-lo proxecto definitivo. O párroco inicia os trámites administrativos, solicitándose a correspondente licenza canónica na que se sinala que o templo será dedicado a Nosa Señora do Carmo<sup>(36)</sup>. No verán de 1933 dáselle o carácter de santuario baixo a denominación de templo Votivo do Mar ou templo Votivo da Virxe do Mar. Con tal motivo Palacios introduce unha nova decoración interior formada polas bandeiras dos 26 departamentos marítimos españois que rodearían o altar maior sobre o que se disporía "una imagen de la Virgen en



Alzado do templo Votivo do Mar de Panxón, 1932. (Revista Nacional de Arquitectura).

(35) "Galicia progresiva..." *art. cit.*

(36) A.A.M., Instancia de solicitude de licenza canónica.



Bosquexo do alzado lateral do templo Volivo do Mar de Panxón, 1932 (*Faro de Vigo*).

pedra policromada de un estilo semi-arcaico, que armonizara con el de la iglesia<sup>(37)</sup>. O arquitecto remata en Málaga en marzo de 1932 o proxecto definitivo, que remite ó seu estudio de Madrid para a súa posta en limpo, comunicándolle a Jesús Espinosa que o importe dos seus honorarios foran destinados a encabeza-la lista da subscripción popular<sup>(38)</sup>. O 4 de novembro de 1932 efectúase unha reunión co motivo de adxudica-las obras na que participa o propio arquitecto, Jesús Espinosa e dous membros da comisión. Como contratistas preséntanse Olegario Dapresa de Vigo, Enrique Pérez Rial da mesma cidade e de forma conxunta José Mogimes Otero de Panxón e Miguel Fraga Núñez de Mañufe, asumindo estes dous últimos as obras, tras manifesta-lo arquitecto que prefería a intervención dun mestre contratista da localidade<sup>(39)</sup>. Pouco tempo despois de iniciada a construción Miguel Fraga abandona a contrata, quedando á fronte das obras José Mogimes Otero, que será peza imprescindible no remate do templo cando o arquitecto quede incomunicado en Madrid a causa do inicio da guerra civil. A primeira pedra do templo colocouse o 27 de novembro de 1932 nun solemne acto no que participa o arquitecto e o bispo Antonio García García.

A finais de 1933 está rematada a ábsida, celebrándose o día 10 de decembro dese mesmo ano a primeira misa. Ata o inicio da guerra civil a correspondencia entre Jesús Espinosa e o arquitecto suplirá a presenza constante deste último a pé de obra. Estas cartas expresan a forma intuitiva de traballar de Palacios. Están escritas con rapidez e cheas de pequenos debuxos cos que ilustra as diversas recomendacións que lle dá ó constructor. Nelas

(37) A.A.M., carta de Palacios: 2-IX-1933.

(38) A.A.M., cartas de Palacios: Málaga, 7-III-1932, 3-IV-1932, Madrid: 8-VII-1932.

(39) A.A.M., acta da reunión, 4-XI-1932.

aporta novas ideas, solucións constructivas, datos e presupostos sobre os materiais máis baratos ou que mellor se adaptan á obra, aparecendo tamén a preocupación polo financiamento da construción. Remite a tamaño natural numerosos debuxos de elementos do templo. A abundante correspondencia reflicte a preocupación do arquitecto polos máis mínimos detalles: ordenación iconográfica, decoración, deseños de altar ou confesionarios, etc., amosándose inflexible ante calquera posible alteración do proxecto, incluso naqueles aspectos que afectan á ordenación iconográfica do templo<sup>(40)</sup>. Coa construción da ábsida define o sistema de vidreiras, que presenta a orixinalidade de estar executadas en todo o templo con lousas de cristal, incluso no rosetón da fachada principal. Un material moderno e estandarizado que Palacios integra nun edificio de roupaxe historicista. Como foi habitual na obra o arquitecto detalla nunha carta como se debe proceder: "Convendrá hacer el armado en el suelo (acaso haciendo unos moldes de madera del tamaño de cada vidriera) y una vez colocadas las varillas y fraguado el hormigón elevarlas para recibirlas en su sitio. En las partes más macizas se dejarán unos agujeros grandes para ventilación pero procurando que sean oblicuos para que no entre la lluvia<sup>(41)</sup>...". En relación con este tema destaca a orixinalidade do remate dos paramentos do transepto, xa que, en vez de situar neles accesos ó templo, separa o muro de pechamento para colocar unha vidreira de lousas de pavés en forma de arco coa que ilumina os altares laterais.

En maio de 1935 traballa José Mogimes no cruceiro, remitíndolle Palacios por carta instrucións precisas para inicia-la cúpula: "Me parece conveniente el que se construyan primero las bóvedas que rodean los arcos torales en que aquélla se asienta, no sólo porque el contrarresto es más perfecto, sinó también porque hay más seguridad para los obreros<sup>(42)</sup>". Comeza a remitir indicacións sobre a decoración das bóvedas, pensando nun principio na pintura en tintas planas. No verán de 1935, contestando a unha carta de Espinosa, sinala a posibilidade de cambia-la decoración pictórica por outra de mosaico executada con restos e anacos de partidas de azulexo<sup>(43)</sup>. Nunha carta de setembro dese mesmo ano define a temática da ábsida, na que segue presente o desexo de entroncar coa historia vernácula: Cristo en Maxestade no centro con Deus Creador e o Espírito Santo na parte superior, ós lados o tema da chegada de Colón a América e da arribada da Pinta a Baiona e na franxa inferior oito santos rexionais cos seus nomes en cartelas. Decide tamén a colocación de mosaicos nas pechinas da cúpula cos símbolos dos catro evanxelistas<sup>(44)</sup>. En outubro de 1935 remite dous deseños a tamaño natural de dous tramos da decoración da cúpula, que serán os modelos que terá Mogimes para aborda-lo resto das decoracións cando se interrompa o contacto co arquitecto tralo inicio da guerra civil. O resto dos mosaicos serán deseñados por José Mogimes e executados coa axuda de rapaces da vila, estando finalizados os da cúpula a mediados de


(40) A.A.M., carta de Palacios: Madrid: 18-IX-1935. Amosa a súa contrariedade pola indicación de incluír un altar coa advocación ó "Corazón de Xesús", xa que sinala que rompería co carácter mariano do templo.

(41) A.A.M., carta de Palacios: Madrid, 7-X-1935

(42) A.A.M., carta de Palacios. Madrid, 11-III-1935.


(43) A.A.M., carta de Palacios: 21-VIII-1935.

(44) A.A.M., cartas de Palacios: Madrid, 1-X-1935; 16-X-1936. Aporta tamén diversas solución para cubri-lo exterior da cúpula, pensando en zinc ou cerámica vidriada de cor azul.



Proxecto de edificacións complementarias do templo de Panxón. Alzado (foto esquerda) e Planta (foto inferior), 1942. (Arquivo do Apostolado do Mar).

setembro de 1937. Nos distintos tramos da bóveda da nave represéntanse escenas marianas, mentres que nas estreitas bóvedas dos laterais do cruceiro dispóñense en franxas alusións á vida de San Xoán Bautista e San Telmo. A cúpula, recuberta no exterior de lousas cerámicas de reflexos metálicos, está rematada en novembro de 1935. No interior recibe unha decoración de mosaicos nos que se simboliza o Ceo, presidido polo Espírito Santo no centro e sostido por oito anxos grandes e oito pequenos. Nos tramos inferiores da cúpula sitúanse oito medallóns que enmarcan a representación dos primeiros predicadores en España: Santiago, Indalecio, Tesifonte, Hesiquio, Cecilio, Torcuato, Segundo e Eufasio. No angosto espazo situado entre o arco triunfal e o toral da cúpula a franxa de mosaicos alude á comunión e á pasaxe evanxélica na que o centurión se acerca a Xesús pedindo a curación dun criado<sup>(45)</sup>. Se o exterior destaca pola forza dos volumes e expresividade do brutalismo da pedra, o interior defínese pola riqueza textural e cromática, combinando a rudeza da pedra co colorido dos mosaicos. Cachotes de granito de diverso tamaño, ánacos de azulexos, lousas de pavés nas vidreiras, restos de mármore para o pavimento, etc,



(45) ESPINOSA RODRÍGUEZ, José, "El templo Votivo del Mar en Panjón" en Faro de Vigo, 5-IX-1937, 12-X-1937, páx. 3-4.

intégranse nunha obra altamente monumentalizada, de baixo custe económico e construída con técnicas artesanais, na que, se ben Palacios se distancia da modernidade da súa época, non renuncia a unha verdadeira creación arquitectónica. O templo inaugúrase o 31 de outubro de 1937.


En 1942 remata Palacios o proxecto de ampliación do Santuario do Mar no que, ó igual que na Veracruz do Carballiño, planifica a creación dunha serie de dependencias anexas. Tamén neste caso o antecedente está no proxecto do templo da Paz de Vigo. En Panxón a ampla edificación dispúñase, partindo dun dos laterais da igrexa, en torno a un gran patio claustral aberto. O conxunto albergaría escolas, dependencias para a comunidade relixiosa, casa do mariño e un *hostal do mar*. O proxecto<sup>(46)</sup>, que chega a Panxón en xaneiro de 1943, non se executa, se ben posteriormente lévase a cabo unha edificación complementaria que segue en parte a linguaxe proposta polo arquitecto. Os estudos de ampliación foron realizados no marco dunha serie de ambiciosos proxectos relixiosos que, favorecidos polo ambiente do nacional-catolicismo imperante, aborda o arquitecto pouco antes da súa morte en 1945. Nunha carta que remite a Espinosa en agosto de 1942 sinala que rematou os anteprojectos da Veracruz do Carballiño, a Gran Promesa de Valladolid e o mosteiro da Visitación das Salesas Reais de Vigo<sup>(47)</sup>. O proxecto definitivo do templo carballiñés será presentado en 1943. Das Salesas Reais só se constrúe o primeiro pavillón (1944) e o proxecto de Valladolid será continuado polo seu colaborador o arquitecto Pascual Bravo. Aínda nos últimos anos proxecta, cunha linguaxe similar á do Carballiño e Panxón, o templo de San Fausto de Chapela (1944, non construído). Neses últimos anos estudia tamén un posible templo basilical para Vigo e recibe o encargo dunha igrexa para Alcabre que non chega a bosquexar.

#### A vivenda residencial

Na vivenda residencial aflora con maior nitidez o substrato pintoresquista que se esconde nesta parcela rexionalista da obra de Palacios. O arquitecto realizou varias viaxes a Londres onde valoraría o gusto pintoresco inglés e a súa expresión no *rustic cottage*. Del non recolle as formas, senón o espírito destas construcións que buscan a harmonía co campo circundante e a inspiración nas tradicións históricas e nos sistemas constructivos propios da xeografía local. Nos volumes quebrados e na expresión primitivista e ruralista dos dous chalés que proxecta Palacios en praia América e na propia casa rectoral de Panxón atópase a poética desta corrente e incluso algunha aproximación formal. O primeiro chalé proxectouno para o avogado madrileño Pedro Antonio Villahermosa, destacado caricaturista da época que asinaba co pseudónimo "Sileno". Fundador da revista *Gedeón*, foi asiduo colaborador de *Blanco y Negro*, *ABC*, *Informaciones*, *Vanguardia* de Barcelona e *Faro de Vigo*. Neste chalé, na fronte que mira á praia, sitúa Palacios unha versión galeguizada dun miradoiro tipo *bay-window*, de tradición inglesa. Na presentación do granito amosa esta obra certa contención, aínda que busca a rusticidade ó utilizar pezas prismáticas de rugoso perpiaño sen amosar preocupacións pola regularidade das fiadas.

(46) A.A.M., carta de Palacios: Madrid, 7-1-1942.

(47) A.A.M., carta de Palacios recibida en Panxón o 15 de agosto de 1942.



Chalé proxectado para o caricaturista "Sileno". (Foto: Xaime Garrido).

Cara ó ano 1930 proxecta o chalé de Celso Méndez<sup>(48)</sup>. Nel busca unha forte expresividade, quebrando os volumes e concedéndolle total liberdade á linguaxe brutalista do granito. Os paramentos son presentados como descoidado muro de cachotería de pezas irregulares sen traballar. No acceso porticado utiliza arcos de medio punto con ciclópeas doelas e capiteis cúbicos redondeados, versión rústica de solucións empregadas noutros proxectos. Na fronte principal volvemos a atopar unha versión personalizada dun miradoiro tipo *bay-window*, marcado agora pola rugosidade dos seus paramentos e por un remate en ameas, única alusión á historia que aparece nesta peculiar e orixinal obra. A mirada a certas tradicións inglesas tamén se deixa entrever nos afamados edificios comerciais onde nos intercolumnios utiliza miradoiros do tipo *oriel-window*.

Palacios considerou válida esta arquitectura rexionalista de tipo residencial para a vivenda obreira e de clase media, propóndoa no proxecto da barriada da Espiñeira de Santiago (1930, non executado), que despois inclúe como modelo deste tipo de barriada no plan urbanístico de Vigo. Na memoria deste proxecto santiagués, xustifica o seu distanciamento das correntes de vangarda e a súa aproximación á arquitectura popular galega: "Podemos, en cambio, crear algo que por ser muy nuestro, puede ser una nota original en este concierto

(48) A referencia documental do propietario procede de González Amezqueta ("La arquitectura de Antonio Palacios" en *Revista Nacional de Arquitectura*, art. cit.). Segundo un comentario dunha carta de Palacios remitida a Espinosa o chalé está en obras en 1932.



Chalé proxeitado para Celso Méndez. Detalle do miradoiro poligonal. (Foto: Xalme Garrido).



Chalé proxectado para Celso Méndez. Prala América. (Foto: Xalme Garrido).

mundial de la redención obrera por el hogar propio. Nuestras casitas gallegas de recia mampostería granítica, ligada con morteros hidráulicos, blanqueando a la cal sus llagueados; muros de buen espesor, defensores del frío, del calor y de la humedad; huecos de dimensiones justas, de formas apaisadas, muy prácticos con pequeños cristales y dispositivos que los defiendan de la entrada de las aguas de la lluvia; sus tejados fajeados de blanco o teja vidriada de ese color, con buenos voladizos protectores, destacando sobre ellos fuertes y gruesas chimeneas de piedra que resistan los vientos y el frío; las escalerillas exteriores, las solanas o las galerías, en unos y otros casos, los interiores claros, alegres, ventilados, todo ello animado de viva policromía, puede hacer de “La Espiñeira”, con estas casitas finas de variado atractivo aspecto, desplegándose entre el verdor de la vegetación, que muy pronto surgirá por la bondad de nuestro clima, en la extensión de su fuerte declive, con las que todas tendrán vistas, aire y sol, una bella y alegre aldeña gallega, muy moderna pero también clásica y tradicional. Y qué ventajas obtendríamos adoptando la última moda europea (por cierto calcada en lo accesorio de nuestra arquitectura levantina) de las tristes y monótonas series de casas de liso cemento sin aleros ni tejados, terminadas por planos horizontales, todo ello inservible, por poco práctico para nuestro clima<sup>(49)?”</sup>.

(49) PALACIOS RAMILO, A., memoria do proxecto da Barriada da Espiñeira de Santiago. 1930. Memoria do proxecto do Plano de Extensión e Reforma Interior de Vigo, 1932. (Arquivo Municipal de Vigo).



# A orixe do turismo de sol e praia en Galicia: O caso de Baiona

MARGARITA NOVO MALVÁREZ

O Concello de Baiona, situado ó suroeste da provincia de Pontevedra, concretamente na denominada baía de Baiona, é un dos municipios que dende datas moi temperás despuntou no panorama turístico da Comunidade Autónoma de Galicia. Por tal circunstancia pode ser considerado pioneiro no desenvolvemento do productivo sector turístico e un exemplo representativo no que se manifestan as diferentes fases do proceso evolutivo, pois en Baiona observamos o feito turístico dende a prehistoria mesmo deste sector.

O turismo dá aquí os seus primeiros pasos podendo afirmar, polo tanto, que foi unha localidade que soubo saír adiante para que ano tras ano a oferta e a demanda foran en aumento, ofrecendo e sabendo comercializar os produtos turísticos requeridos en cada momento histórico, caracterizándose xa dende os primeiros tempos por acadar unha elevada cota de calidade.

A importancia de Baiona como localidade altamente relevante na atracción turística é indiscutible ó comprobar como nun longo espacio de tempo (dende mediados do S.XIX ata o momento actual –primeiros do S.XXI–) soubo crear, manter e adaptar a cada momento as correntes turísticas que cara aquí se dirixiron, non decaendo nunca neste empeño que rexidores e cidadáns tiveron como obxectivo.

Así, nos derradeiros anos do século XIX os baioneses, cos escasos medios con que contaban, encargáronse de atraer ós poucos turistas que recalaron nas costas galegas e, na actualidade, as accións que teñen por finalidade a consolidación deste xa tradicional turismo caracterízanse por ser, se cabe, máis elaboradas, pero o empeño por que sexan un éxito é similar ó dos primeiros tempos. De calquera xeito, non debemos esquecer que ditas accións están avaladas pola experiencia dos anos precedentes, nos que ademais de poñer as bases do desenvolvemento futuro nunca se deixou de traballar para lograr os fins propostos.

Pero este non é un caso aillado e, ó igual que Baiona, outras moitas poboacións galegas foron tamén agraciadas con dons semellantes ós desta vila (importante pasado histórico, gran riqueza a nivel monumental e paisaxístico...), que supostamente favorecerían a súa imaxe. Polo tanto, podemos afirmar sen medo a equivocarnos que a peculiaridade que distingue a Baiona destas outras poboacións foi que soubo utilizar positivamente os seus recursos, debidamente axudada, iso si, por persoas que creron nela e nas posibilidades que podería ofrecer, e que loitaron porque as ditas posibilidades se converteran en realidades que favoreceran ó conxunto da vila. Así, en lugar de ser un inconveniente, aproveitouse entre outras cousas da veciñanza de Vigo, chegando incluso a restarlle primacía turística á cidade que, pola contra, lle tiña restado o protagonismo histórico do que gozara Baiona noutro

tempo. A “xente ben” dos primeiros momentos veraneaba en Baiona e ante isto era moi difícil competir, incluso a unha cidade como Vigo. Os baioneses souberon ver no turismo un complemento clave á súa precaria economía, baseada fundamentalmente na pesca, e loitaron dende os primeiros tempos duramente por favorecelo, obtendo na maioría das ocasións uns resultados satisfactorios<sup>(1)</sup>.

A consecuencia inmediata do bo saber facer dos primeiros momentos manifestouse en que aquelas persoas que veraneaban en Baiona lle foron sempre fieis, non lles importando ter que sufrir longas e penosas viaxes con tal de recuncar cada verán nesta fermosa vila que os esperaba sempre con grande entusiasmo e que lles dispensaba múltiples atencións. Vila que dende mediados do século XIX xa non será capaz de desligar a chegada do verán do movemento turístico, que tantos beneficios económicos e sociais lle ten reportado ó longo das distintas décadas.

Por todo isto parécenos doado facer un percorrido polos primeiros momentos da historia veranega de Baiona para, deste xeito, poder demostrar como por méritos propios se fixo merecedora dun posto protagonista de categoría no panorama turístico da nosa Comunidade Autónoma.

#### **A xestación do fenómeno turístico: do 1870 ó 1900**

Este primeiro período de inicio do turismo a nivel xeral vincúlase, por unha banda, coa aceptación que neste momento van ter os postulados das novas correntes hixienistas da medicina que potencian o redescubrimento do mundo natural coma fonte de pracer; e por outra, coa procura de novos espazos de relación social diferentes ós da residencia habitual ó longo do ano. Tanto nun aspecto coma no outro Baiona reunía os requisitos necesarios para ser un punto de recalada dos primeiros turistas que, dende mediados do século XIX, se achegaron para desfrutar do seu tempo de ocio e lecer ás costas galegas.

Nas poucas guías de Galicia que se publicaron nestes primeiros anos (segunda metade do século XIX) descríbese sempre a Baiona coma unha vila que merece ser visitada por moitas razóns: por ser herdeira dun pasado glorioso que aínda reflecten os seus monumentos e construcións, polo pintoresquismo das súas rúas e prazas, pola súa beleza paisaxística, polo carácter afable e acolledor das súas xentes e polas súas condicións de tranquilidade e salubridade, á que contribúe o aseo das súas rúas e a bonanza do seu clima. Clima que antigamente se calificaba de apacible, benigno, salubre e temperado, con temperaturas máis ben altas pero en ningún caso extremas, estando recomendado especialmente para persoas que residen nas cidades a meirande parte do ano<sup>(2)</sup>.

As primeiras persoas que gozaron coma turistas dos atractivos de Baiona buscaban tanto o pracer persoal como o restablecemento da súa saúde, e as distraccións que os

(1) Unha proba da importancia que tivo en Baiona o desenvolvemento turístico témola en que a mediados do século XX xa se vai ver notablemente mermada a emigración a América, desempeñando os potenciais emigrantes postos de traballo directa ou indirectamente xerados polo movemento turístico.

(2) As referencias ás precipitacións nas guías editadas da provincia de Pontevedra son inexistentes, seguramente porque xa se sospeitaba que o feito de proporcionar datos sobre os índices xerais de pluviosidade sería un elemento negativo de cara á atracción turística.

baioneses planificaron para eles, xunto coas supostas virtudes salutíferas do seu clima e das súas augas, contribuíron ó primeiro éxito desta poboación como localidade receptora de turismo. Así, nas primeiras obras propagandísticas de Galicia que saíron á luz por estes anos e que fan referencia a esta vila, faise especial fincapé en resaltar determinados aspectos da mesma como son: a limpeza e empedrado das súas rúas, a pulcritude exterior e interior das casas, a comodidade do seu acolledor paseo, a finura do decorado da Sociedade Recreativa, o carácter humanitario das súas xentes e a excelencia do alumeadado público<sup>(3)</sup>.

No referente ó nivel económico das persoas que veranearon en Baiona neste período, podemos afirmar con total seguridade e sen temor a equivocarnos que se trataba de xentes que gozaban dun alto poder adquisitivo, pois neste momento non se podían permitir unhas vacacións persoas que non gozasen de tales condicións.

Non temos novas referentes a cales foron as persoas individuais ou as familias que ata aquí se achegaron durante esta etapa, pero o que si sabemos certamente é que ademais de investir moitos cartos tiveron que sufrir longas e penosas viaxes ata chegar ó seu destino. A orixe destes turistas deste último cuarto do século era maioritariamente peninsular, pois o número de estranxeiros chegados neste período foi pouco representativo, e a procedencia era fundamentalmente da veciña cidade de Vigo ou do interior do Estado.

A liña de ferrocarril que conectaba a provincia de Pontevedra co centro da península, e que era a utilizada polas xentes que viñan do interior (combinada en moitos casos con pequenos traxectos en diligencia ou en coche de cabalos), era a liña "Madrid-Vigo", que foi inaugurada no mes de agosto do 1883 e que partía tódolos días ás once da mañá da estación madrileña das Delicias. O tempo empregado na viaxe era dunhas trinta horas, e nela realizábanse dous transbordos. Unha vez que os trens chegaban ó seu destino os viaxeiros continuaban a viaxe en carruaxes que xa estaban dispostos na estación viguesa e que se dirixían ós principais lugares de veraneo: Baiona e A Guarda.

Un elemento que nos chama a atención ó examina-las tarifas destas viaxes é que xa por estas datas existían descontos se se mercaba a viaxe de ida e volta, e estes aínda se incrementaban máis se esta se realizaba na tempada de verán, o que significa que as empresas xa recorrían a mecanismos que podemos considerar "modernos" para procurar novos clientes e aumenta-las súas ganancias. Os prezos dunha viaxe Madrid-Vigo ou viceversa en tempada de verán eran no ano 1884 de 83,75 pesetas en primeira clase, de 59,45 en segunda e de 44,10 pesetas en terceira clase<sup>(4)</sup>.

Entre as persoas que neste período se achegaron a Baiona destacan, como visitantes máis ilustres, os monarcas españois Alfonso XII e a súa dona María Cristina de Lorena e Habsburgo, que viñeron dende Vigo a bordo do canoneiro *Pelícano* e desembarcaron no peirao de Baiona o día 22 de agosto de 1881 coa intención de percorre-la vila e o castelo de Monterreal, facendo grandes eloxios dos mesmos e voltando novamente á localidade transcurridos tres anos.

(3) RIVERA, C. e VÁZQUEZ, V.M. *Guía de Galicia*. Madrid: imprenta de Fortanet, 1884. pp. 196-197.

(4) RIVERA, C. e VÁZQUEZ, V.M. *Guía de Galicia*. Madrid: imprenta de Fortanet, 1884.

Ademais de por mar, esta vila comunicábase con Vigo por estrada<sup>(5)</sup>. Contaba Baiona cos servizos de dúas empresas de carruaxes que cubrían a distancia entre estas dúas vilas. Tódolos días partía de Baiona unha dilixencia ás cinco da mañá que non chegaba a Vigo ata as oito. E dende esta cidade, concretamente dende a *porta Falperra*, partían cara á vila baionesa outras dúas, unha ás seis da mañá e outra ás tres da tarde. No percorrido (23 quilómetros) empregábanse tamén unhas tres horas, debido fundamentalmente ó mal estado das estradas e camiños e ás múltiples paradas que facían no traxecto. Os prezos fluctuaban entre unha peseta e cincuenta céntimos e dúas pesetas, segundo se viaxara no exterior ou no interior e *cupé* da carruaxe. Ademais destes servizos, as persoas interesadas podían tamén contratar unha carruaxe de modo particular, que unicamente se detiña naqueles lugares que solicitaban os que costeaban a viaxe.

Nas guías de Pontevedra publicadas nestes anos describíase a estrada Vigo –Baiona coma unha das máis fermosas de Galicia, e así non é estraño atopar descripcións coma esta: *“La carretera no parece trazada por el ingeniero que hubiere de tener en cuenta los accidentes del terreno ó los preceptos científicos, sino por un pintor escenógrafo que, precisando paisajes impregnados de suavidad y dulzura para representar a la feliz Arcadia, ordenase construir el camino á la comodidad de su objeto. Verdaderamente, el país entre Vigo y Bayona es de indecibles atractivos<sup>(6)</sup>...”*

Durante os meses de verán e en días determinados podíase tamén face-la travesía Vigo-Baiona e viceversa nun pequeno vapor de pasaxe. Os principais clientes deste servizo eran turistas que se interesaban en facer unha excursión ata esta vila.

A finais deste período xéstase así mesmo a idea de construír e de pór en funcionamento un tranvía de vapor de Vigo a Baiona. Concretamente o primeiro proxecto corresponde ó ano 1893, e chámamos a atención o feito de que o principal motivo que se expón para xustificar esta empresa ten que ver co aumento do turismo cara a esta vila e cara outras que igualmente empezaban a despuntar neste eido turístico a imitación de Baiona (Bouzas, Toralla, Coruxo e Panxón<sup>(7)</sup>). O aumento da posible afluencia de forasteiros cara ás praias baionesas e o éxito da recente inaugurada liña Pontevedra-Marín foron os dous factores que provocaron o convencemento da súa necesidade.

Todo isto vennos a indicar que o turismo que cara aquí se dirixía xa tiña certa magnitude, e máis importante era incluso que xa estivera nas mentes de persoas con certa responsabilidade a idea de potencialo<sup>(8)</sup>. O executor do primeiro proxecto de viabilidade foi o señor J.V. Núñez que o xustifica coas seguintes palabras: *“me decidí a acometer el estudio de una vía férrea con objeto de facilitar al propio tiempo la concurrencia de bañistas a nuestras*

(5) A estrada de Vigo a Baiona estaba nestes anos en mal estado, tendo que circular a dilixencia case sempre por camiños bastante irregulares. Estas dificultades tratábanse de aminorar exaltando a beleza paisaxística dos lugares por onde discorría este peculiar transporte.

(6) RIVERA, C. Y VÁZQUEZ, V.M. *Guía de Galicia*. Madrid: imprenta de Fortanet, 1884. pp. 12-13.

(7) A outra razón que se expón a favor deste servizo ten que ver co transporte de mercaderías. É dicir, se se puxera en funcionamento esta liña as distintas poboacións que foran atravesadas polo tranvía poderían comercializalos seus produtos, ó igual que sería beneficioso para as fábricas de salgazón, conservas e cordelería establecidas ó longo do trazado da nova vía férrea.

(8) NÚÑEZ, J.V. *Proyecto de Ferrocarril y Tranvía de Vigo a Bayona*. Madrid, 1893.

*hermosas playas y el establecimiento de nuevas industrias cuyo éxito hace hoy muy problemático la dificultad de transportes*<sup>(9)</sup>". A estación en Baiona foi proxectada nun dos lugares máis céntricos da vila, nos terreos contiguos ó convento de monxas. Ademais desta establecéronse dous apeadeiros, un en Sabarís e outro no Burgo.

Co obxecto de facer realidade este proxecto, no mes de marzo do ano 1898, tres directivos da Cámara de Comercio viguesa, José Ramón Curbera, Ceferino L. Maestu e Antonio Sanjurjo Badía, diríxense á Deputación Provincial co fin de acadar unha subvención para dar comezo ás obras, e ó tempo créase unha sociedade da que formaban parte vigueses tan coñecidos coma José García Barbón ou Manuel Rodríguez Cadaval, entre outros<sup>(10)</sup>. Xunto a eles os emigrantes galegos residentes no exterior tamén loitarán polo progreso da súa terra, investindo parte do seu capital para que as melloras no terreo das comunicacións chegaran a ser unha realidade. Pero pese a tódolos esforzos este ambicioso proxecto non se fará realidade ata a etapa seguinte, o que sen dúbida repercutiu negativamente nos índices de afluencia turística destes anos cara á localidade de Baiona.

Un dos principais motivos que nesta primeira etapa atraía ós forasteiros a Baiona eran as súas praias. A máis sonada de todas elas era a da Cuncheira, debido á súa abundancia en algas. O baño na mesma recomendábase como moi saudable e beneficioso pola súa riqueza en iodo.

A importancia que nestes momentos van acada-los baños de mar, xunto coa cada vez maior presenza de bañistas nesta praia, a pureza das súas augas e a cantidade de algas que aquí se concentraban, levará a que os señores Ignacio Cordero Alonso e Agapito Ordoñez soliciten permiso no ano 1893 ó Ministerio de Obras Públicas para acomete-la construción dun balneario e de vinte casetas móbiles, que viñeron a substituír ás provisionais barracas de lona que anteriormente se dispuñan nesta praia.

Estes homes viron nesta idea unha oportunidade de negocio, xa que por aquela época a afección por este tipo de instalacións aumentaba día a día e, de feito, marcou toda unha época na maneira de concebir unhas vacacións. O permiso foilles concedido a perpetuidade, aínda en contra da vontade de moitos dos seus conveciños que temían que deste xeito a praia perdese carácter público, e ó ano seguinte un fermoso edificio de madeira adicado a baños, de carácter fixo e permanente, lucía xa na praia da Cuncheira. Edificación que irá incorporando novas comodidades para os bañistas verán tras verán e que se convertirá nun escenario privilegiado do veraneo en Baiona, sendo un elemento fundamental á hora de facer propaganda do turismo na localidade.


No seu interior había unha estancia adicada ós baños de pía, na que se atopaban doce bañeiras onde se tomaban os baños temperados de algas e mailos de auga doce; e noutra estaba instalado un gabinete hidroterapéutico, provisto de duchas e aparatos de inhalacións. Anexo a este edificio estaban as caldeiras para quenta-la auga e as bombas de alimentación, e diante, extendidas pola praia, atopábanse as casetas onde se cambiaban de roupa os bañistas. O balneario será, a partir de agora, un gran motivo de atracción

(9) NÚÑEZ, J.V. *Proyecto de Ferrocarril y Tranvía de Vigo a Bayona*. Madrid, 1893. pp 4-5.

(10) *Cien Años de interés por Vigo*. Vigo: Cámara de Comercio, Industria y Navegación, 1986.



Grupo de bañistas na praia Cuncheira.



Recollendo algas na praia Cuncheira.

de forasteiros a Baiona, e estará en servizo do mes de xullo ó mes de setembro de cada ano. Estes tres meses eran suficientes para cubrir gastos e obter beneficios, xa que doadamente se acadaban os cen baños diarios.

Os baños que podían tomarse neste balneario eran, como anteriormente sinalamos, temperados de algas e de auga doce. Os de algas eran os máis demandados e para preparalos os empregados apañaban a diario gran cantidade delas na mesma praia da Cunqueira.

Unha vez recollidas as algas levábanse ó balneario onde, nunha caldeira especial de cobre, se fervían para extraerlles o preciado iodo. Por outra banda, quentaban a auga do mar, que nun segundo momento misturaban co líquido obtido das algas, para despois botalo, a unha temperatura adecuada, por enriba das persoas que ían toma-los baños. A pesar de que o normal era que esta auga se coara había clientes que preferían que isto non se fixera, pois tiñan a impresión de que coas algas lles aproveitaría máis o baño. Estes baños de algas considerábanse especialmente adecuados tanto para os ósos (xa que a reuma era o mal de moda por aqueles tempos) como para a pel e os nervios; polo tanto, aquí non só acudían enfermos senón que tamén o facían persoas que querían relaxarse, mellora-la súa pel ou preví-las enfermidades. Os principais clientes deste balneario eran turistas e forasteiros, xa que os baioneses case nunca deron importancia a estes baños e contentábanse con aspirar o aire mariño na praia onde este estaba emprazado, acudindo raras veces ó edificio balneario<sup>(11)</sup>.

Unha vez tomado o baño o que se recomendaba era vestirse axiña para mante-la calor no corpo e despois permanecer uns minutos en repouso. Así, a maioría das persoas sentaba a toma-lo sol na terraza que o balneario tiña na súa parte dianteira, onde tamén esperaban as persoas que chegaban a recibí-lo tratamento. Este era un lugar agradable, un punto de encontro onde se facían tertulias, un espazo de relación social onde se conxugaban as funcións terapéuticas co tempo de ocio.

En canto ó número de baños que debían ser tomados para que resultaran efectivos existía a crenza de que non debían ser menos de nove, un *novenario de baños*. Esta idea viña dende antigo e os donos do balneario aproveitáronse dela porque favorecía o seu negocio. De calquera xeito, había persoas que viñan de paso e tomaban menos, e persoas que pasaban todo o verán en Baiona e tomaban moitos máis. O tempo empregado en cada baño fa de quince a vinte minutos e as pías eran todas iguais, non habendo diferentes categorías. Os máis madrugadores xa acudían ás cinco da mañá, por ser esta a hora na que a casa de baños comezaba o seu traxín e por existí-la crenza de que durante as primeiras horas da mañá era cando máis aproveitaban os baños. O pago dos mesmos facíase por cada un tomado, por abono ou por tempada, sendo os prezos estipulados moi económicos.

A construción do balneario trouxo importantes consecuencias para o desenvolvemento turístico de Baiona. Unha delas foi a apertura, ó seu redor, de hoteis e casas de veraneo de propiedade particular denominadas "hotelitos", ó non ofrecer este establecemento servizo de habitacións. Anos antes o único que se ofertaba nesta localidade era algunha fonda ou pensión onde se aloxaban viaxantes e comerciantes, ou incluso algún funcionario

(11) Os nenos, a non ser por prescripción médica, tampouco acostumaban tomar este tipo de baños, ó igual que as persoas moi maiores.



Grupo de bañistas na praia Barbeira.

que viñera a traballar aquí de xeito temporal. Así, temos constancia do funcionamento nestes anos de tres hoteis de certa consideración: *Hotel La Palma*, *Hotel Roma* e *Hotel Madrid*. Algúns deles investiron parte das súas ganancias en facer publicidade en importantes revistas do momento, pois presentfan que así aumentaría a demanda de clientes en próximas tempadas. A confortabilidade era a característica que os seus propietarios destacaban á hora de promocionalos seus negocios, aínda que nestes momentos tampouco se pode falar de grandes luxos no referente ás súas instalacións.

Ademais destes establecementos, eran moitas as familias procedentes do interior peninsular que se aloxaban en casas particulares, convivindo con familias baionesas e estreitando con elas lazos de amizade. Sérvennos para reafirmar esta idea os datos que nos ofrece un coñecido xornal vigués referidos ó aloxamento de turistas en Baiona no derradeiro ano do século: "*Hoy pasan de quinientas las personas que componen la colonia veraneante, hospedándose en los hoteles y casas particulares*"<sup>(12)</sup>.

Esta nova demanda vai provocar que comece a aparecer o que se ven chamando a *paisaxe residencial*. Neste momento aínda non podemos falar de grandes transformacións no espacio, pero agora iníciase un camiño que provocará profundos cambios en etapas posteriores, que serán máis acentuados conforme vaia aumentando a demanda turística neste lugar. En relación cos índices de ocupación non temos datos que nos dean unha porcentaxe fiable, pero o que deducimos da documentación consultada correspondente a este momento é que os

(12) *Bayona*. Faro de Vigo, miércoles 2 de agosto do 1899.



establecementos que acollen ós veraneantes están completos na tempada estival, e principalmente no mes de agosto. Isto posiblemente obedece a razóns climáticas, pois se a maioría dos veraneantes procedían do interior peninsular escollerían este mes por ser cando se acaden as máis elevadas temperaturas no seu lugar de orixe.

Para todos estes forasteiros que se albergaban na vila as xentes de Baiona organizaban toda unha serie de actividades (excursións, paseos, festas, funcións de teatro...), coa finalidade de que se divertiran pois, deste xeito, farían boa publicidade do seu pobo, o que redundaría no incremento da colonia de veraneantes en anos posteriores. Neste contexto, unha persoa que a finais de século destacou por ser un verdadeiro anfitrión e relacións públicas foi o coñecido *don Román*. Este personaxe gozaba mostrando ós veraneantes os atractivos de Baiona: organizaba festas, proxectaba excursións, dirixía xiras, inspeccionaba as praias e as hospedaxes e recibía ós novos forasteiros. En definitiva, loitaba por desterra-lo aburrimiento, alomenos durante o verán, e vixiaba que todo estivera ó gusto dos turistas. Motivo polo que foi un persoeiro moi querido e apreciado polos mesmos<sup>(13)</sup>.

Un centro que foi especialmente frecuentado polos turistas era o *Casino*. A súa directiva programaba durante o verán diferentes actividades de recreo que animaban as tardes e as noites de baioneses e veraneantes. Estes últimos poderían acudir sempre que quixeran unha vez que foran presentados por un socio, e moitos foron os que fixeron de improvisados actores nas funcións teatrais que aquí se representaron. No verán de 1899 este centro inaugurou un novo local que fora residencia de dúas familias moi renomeadas na vila (os Salgado e os Suárez de Puga) e, a partir deste momento, uníranse tamén moitas persoas para disfrutar da súa programación que, ás veces, se desprazarán adrede dende a veciña cidade de Vigo<sup>(14)</sup>. En moitas ocasións os beneficios recadados por esta sociedade tiveron un fin benéfico. O teatro rivalizou con este centro en protagonismo e as funcións e festas que nel tiveron lugar foron especialmente sonadas e concurridas, tanto polos integrantes da colonia veranega como polos vigueses que a el se achegaban coa idea de pasar unha xornada animada e diferente.

Á vista de todo isto, comprobamos coma esta pequena vila, eminentemente mariñeira, que fora unha importante cidade mercantil nos séculos medievais, xa empeza a perfilarse no derradeiro cuarto do século XIX como un posible centro de atracción turística, adaptando dentro das súas posibilidades a oferta á incipiente demanda. Tendo en conta que nestes anos aínda eran moi poucas as persoas que viaxaban atendendo a motivacións de distracción e recreo, non é nada desdeñable a cantidade de turistas que ata aquí se dirixiron con intención de practica-lo “veraneo”.

Moitos deles atoparon nesta vila unhas condicións que consideraron idóneas para pasa-lo verán (boas praias, ambiente saudable, riqueza monumental, tranquilidade e bo trato) e, polo tanto, xa non renunciarán a voltar en anos posteriores. Unhas persoas animarán a outras, gracias á propaganda extendida de “boca en boca”, e o turismo en Baiona irase convertendo nun sector importante que axudará a mellora-la precaria economía das familias que

(13) ELEIZEGUI, J. *Apuntes de Bayona*. “Galicia Moderna”. Enrique Labarta, dir. Ano I, nº 13. Pontevedra, 1 de novembro de 1897.

(14) *Vigo y la provincia. Fiestas en Bayona*. Faro de Vigo, venres, 20 de xullo de 1899.

aquí habitan. Nestes primeiros anos os beneficios non foron moi grandes, pero si o suficientemente importantes como para contribuír a mellorar un pouco a calidade de vida destas xentes, que xa perciben a importancia que pode ter nun futuro próximo este nacente sector. A partir de agora preocuparase máis seriamente por favorecelo e potencialo, investigando e poñendo en práctica novos mecanismos que contribúan tanto á atracción de novos turistas como á fixación ano tras ano dos que ata aquí se achegaron ó longo dos que comprende este período inicial.

En definitiva, esta xénese que tivo lugar a finais do século XIX provocou fundamentalmente que se sentaran as bases dunha organización turística e, polo tanto, suporá que nos anos inmediatamente posteriores se produza o verdadeiro despegue de Baiona neste senso, que soamente terá coma rivais ás vilas que contaban con moitos máis medios para atraer ó turismo tanto nacional coma estranxeiro (A Coruña, Vigo e Vilagarcía). Os veráns iranse sucedendo e Baiona verase enormemente recompensada ó comprobar como de ano en ano a clientela irá en considerable aumento, sendo na actualidade a vila galega cunha maior tradición turística e unha das máis renomeadas de toda Galicia polo nivel de calidade acadado, froito dunha experiencia de hai moitos anos e dunha constancia por avanzar por este camiño, manifesta en tódalas etapas de desenvolvemento turístico.

## BIBLIOGRAFÍA

- ANTA, M. (1858) *Reseña Geográfica de Galicia*. Imprenta de D. Ramón Núñez Pazos, Pontevedra.
- BARREIRO ÁLVAREZ, M. (1966) *2.000 años de historia del Castillo de Monte Real*. Faro de Vigo, Vigo.
- BARREIRO TRONCOSO, H. (1979) *Bayona de Galicia*. Inédito.
- CORNIDE, J. (1991) *Descripción circunstanciadas de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato Reino de Portugal. Hecho en el año 1764*. Edición i estudio por X.L. Axeitos, Edicións do Castro, Sada.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA FRAGA, S. (1995) *Historia da comarca do Val Miñor (Baiona, Nigrán e Gondomar)*. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE), Colección Etnografía Galega, volumen IV, Vigo.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. e FERNÁNDEZ OXEA (1987) *Baldaquinos Gallegos*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- Guía general de la provincia de Pontevedra por un curioso*. Imp. La Teucrino, Pontevedra, 1894.
- La familia Real en Galicia, 1900*. Álbum-recuerdo adicado a SS.MM. y AA. con motivo da súa viaxe polos portos de Galicia. Establecemento Tipográfico de El Áncora, Pontevedra, 1900.
- KSADO, L. (1945) *Estampas de Galicia* (Álbum fotográfico). Estudios Ksado, Vigo
- LÓPEZ OTERO, J. (1900) *Pontevedra*. Litografía Viuda e Hijos de P.V., Granada.
- LORENZA, A.E. (1893) *Geografía gastronómica, física y política de la provincia de Pontevedra*. Imprenta de Luis Carragal, Pontevedra.
- MADOZ, P. (1846) *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid.
- Memoria descriptiva del proyecto del ferrocarril de vía estrecha de Vigo a Bayona*. Imprenta de Ángel Varela, Vigo, 1888.
- NIETO GONZÁLEZ, R. (1973) *Contribución a una Bibliografía de Bayona La Real*. Biblioteca Pública Municipal de Baiona, Vigo.
- NOGUEIRA, U. e DE SANTIAGO GÓMEZ, J. (1902) *Bayona, Antigua y Moderna*. Madrid.
- NÚÑEZ, J.V. (1893) *Proyecto de ferrocarril y tranvía de Vigo a Bayona*. Madrid.
- PÉREZ NIEVA, A. (1900) *Por las Rías Bajas (notas de un viaje por Galicia) seguidas de un colofón*. Andrés Martínez, Editor. A Coruña.
- Portfolio Galicia: naturaleza y arte*. Pedro Ferrer Editor, A Coruña, 1904.
- PRADO, J. del (1901) *Guía de Galicia y su comercio para 1901*. Pontevedra.
- RAMOS GONZÁLEZ, H. (1925) *Crónicas Históricas de la Villa de Bayona: recuerdos de antaño*. Madrid: s.n.
- RIVERA, C. e VÁZQUEZ, V.M. (1883) *Guía de Galicia*. Imprenta de Fortanet, Madrid.
- SANTIAGO GÓMEZ, J. de (1896) *Historia de Vigo y su comarca*. Madrid.
- TABOADA Y LEAL, N. (1840) *Descripción topográfico histórica de la ciudad de Vigo, su Ría y alrededores*.
- VALVERDE TALVÁREZ, E. (1886) *Itinerarios de líneas férreas*. Imprenta de Fernando Cao e Domingo de Val, Madrid.

Vertical line

# O desenvolvemento turístico do Val Miñor

*Jesús M. González Pérez*

A concentración das actividades turísticas ten unha das súas manifestacións máis importantes en Galicia nos concellos que compoñen as Rías Baixas. Se ben o turismo de sol e praia é o que serve para identificar a maior parte dos desprazamentos recreativos do tempo vacacional neste territorio, nos últimos anos as tendencias están en plena transformación en Galicia, e a “búsqueda do repouso, da tranquilidade, o reencontro coa natureza, as conductas hixienistas e as culturais, son orientacións que de maneira crecente vai buscando o habitante da cidade” (Formigo e Santos; 1998). Deste modo, o predominio e a especialización nunha tipoloxía turística concreta para este espazo do suroeste de Galicia estase a combinar con outro tipo de oferta e actividades que axudan a enriquecer considerablemente o desenvolvemento dende un punto de vista turístico dun espazo, as Rías Baixas, asociado masivamente, aínda que noutra escala, ás tipoloxías propias do Mediterráneo español. Da mesma maneira, son unhas poucas vilas e municipios os que concentran a maior actividade turística deste territorio galego que, coa excepción de certo turismo urbano e cultural, convértese no máis visitado do país.

A pesar de que tradicionalmente se fala de Rías Altas e Rías Baixas sen precisar especificamente os seus límites, basearémonos na división máis extendida na que, seguindo a Pazo Labrador (Pazo; 1994), as Rías Baixas están compostas por aquelas situadas ó sur de Fisterra, é dicir as rías de Muros e Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo. Un territorio composto por un total de 32 concellos que se estenden ó longo duns 1.602 qm<sup>2</sup> e que concentran a 757.533 habitantes no 1996, o que o converte, despois dos espazos tipicamente urbanos, no territorio máis densamente poboado do país (472,86 habs./qm<sup>2</sup>). Destes términos, nove pertencen á provincia de A Coruña e 23 á de Pontevedra. Así mesmo, tres destes concellos non teñen fronte costeiro (un deles Gondomar), aínda que a súa proximidade e influencia marítima obriga a que sexan incorporados neste territorio. A poboación dos términos das Rías Baixas supera en case 40.000 efectivos á total das provincias de Lugo e Ourense, o que manifesta o dinamismo dun territorio que é case 11 veces máis pequeno que estas provincias.

Aínda que o turismo non acadou en Galicia un desenvolvemento similar a outras comunidades autónomas españolas, a intensidade do fenómeno turístico en determinados enclaves, sobre todo do litoral das rías, permite un aproveitamento económico e produciu un cambio social susceptible dunha análise en profundidade, fundamentalmente polas similitudes que presenta con respecto ó sucedido décadas atrás nos principais focos turísticos do Mediterráneo. O litoral das Rías Baixas experimenta dende os anos 1970-1980, cun retraso duns vinte anos con respecto ó Mediterráneo español, unha pro-

funda transformación estrutural e fisionómica, o que supón a remodelación tanto das actividades como da caracterización social e demográfica preexistente. Os cambios son detectables na dinámica demográfica, en todo tipo de indicadores sociolaborais e económicos (sobre os espazos agrario e construído, sector servizos e ata nos orzamentos municipais) e, de maneira máis doadamente visible, nunhas profundas transformacións operadas sobre o espazo.

Neste contexto histórico e territorial situamos O Val Miñor. Unha comarca natural que contabiliza un total de 37.055 efectivos no 1998 e que se está a fraguar coma un dos espazos de máis intensa funcionalidade turística de Galicia, aínda que moi determinado polo dinamismo socioeconómico derivado da influencia de Vigo e da súa situación na aglomeración urbana desta cidade. Non obstante, este proceso de posibles efectos positivos está tamén a producir fortes transformacións sociais e territoriais escasamente planificadas e que, á vista de todos, está a pór en perigo o propio desenvolvemento integrado e unha calidade de vida que é o principal motivo que esgrimen os numerosos habitantes urbanos para instalar a súa residencia permanente nalgunha das súas parroquias. Neste artigo teremos ocasión de analizar a importancia do fenómeno turístico deste territorio no conxunto das Rías Baixas, o que facilitará posteriores estudos encamiñados a delimitar e diferenciar, por un lado, a presenza e o papel desta actividade no territorio e na socioeconomía e, por outro, as consecuencias de tódolos procesos derivados da periurbanización no desenvolvemento do Val Miñor.

Os indicadores que utilizamos para observar os principais centros e a diferente funcionalidade turística das Rías Baixas consisten basicamente na análise espacial de ratios sociolaborais, da oferta hoteleira e de estimación sobre o grao de ocupación das praias. A pesar de que o estudo conxunto de todos estes indicadores nos dan unha visión real sobre a intensidade da función turística de cada un destes concellos, é preciso ter en conta outros factores non directamente relacionados con esta actividade. Entre eles hai que destacar a situación de todo este territorio no principal eixo de desenvolvemento de Galicia, a diferente importancia do fenómeno urbano e o proceso de periurbanización que afecta a unha grande parte destes municipios, sobre todo os das rías de Vigo e Pontevedra.

#### **As novas formas de urbanización como pulo ó desenvolvemento socioeconómico e ó dinamismo funcional do Val Miñor**

Hoxe en día Galicia atópase inmersa nun claro proceso de urbanización. O 35,63% da súa poboación vive nas sete principais cidades, que suman case un millón de habitantes. Galicia xa non pode ser definida coma un país eminentemente rural, e unha proba indiscutible do crecemento experimentado polo mundo urbano galego ven dada polo feito de que na actualidade é posible distinguir tres tipos de espazos urbanos: as sete cidades principais, os sectores periurbanos e as cabeceiras comarcais (Torres e Lois; 1995), polo cal aproximadamente o 60% dos galegos reside en núcleos e espazos urbanos. Non obstante, este proceso urbanizador é recente e debe ser enmarcado nun proceso xeral en todo o Estado Español, aínda con certas peculiaridades. Hai tan so unhas décadas a nosa Comunidade Autónoma asociábase á existencia de importantes densidades demográficas

nos espazos rurais, poboación ocupada fundamentalmente no sector primario e nunha intensa ocupación humana do espazo que traducía a existencia dunha sociedade eminentemente campestre baseada no policultivo, o que xustificaba unha organización social do territorio nitidamente rural. Os concellos das sete principais cidades representaban soamente ó 21,7% da poboación galega no 1950. Pois ben, todas estas ideas lévanos a corroborar o que moitos autores defenden con insistencia: Galicia modificou a súa organización espacial a partir dos anos 60.

Por outro lado, o crecemento constante das cidades principais e os seus centros urbanos parece que cesou parcialmente no mundo desenvolvido en beneficio das súas periferias urbanas (Torres e Lois; 1995). O espazo periurbano é posiblemente o que mellor exemplifique este proceso urbanizador na nosa Comunidade. Pois ben, o termo periurbano serve para definir un novo tipo de ocupación do espazo nas cercanías das cidades, próximas a estas e afectadas por procesos de urbanización. Constitúe un espazo intermedio moi edificado e habitado, participando de características tanto demográficas como económicas das urbes próximas: poboación nova (incluso máis que nas cidades, onde avanza o fenómeno do avellentamento), relativamente altas taxas de natalidade e baixas de mortalidade, predominio do terciario e secundario como sectores de ocupación económica, altas rentas per cápita, etc. No fondo, "o que se está constatando é a substitución da idea de cidade, como núcleo principal aillado, polas de "área metropolitana" ou "rexión urbana" que supoñen a consideración tanto da poboación central como de toda a orla periurbana intensamente conectada con ela por fluxos laborais cotidianos" (Lois; 1993). Neste contexto, os tres concellos do Val Miñor participan plenamente das características desta nova forma de urbanización, que é o que explica as transformacións no espazo e nas tipoloxías constructivas, a crise dunhas e o pulo doutras novas actividades económicas, o seu dinamismo poboacional dentro dun contexto, o galego, de crise demográfica xeralizada, a intensa e acelerada actividade constructiva, o elevado valor do solo, etc.

As novas actividades económicas predominantes provocan a transformación da paisaxe rural. Numerosas familias novas abandonan a cidade debido sobre todo á degradación das condicións de vida motivadas pola especulación no mercado do solo, e optan por instalarse nas aforas. Xunto a isto, os cambios de mentalidade da sociedade "máis ecolóxica" axudan a propiciar este crecemento demográfico e urbanístico tan importante, así como uns impostos municipais máis baixos, satisfacción de necesidades duns grupos sociais de altos recursos que desexan residir nunha vivenda independente con finca, etc. Polo tanto, esta paisaxe abandona o seu carácter agrario e convértese nunha sucesión de casas ou chalets (cada vez máis, adosados) de primeira ou segunda residencia, normalmente propiedade de persoas da cidade cercana e ben comunicada, ou ben en ocasións orgánzanse formando pobos satélites con edificación pechada de certa altura. Todo isto provoca que se creen misturas de áreas construídas, espazos agrarios, restos do antigo hábitat rural, algúns polígonos industriais e terreos ocupados polas vías de comunicación orientadas cara á cidade. Ás transformacións demográficas, urbanísticas e económicas que se producen no novo espazo afectado pola periurbanización, debemos engadir uns modos de comportamento cada vez máis urbanos.

Este novo "asentamento humano" ten a súa orixe nos EEUU e na Gran Bretaña a mediados do século XX. Dende os anos sesenta exténdese por toda a Europa Noroccidental e en Galicia temos constancia do mesmo dende finais da década de 1970. Seguindo a clasificación proposta para outros países europeos, e tal como os autores Lois González e De Torres Luna nos confirman, podemos diferenciar tres tipos de áreas periurbanas en Galicia. En primeiro lugar, as periferias das cidades, onde se distinguen diversas coroas segundo a intensidade da dinámica urbanizadora e onde o proceso de periurbanización acadou maior representatividade en Galicia. Algúns dos mellores exemplos están nos entornos de Vigo. O concello de Vigo posúe, xunto a un centro urbano consolidado, parroquias periféricas de carácter rururbano como Bembrive, Cabral ou Matamá, entre outras. Este municipio, ademais, presenta no seu entorno unha importante área periurbana fundamentalmente industrial (O Porriño, Mos e Redondeña), así como sectores residenciais de certo status ó sur da cidade (Nigrán e Baiona sobre todo).

Nun segundo tipo de área periurbana están os sectores costeiros, beneficiados pola súa diversidade económica (explotación dos recursos mariños, industria conserveira, tráfico marítimo, agricultura comercial...), canalización de remesas procedentes da emigración e, dende hai uns anos, pola irrupción do fenómeno turístico. É o caso da práctica totalidade do litoral pontevedrés. Este periurbano turístico é o que máis claramente define e identifica o tipo de espazo predominante no Val Miñor. Por último, algúns autores consideran como área periurbana a todo aquel espazo onde a maioría da poboación activa traballa nun núcleo urbano próximo, polo que nesta tipoloxía se pode incluír unha gran parte de Galicia.

En definitiva, as transformacións sociais e territoriais causadas polo desenvolvemento turístico en Baiona, Gondomar e Nigrán débese de estudar en relación coas consecuencias derivadas do fenómeno da periurbanización neste espazo.


#### **A distribución das infraestruturas turísticas**

Este primeiro nivel de análise sobre a oferta de aloxamentos turísticos, tanto a través da distribución das vivendas secundarias como a través das diferentes modalidades de aloxamento tradicional (hotel, hostel, campismo...) e de turismo rural, constitúen un primeiro balance do estudo sobre os recursos turísticos cos que conta o litoral das Rías Baixas e que xustifican a súa potencialidade na actividade recreativa. Para isto presentamos dous mapas onde poder establecer diferencias entre un turismo itinerante (hoteis, campismo, balnearios, casas de turismo rural...) e un turismo residencial exemplificado a través das vivendas secundarias. Unhas residencias que poden posuír unha dobre funcionalidade, ben como vivendas de fin de semana e para a época estival para os seus propietarios ou ben utilizadas como casas de aluguer.

En canto ás residencias secundarias, no conxunto de Galicia representan tan só un 11,18% do total das familiares, mentres neste territorio atopamos as maiores concentracións do país. A importancia do Val Miñor tanto como espazo periurbano de Vigo como por ser un dos focos turísticos pioneiros da Galicia costeira permite que estas doadamente representen máis do 25% e ata do 30% das vivendas nestes tres concellos (Nigrán, Baiona e Gondomar). Pensemos que a modalidade de vivenda de aluguer é a oferta de aloxamento máis común nesta comarca. Séguenlle en importancia dous municipios que, aínda que se poden chegar a configurar en periurbanos da cidade de Pontevedra, deben o seu desenvolvemento e crecemento á súa función turística funda-



mental. Referímonos a Sanxenxo e O Grove, situados na mesma ría de Pontevedra. Así, estamos ante unha distribución de residencias secundarias que coincide plenamente cos núcleos turísticos tradicionais das Rías Baixas. Non obstante, durante os últimos anos estase a detectar un incremento importante da oferta no Morrazo e nalgúns dos términos do norte destas rías, xa na provincia de A Coruña, como son Porto do Son e Muros. Nestes, os desprazamentos turísticos durante o verán e fin de semana realizados por parte dos habitantes de Santiago de Compostela estanse a ver completados durante os últimos anos por turistas procedentes da Meseta, fundamentalmente de Madrid, que veñen na búsqueda duns destinos pouco saturados e alonxados dos focos máis tradicionais. A escasa experiencia na explotación turística en concellos como Muros, con tan so uns dez anos con presenza importante de turistas, exprésase a través dunha escasa oferta hoteleira que é suplantada por un bo número de vivendas de aluguer de tempada. Igualmente, a falta de profesionalización nesta materia explica que estas residencias non sexan habitualmente de nova planta, senón que esteamos ante unha adaptación de vivendas familiares ou antes abandonadas cara unha nova función para aloxamento turístico.



Paralelamente a este aumento das residencias secundarias en determinados enclaves da nosa costa, prodúcese unha proliferación de oficinas inmobiliarias que, fóra dos ámbitos urbanos con maior dinamismo constructivo (Vigo, Pontevedra ou Vilagarcía), establécense nos principais centros turísticos para xestionar o aluguer de vivendas durante o período estival. Isto explica as catorce oficinas contabilizadas en Nigrán ou as once en Sanxenxo. Aínda que, sobre todo para o primeiro caso, debemos engadir como causa o “boom” constructivo que nos últimos anos coñecen os tres concellos do Val Miñor, que demandan toda unha serie de servizos para a xestión das vendas. Unha actividade que está máis relacionada coa periurbanización, é dicir coa configuración destes municipios como espazo de desconxestión urbana de Vigo, que co propio desenvolvemento turístico.

Se ben a proliferación de inmobiliarias nas Rías Baixas podería contribuir a profesionalizar o mercado de aluguer, atopámonos aínda co dominio dunha economía sumerxida que estas oficinas escasamente axudan a regularizar, ben polo seu escaso interese, xa que coa regulación das casas de aluguer poderían tamén minguar os seus beneficios, ben pola ilegalidade de moitas delas que unicamente operan durante o verán e fóra do ámbito colexial.

Outra variable que é claro exponente da aparición e expansión do turismo de masas é o ano e número de construción de vivendas. Diferentes tipos de urbanizacións e bloques de apartamentos son símbolo dos primeiros focos turísticos destas rías, como sucede en Baiona, Nigrán e Sanxenxo, o que contribúe a transformar de maneira significativa a fisionomía deste privilexiado litoral. As licencias concedidas ó longo de 1996 tanto para a edificación de nova planta como para a rehabilitación ou demolición de edificios ascende ás 56 en Nigrán, 47 en Baiona, 30 en Sanxenxo e 24 no Grove. Concretamente, o concello de Nigrán é o sétimo término da provincia de Pontevedra cunha maior superficie a construír en edificios de nova planta no 1996, despois dos de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Redondela, Cangas e Pontearreas. Mentres tanto, noutros núcleos do litoral das Rías Baixas como Muros, Noia, A Pobra do Caramiñal, Vilanova de Arousa ou Gondomar non se chegan a superar as 20 licencias. Na táboa seguinte observamos como Nigrán e Baiona dominan amplamente na concesión de licencias de construción comparativamente con outros concellos turísticos, non urbanos, das Rías Baixas. Unha vez máis, unha superioridade baseada non exclusivamente en función da actividade turística senón tamén no dinamismo constructivo propio dos espazos periurbanos.

Táboa 1. Comparativa en licencias concedidas, edificios a construír e vivendas, 1996.

	Licencias concedidas			Edificios a construír nova planta
	Edificación nova planta	Rehabilitación demolición	Total	
Muros	10	0	10	10
O Grove	15	9	24	15
Sanxenxo	26	4	30	26
Nigrán	56	9	65	56
Baiona	39	16	55	47


Fonte: IGE (1999) *Estadística de edificación e vivenda 1996*.

Polo que respecta á oferta de aloxamento para un turismo itinerante, os nove municipios das Rías Baixas pertencentes á provincia da Coruña contabilizan un total de 37 establecementos hoteleiros e hosteleiros, que representan só un 11,59% dos da súa provincia. Mentres tanto, as comarcas das Rías Baixas de Pontevedra concentran o 81,81% da súa provincia e o 34,95% de Galicia. Só o concello de Sanxenxo, cuns 3.038 cuartos, supera os disponibles en toda a provincia de Ourense (2.524) e achégase á de Lugo (3.241), representando o 24,57% de tódalos cuartos en hoteis e hostais de Pontevedra.

A contabilización duns 76 hoteis e 30 hostais neste concello de só 16.034 habitantes no 1996, máis do dobre da oferta atopada en cidades como Vigo e Pontevedra, expresa a funcionalidade turística de Sanxenxo que chega ata triplicar a súa poboación durante os meses estivais. Xunto a este, O Grove delimita un sector turístico de continuidade que, como complemento á oferta de Sanxenxo, conforma o primeiro foco turístico das Rías Baixas. Ademais, no Grove atópase un dos tres hoteis de cinco estrelas existentes en Galicia, o Hotel-Balneario de A Toxa.

Situado a unha importante distancia deste sector, os términos costeiros do Val Miñor (Nigrán e Baiona) configuran un modelo turístico similar para a ría de Vigo. As actividades propias destes centros tradicionais do turismo galego, xa cun importante esplendor nos anos 1920 (Novo, 1998), fortalécense como espazo periurbano de Vigo, polo que están entre os concellos máis dinámicos demográfica e economicamente de Galicia. Mentres Baiona posúe a mellor oferta hoteleira, incluso coa existencia dun Parador Nacional (ó igual que sucedía co hotel en A Toxa para o outro sector), Nigrán serve de complemento proporcionando sobre todo unha densa rede de apartamentos e chalés para o aluguer no verán xunto ás máis importantes praias do sur da ría de Vigo. Por outra parte, amais da importante oferta de aloxamentos nalgúns municipios costeiros do Morrazo (Cangas), O Barbanza (Ribeira) así como en Poio, que actúa como núcleo de unión entre Pontevedra e o foco principal de Sanxenxo-O Grove, debemos voltar a insistir sobre o desenvolvemento que está adquirindo a vila de Muros que se está a converter no principal núcleo turístico do sector norte das Rías Baixas.

En xeral para todo este espazo do suroeste de Galicia domina o minifundismo da oferta hoteleira, xa que a relación prazas-establecementos invírtese a favor destes, é dicir, é maior o número de industrias c6 de prazas, xa que habitualmente se trata de pequenas explotacións familiares herdeiras do veraneo histórico.



A falsa imaxe de unidade turística para este territorio e a tendencia á concentración hoteleira nuns poucos núcleos reafírmase cando se analizan os aloxamentos extrahoteleiros e de turismo rural. En realidade, estamos ante un dos territorios de Galicia con menor desenvolvemento do turismo rural debido fundamentalmente a esa tipoloxía dominante de sol e praia. Se ben esta nova forma de turismo de tranquilo descanso en contacto coa natureza e co mundo rural podería contribuír, por un lado, a reducir os problemas de estacionalidade nos municipios litorais máis especializados e, por outro, a introducir esta tipoloxía como actividade económica complementaria para os espazos máis rurais e cunha orientación turística aínda moi reducida na actualidade, como sucede sobre todo nalgúns das comarcas do Salnés e O Barbanza, a presenza de establecementos rurais redúcese a unicamente 14 casas, cunha localización preferente nos términos máis interiores e rurais do Salnés. Da mesma maneira, a modalidade de aloxamento en campismo volta a concentrarse nos centros turísticos máis tradicionais, polo que veñen máis a diversificar a oferta destes focos principais (Sanxenxo, Cangas, Vilanova de Arousa...) que a ofrecer novos recursos e posibilidades de desenvolvemento turístico a concellos fóra dos circuitos e áreas máis saturadas deste turismo estival heliotrópico.

#### A terciarización da sociedade e outros indicadores de ocupación

Son abundantes os traballos que estudaron os cambios operados na distribución da poboación activa ocupada polos tres sectores de actividade clásicos nalgunha destas comarcas (Somoza, 1998; Patiño, 1997). As tendencias apuntan cara un claro dominio do terciario, debido tanto ó emprego xenerado polo turismo como polas consecuencias derivadas da periurbanización nalgúns destes espazos, pero sen abandonar unha actividade agraria e pesqueira aínda de gran peso económico e laboral. Non obstante, tal e como poidemos comprobar á hora da análise dos anteriores indicadores, os contrastes espaciais deixan constancia da diferente funcionalidade turística de todo este territorio. Na seguinte táboa podemos observar os contrastes sociolaborais entre dous concellos de explotación turística intensiva (Sanxenxo e Nigrán) e outros dous localizados fóra dos focos tradicionais e que aínda non lograron rentabilizar as posibilidades recreativas e de ocio das Rías Baixas.

Táboa 2. Distribución da poboación activa ocupada por sectores de actividade, 1991-1996.

		Primario	Secundario	Terciario
Sanxenxo	1991	18,79%	43,72%	33,07%
	1996	18,70%	34,08%	47,20%
Nigrán	1991	4,44%	50,35%	45,24%
	1996	8,67%	38,23%	53,09%
Meaño	1991	38,30%	40,51%	21,17%
	1996	19,27%	41,73%	38,99%
Meis	1991	35,01%	42,28%	22,36%
	1996	21,20%	45,36%	33,42%


Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas 1991 e Padrón Municipal de Habitantes 1996.

Sen embargo, e aínda cando o emprego directo e indirecto xenerado pola actividade turística se expresa en diferentes ámbitos económicos, as consecuencias sobre determinadas ocupacións manifesta o seu nivel de desenvolvemento. Así, a través da distribución porcentual da poboación ocupada na hostelería cartografiamos a intensidade dun emprego directamente relacionado coa oferta de establecementos adicados ó turismo. O mapa adxunto delimita, unha vez máis, a área O Grove-Sanxenxo como a que adquire maior grao de intensidade nesta actividade, seguida a unha importante distancia dos municipios que integran O Val Miñor, algúns do Salnés e os da parte norte da ría de Muros e Noia. A elevada porcentaxe de empregados na hostelería en Soutomaior, ó fondo da ría de Pontevedra, explícase non tanto pola potencialidade desta actividade no seu concello, senón pola atracción do emprego xenerado pola cidade de Vigo.

Por último, outra variable de grande utilidade para avaliar o grao de desenvolvemento turístico dun territorio refírese á análise dos índices de ocupación hoteleira e extrahoteleira. O número de pernoctacións, de viaxeiros ou do nivel de ocupación non se presenta oficialmente por municipios, o cal introduce unha importante dificultade á hora de estudiala ocupación a pequena escala. Aínda así, introducimos un novo indicador para o estudo desta variable que, se ben non ten obrigatoriedade por estar relacionada unicamente co turismo, si mantén unha estreita relación de causa-efecto, sobre todo nun territorio dunha tipoloxía dominante de sol e praia. Referímonos ó grao de ocupación das praias de cada un dos términos das Rías Baixas, baseándonos para isto nos datos proporcionados pola *Dirección General de Costas do Ministerio de Obras Públicas, Transporte y Medio Ambiente* sobre cada un dos areais galegos. No seu conxunto e segundo datos de 1995, os 124,234 km de areal das nosas rías manteñen uns niveis de ocupación media aínda que moi contrastados por espazos, consecuencia do diferente nivel de función turística do noso litoral.

Segundo a clasificación aplicada polo MOPTMA para cada praia, segundo sexa a súa ocupación alta, media ou baixa, relacionamos os metros de areal e o seu correspondente grao de ocupación co total de metros de praia de cada concello. O resultado é a proporción de metros de praia do término con ocupación alta, media ou baixa. Este sistema permítenos comproba-la atracción e o nivel de saturación dun espazo que ten na praia un dos seus recursos de reclamo turístico máis importante. A representación cartográfica destes datos delimitáanos tres tipos de espazos. O primeiro deles exténdese dende Outes a Cambados, é dicir, as rías de Muros-Noia e Arousa, que se caracteriza por posuír algúns dos areais máis extensos pero con aínda un escaso nivel de ocupación. Eiquí van coincidir os novos espazos turísticos da ría de Muros-Noia, en pleno desenvolvemento, co tradicional foco de Vilagarcía, de grande importancia ó longo de todo este século sobre todo por ser pioneiro na implantación de casas de baños e polo embarque de grandes transatlánticos no seu porto, pero que pasou a converterse nun centro secundario na actualidade (Novo, 1998). En segundo lugar, a ría de Pontevedra, dende O Grove ata Marín e Bueu, presenta os maiores índices de saturación nas súas praias, o que vén a confirmar unha tipoloxía e toda unha área (Portonovo-Sanxenxo e O Grove) que ten na produción de espazos de ocio a súa función económica predominante. Por último, a ría de Vigo mantén elevados índices de ocupación que se deben, practicamente por igual, á súa importancia como centro turístico e á elevada densidade de

poboación de todo este espacio que forma parte da aglomeración urbana de Vigo. Isto explica a importante ocupación nas praias do Val Miñor, que chega ata o 100% nas de Nigrán.



### Tipoloxía turística do Val Miñor

#### Cara a unha clasificación de espazos turísticos nas Rías Baixas

Os tipos de paisaxes xurdidas en determinados sectores do litoral das Rías Baixas, consecuencia da primacía do turismo como elemento de ordenación do territorio, efectivo sobre todo dende 1970, conviven cun amplo espacio no que un baixo desenvolvemento turístico tivo unha reducida impronta territorial. A concentración nuns poucos núcleos e a saturación á que está chegando a súa explotación por mor dunha deficiente política de planeamento urbanístico (tipo Sanxenxo, Nigrán e Baiona), é a consecuencia duns modelos de marketing turístico e de desenvolvemento urbanístico similar ó experimentado no Mediterráneo español dende a década de 1960-1970. En definitiva, as transformacións demográficas e as rexistradas nas actividades productivas, que propiciaron un incremento da presión polos distintos usos do solo, a distinta oferta de aloxamentos, as diferentes potencialidades de desenvolvemento de actividades de ocio e o consecuente diferente nivel de función turística de cada concello, permítenos clasificar todo este territorio das Rías Baixas en sete espazos turísticos fundamentais; un deles cunha tipoloxía particular para os tres concellos que forman o Val Miñor. Todo isto, a súa vez, é causa de importantes discontinuidades dende o punto de vista funcional e dos usos do solo en todas estas comarcas litorais.

1. O primeiro foco turístico litoral de Galicia: a área Sanxenxo-O Grove. Estamos ante o principal centro de atracción turístico de sol e praia de Galicia. A maior e máis variada oferta de aloxamentos da Comunidade Autónoma permite a convivencia de numerosos campings co único hotel de cinco estrelas con campo de golf existente en Galicia, así como unha

extensa rede de apartamentos e casas de aluguer. Os seus visitantes proveñen sobre todo da Comunidade Autónoma (Pontevedra e Ourense) e de Madrid, aínda que nos últimos anos estase a detectar unha importante afluencia de turistas portugueses de elevado nivel adquisitivo. Combínase o desenvolvemento dun sector con grande tradición turística, exemplificado pola Illa e o complexo de A Toxa, a proliferación de modelos de crecemento propios do Mediterráneo español dos anos setenta (Sanxenxo), con antigos núcleos pesqueiros que aínda manteñen parcialmente a súa primitiva fisionomía, aínda que están en plena transformación por esta nova e máis rendíble actividade (Portonovo e O Grove). As potencialidades dunha área fortemente especializada e profesionalizada, que se atopa inmersa nunha etapa de continuo crecemento no número de visitantes, conviven con importantes debilidades que poden chegar a hipotecar o seu propio desenvolvemento. Referímonos ós coñecidos problemas de monofuncionalidade e estacionalidade, que converten a algúns destes núcleos en moi dependentes do turismo estival, e á especulación urbanística e ás constantes agresións naturais e paisaxísticas.

2. O principal espacio periurbano litoral e turístico de Vigo: O Val Miñor (Baiona, Nigrán e Gondomar). Cunha menor especialización turística có anterior, estamos ante un foco turístico tradicional moi importante ó longo de todo este século (Baiona e Praia América) que, como espacio periurbano de Vigo, combina unha forte presenza de visitantes na época estival (sol e praia) cun crecemento poboacional e urbanístico (barrios residenciais con chalés, rehabilitación de vivendas tradicionais...) consecuencia da influencia de Vigo. Aínda cunha oferta de aloxamentos inferior a Sanxenxo-O Grove, posúe un destacado número de hoteis, hostais, campings e, sobre todo, vivendas para o aluguer estival. Modalidade de aloxamento que xa fora moi desenvolvido na primeira metade deste século (Novo; 1998). Pero entre todos estes sobresaí o Parador Nacional Conde de Gondomar, cercano ó cal atópase o Clube de Iates Monterreal de Baiona, o máis prestixioso de Galicia. Se ben os maiores continxentes de turistas estranxeiros se dirixen primordialmente a estes establecementos de primeira categoría, os visitantes proveñen de toda España, aínda que, unha vez máis, os madrileños son os máis abundantes, seguidos dos procedentes de Catalunya e Euskadi. Como tamén sucede no anterior caso, as potencialidades deste espacio atópanse ameazadas por unha planificación urbanística moi deficiente que está chegando a arruinar entornos naturais de grande valor paisaxístico (marismas do río Miñor en A Ramallosa, dunas de Praia América e Panxón...), antigos núcleos pesqueiros tradicionais (Panxón) e destacados cascos históricos agora xa protexidos normativamente (Baiona). Pola súa parte, o concello de Gondomar está a adquirir progresivamente unha maior importancia, tanto como espacio periurbano como por ver aumentada a súa oferta de vivendas de aluguer estival a máis baixo prezo cás atopadas nos seus veciños municipios litorais.

A toda esta débil planificación urbana engádese un incumprimento en ocasións sistemático da normativa superior, como sucede coa *Ley de Costas*. As múltiples edificacións no Monte Lourido, Monteferro ou na rasa mariña na que se sitúa a estrada que se dirixe dende Baiona a A Guarda, na mesma ladeira de A Grova, son exemplos máis que significativos. Toda esta permisividade urbanística facilita a construción de vivendas por case todo o territorio, antes só no litoral, agora tamén no rural e interior, que converten sobre todo a Nigrán e

Baiona en espacios saturados con escasas reservas de solo non urbanizable e de protección. Ata a actualidade os distintos gobernos municipais responden cunha nula conciencia protectora do medio natural e patrimonial, reducíndose as súas actuacións a facilitar a saída de solo ó mercado, baseándose na equivocada idea liberal de ser esta a principal medida para propiciá-lo desenvolvemento. Se ben é algo común a unha grande parte da Galicia, sobre todo litoral, a asunción de modelos xa caducos e totalmente superados noutros territorios con maior experiencia na explotación dos seus recursos turísticos, parece ser a solución máis perseguida pola maioría dos responsables municipais do Val Miñor que, máis que aproveitar-se das sinerxías e dos fenómenos de desconxestión xenerados dende Vigo, reducen as súas actuacións a apoiar un crecemento urbanístico desmesurado.

3. O crecemento turístico recente en O Morrazo (Cangas, Moaña, Bueu e Marín). A pesar de ser recente a súa incorporación como importante foco turístico de Galicia, asociado plenamente á tipoloxía de sol e praia e ós espacios urbanos máis cercanos (Vigo e Pontevedra), durante anos foi visitado polos habitantes de Vigo pola súa cercanía e atractivos paisaxísticos. A súa función turística débese basicamente á súa inclusión no espacio periurbano de Vigo e, incluso, ós movementos pendulares de habitantes das comarcas cercanas que se desprazan ás praias destes concellos. As transformacións espaciais e a fisionomía dos núcleos son unha consecuencia fundamental dos procesos de rururbanización xenerados dende a cidade de Vigo e, para o caso de Marín, da de Pontevedra, máis que por unha función turística importante exemplificada a través dunha pequena oferta de aloxamentos turísticos.

4. Un modelo de desenvolvemento turístico en transformación: a comarca do Salnés. Este territorio, capitalizado por Vilagarcía de Arousa, foi un dos principais polos de atracción turística de Galicia na segunda metade do século pasado, cando Vilagarcía era unha das vilas galegas, xunto a Baiona, Vigo e A Coruña, que puxeron en funcionamento casas de baños de augas mariñas para o desfrute dos visitantes. Na actualidade, aínda mantendo unha importante presenza no panorama turístico galego, non logra revitalizar o seu antigo esplendor. Teñamos en conta que xa a principios do actual século neste núcleo acometéronse importantes obras de infraestrutura urbanística nas súas praias para a explotación dun incipiente turismo con visita á praia como valor terapéutico (Novo; 1998). Hoxe en día trátase dun turismo de procedencia case exclusivamente estatal, con períodos curtos de visita para a súa escasa oferta hoteleira, onde se combina a praia, as visitas histórico-culturais (Cambados) e gastronómicas e, dende hai uns poucos anos, unha nova tipoloxía: o turismo rural. Sen lugar a dúbidas estamos ante o espacio das Rías Baixas que mellor está a aproveitar-las potencialidades paisaxísticas e naturais dunha boa parte da súa comarca, fundamentalmente os lugares situados máis ó leste, é dicir, os máis alonxados dos principais areais. Non esquezamos que nos atopamos na mesma terra do Albariño, de grande importancia tanto por si so como polos aspectos culturais e etnográficos que leva aparelhada a tradicional explotación destas vides.

5. Un novo turismo residencial sen abandono das actividades primarias tradicionais: o territorio das Rías Baixas coruñesas. Con moitas décadas de retraso con respecto á intensificación turística de determinados municipios do sur de Galicia xa sinalados, a parte norte da ría de Arousa e a de Muros-Noia incorporáronse tardiamente a esta nova actividade económica. A explotación dun turismo fundamentalmente de sol e praia é unha ocupación comple-



mentaría para a economía dunhas poboacións aínda moi dependentes da pesca e marisqueo. A recepción dun menor número de visitantes e a escasa tradición turística púxose de manifesto na análise da súa escasa oferta de aloxamentos. Non obstante, este aproveitamento máis extensivo, con baixos niveis de ocupación e escasa profesionalización, convértese no seu maior atractivo. Ó número cada vez máis destacable de turistas de toda España, fundamentalmente da Meseta, e do resto da Galicia urbana, engádense uns cada vez máis habituais visitantes procedentes de centro-Europa, sobre todo alemáns na busca de espazos litorais e rurais pouco masificados. Aínda así, as enormes potencialidades naturais (Parque Natural de Corrubedo), histórico-artísticas (Muros, Noia...), gastronómicas, etc. poden entrar en conflito coa aplicación de modelos de sol e praia pouco diversificados, imitando experiencias doutros núcleos do sur de Galicia que, ante a falta de planificación turística, propiciaron graves problemas para o desenvolvemento destas áreas litorais: a especulación urbanística, a estacionalidade, a superespecialización...

6. As potencialidades do turismo urbano: Vigo e Pontevedra. As dúas principais cidades de todo este espazo son, dende principios de século, destinos turísticos de primeira orde en todo o país, aínda con contrastes bastante significativos. Os areais e o excelente porto da primeira contribuíron a que se convertese en escala de importantes liñas de cruceiros turísticos e en destino do turismo interior, primeiro para asistir á súa casa de baños e, dende hai unhas décadas, como turismo de sol e praia. Así mesmo, a importancia dunha cidade industrial e economicamente activa que capitaliza unha aglomeración urbana de máis de 500.000 habitantes inflúe na súa importancia como centro de negocios. Pola súa parte, Pontevedra ten no seu casco histórico de estrutura e orixe medieval o seu centro de atracción máis significativo. En ambos casos, e a diferenza do sucedido na maior parte dos outros espazos turísticos, este turismo urbano decántase por estancias reducidas e con aloxamentos en hoteis e hostais de diferente categoría.

7. O resto dun territorio pouco coñecido: os concellos do interior e os espazos rurais cunha débil liña de costa. Para o final deixamos a toda una serie de términos cunha función turística moi reducida e que nin tan siquera logran completar a oferta en aloxamentos e recursos doutros veciños máis intensamente explotados, aínda que, nalgúns casos, poidan chegar a ser unha extensión dos mesmos. Referímonos a concellos como Soutomaior, Outes, Redondela, Vilaboa... difíciles de encadrar en calquera destas tipoloxías e que escasamente se dinamizan por lograr introducir novos sistemas para a explotación dos seus recursos naturais e culturais.

**BIBLIOGRAFÍA**

- DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO e INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE). (1999): *Enquisa continua de ocupación hoteleira de Galicia. Decembro 1998*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- FORMIGO COUCEIRO, J. e SANTOS SOLLA, X.M. (1998): "Pasado, presente e futuro do turismo en Ourense". *Ourense. Sociedade e Territorio*, capítulo 8, Lois González e Somoza Medina (coords.), pp. 193-219.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J.M. (1999): "El desigual desarrollo del fenómeno turístico en el primer espacio con tradición vacacional en Galicia: las Rías Baixas". *El Territorio y su Imagen (XVI Congreso de Geógrafos Españoles)*, volumen I, pp. 527-540.
- IGE (1998): *Padrón Municipal de Habitantes do 1996*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- IGE (1999): *Estatística de edificación e vivenda 1996*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- LOIS GONZÁLEZ, R.C. (1993): "Problemas para a delimitación dos espazos urbanos e rurais". *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia*, Asociación Galega de Historiadores, pp. 201-221.
- MOPTMA (1995): *Guía oficial de playas de España. Tomo II: Las playas gallegas del Atlántico. A Coruña y Pontevedra*. Centro de Publicaciones del MOPTMA, Madrid.
- NOVO MALVÁREZ, M. (1998): *Aproximación ó estudio histórico das vilas con tradición turística en Galicia*. Dirección Xeral de Turismo, Xunta de Galicia, inédito.
- PAZO LABRADOR, A.J. (1994): *La trama de los asentamientos rurales en las Rías Bajas gallegas*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra.
- SÁNCHEZ AGUILERA, D. y MAJORAL, R. (1997): "Contrastes y discontinuidades en el litoral catalán". *Dinámica litoral-Interior (Actas XV Congreso de Geógrafos Españoles)*, volumen I, pp. 541-550.
- SOMOZA MEDINA, J. (1997): "Cambios provocados por el turismo en el área Portonovo-Sanxenxo (1956-1995)". *Dinámica litoral-Interior (Actas XV Congreso de Geógrafos Españoles)*, volumen I, pp. 551-561.
- TORRES LUNA, M<sup>ª</sup>P. de e LOIS GONZÁLEZ, R.C. (1995) *Las periferias urbanas de Galicia*. Anales de Geografía de la Universidad Complutense, número 15, Servicio de Publicaciones, Universidad Complutense, Madrid, pp. 435-444.
- TORRES LUNA, M<sup>ª</sup>P. de e LOIS GONZÁLEZ, R.C. (1995) *Claves para la interpretación del mundo urbano gallego*. Anales de Geografía de la Universidad Complutense, número 15, Servicio de Publicaciones, Universidad Complutense, Madrid, pp. 731-740.
- VERA REBOLLO, J.F. (1987): *Turismo y urbanización en el litoral alicantino*. Instituto de Estudios "Juan Gil-Albert", Diputación Provincial de Alicante, Alicante.

# Despalatalización, palatalización e ceceo no subsistema de sibilantes da fala do Val Miñor

XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ

**D**e entre o variado e complexo abano de posibilidades de estudio que nos ofrecen os subsistemas sibilantes do idioma galego, quixeramos abordar hoxe aquí tres aspectos que, aínda non sendo sobranceiros, si poden ser de interese para os estudiosos da nosa lingüística. Estámonos a referir ó estudio dos fenómenos denominados “despalatalización” (avance no punto de articulación do fonema fricativo, patatal, xordo, /ʃ/, que se articula nos alveolos derivando nun sonido primeiro e nun fonema posteriormente fricativo, apicoalveolar, xordo, /s/); “palatalización” (fenómeno recíproco, que consiste no retroceso no punto de articulación do /s/ en posición implosiva –apicoalveolar normalmente en todo o territorio galego– que produce unha realización semipalatalizada /s̺/ ou palatalizada /ʃ/, case sempre condicionadas pola presenza dun fonema oclusivo xordo ou dunha pausa); e “ceceo” (ausencia no sistema de sibilantes da realización do fonema /s/ en posición prenuclear ou explosiva e aparición no seu lugar de realizacións interdentalizadas [ʃ] ou [θ], sobre todo en posición intervocálica).

Se nos decidimos por estes tres e deixamos de lado outros fenómenos que concorren nos diferentes subsistemas sibilantes galegos é por seren estes menos coñecidos e menos estudados, por apareceren en pequenas áreas da costa atlántica galega –o Val Miñor, evidentemente, é unha destas microáreas–, e por estaren moi estreitamente relacionados no reducido marco espacio-temporal que imos abranguer, sen renunciarmos a referencias diacrónicas, moi necesarias para o tema que nos ocupa, e relacións con fenómenos semellantes que teñen lugar noutras linguas e falares romances, xa que sen isto último a nosa comunicación non pasaría de ser unha anécdota lingüística.

Tomando como referencia os estudos realizados sobre o seseo galego polos doutores da Universidade de Santiago e membros do Instituto da Lingua Galega, Manuel González<sup>(1)</sup> e Francisco Fernández Rei<sup>(2)</sup>, poderíamos comezar facendo un esquema dos diferentes subsistemas galegos e portugueses que hoxe existen, a partir do sistema do primitivo galego-portugués medieval (*ver Figura 1 en páxina seguinte*):

(1) Manuel González González, “Subsistemas de sibilantes no galego actual”, en Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, Université de Trèves (Trier) 1986, Vol. III: *Grammaire diachronique et histoire de la langue - Dialectologie et géographie linguistique - Textes non-littéraires*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1991, pp. 531-548.

(2) F. Fernández Rei, “Seseo”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, XXVIII.

**Figura 1.**  
Esquema dos diferentes subsistemas galego e portugueses que hoxe existen, a partir do sistema do primitivo galego-portugués medieval.

/s/ - /ðz/ /s/ - /z/ /j/ - /s/	/s/ - /z/ /s/ - /z/ /j/ - /s/	/s/ - /s/ - /j/ 3	<s/s> - /j/	[ʃ] / [j] 5a
				[s] / [j] 5b
			/θ/ - /s/ - /j/	4
<s/s> - <z/z> /j/ - /s/			/s/ - /z/ /j/ - /s/	6
			/s/ - /z/ /j/ - /s/	7

1. Sistema primitivo, caracterizado por posuír tres pares de fonemas sibilantes, un africado predorsodental, un fricativo prepalatal e outro fricativo apícoalveolar.

2. Sistema arcaico, onde o par africado pasou a fricativo pola perda do elemento oclusivo. Actualmente vixente na Limia Baixa, galego-zamorano de Hermisende e grande parte do norte e nordeste portugués. Nalgúns puntos da Limia Baixa o par predorsodental evolucionou a interdental: /θ/ - /ð/.

3. Sistema de transición ó galego, caracterizado pola desaparición dos tres fonemas sonoros. Vixente aínda en puntos da costa atlántica galega e da fronteira luso-leonesa.

4. Sistema maioritario do galego, dentro del hai unha grande área de seseo implosivo.

5. Sistema sescante do galego, de norma apicoalveolar 5a e predorsodental 5b.

6. Sistema portugués do noroeste ou beirão, con desaparición de predorsodentais.

7. Sistema portugués do centro e sur, maioritario, con desaparición de apicoalveolares.

No sistema que nós enumeramos como 5b, galego de seseo predorsodental, distingue o doutor González (*op. cit.*) tres subsistemas correlativos que normalmente coexisten e se interfieren: subsistema seseante de norma predorsal, subsistema despalatalizador e subsistema innovador; estes dous últimos reflexan o elo derradeiro da cadea simplifcativa do sistema de sibilantes e teñen lugar na fala dos máis novos. Se no subsistema predorsal se establecía a oposición prenuclear /j/ - /s/, no despalatalizador atoparémola oposición /s/ - /s/, e no innovador só acharemos un único fonema sibilante fricativo<sup>(3)</sup>: /s/.

Estamos, secasí, perante o primeiro dos fenómenos do que nos iamos ocupar: a despalatalización. Diciamos ó primeiro que rexeitabamos caer no simple descritivismo sincrónico, e é por iso polo que imos ve-la despalatalización, non diseccionada, senón formando parte dun proceso diacrónico na nosa opinión ben evidente, e, principalmente polas importantes repercusións fonéticas e fonolóxicas que vai producir no subsistema sibilante destas áreas predorsais e, concretamente, na fala do Val Miñor.

Prodúcese, en consecuencia, un achegamento entre as articulacións prenucleares dos fonemas en oposición /j/ e /s/ (recordemos que en posición posnuclear xa tivera lugar unha neutralización que se realizaba principalmente como fricativa apicoalveolar), achegamento encamiñado á confusión nun só, como anteriormente se confundiran nun só fonema dous

(3) Prescindimos de mencionar en todo caso o fonema africado palatal xordo /tʃ/, por non representar problema ningún en ningunha fala galega.

fonemas medievais con realizacións fonéticas moi próximas no punto de articulación, /s/ e /š/. Clarinda de Azevedo<sup>(4)</sup> afirma que desde o séc. XIII o galego está procedendo a unha simplificación do sistema de sibilantes, redución que se xeneralizou nos sécs. XIV e XV co enxordecemento das sonoras e que continúa hoxe no galego, engadimos nós, nas áreas de seseo predorsal co proceso despalatalizador e innovador, que conduce indefectiblemente á simplificación máxima nun único fonema.

Ó primeiro, a realización do fonema /ʃ/ sofre un proceso despalatalizador: aproxímanse á realización do fonema /s/. Isto vai provocar inmediatamente unha serie de axustes no sistema, un corremento encadeado na mesma dirección:


Se /ʃ/ : [ʃ] ou [š]  
igualmente /s/: [s] ou [š].

O fonema predorsal en posición débil intervocálica comeza a articularse predorsointerdental ou propiamente como un verdadeiro sonido interdental:

[ˈkasa] [ˈkaʃa] ~ [ˈkaθa]

O achegamento simplificador do /ʃ/ ó /s/ provoca un corremento paralelo nas realizacións dos dous fonemas, que avanza no mesmo sentido un grao no punto de articulación. Na posición máis débil, na intervocálica, a realización do /s/ dá lugar ó fenómeno que coñecemos como “ceceo”; este ceceo pódese estender mesmo a posicións non intervocálicas, aínda que con menor frecuencia de aparición:

[ˈti ˈθaβeš koŋˈtar], [ˈti nõŋ ˈθaβeš koŋˈtar]



(4) C. de Azevedo Maia, *História do galego-português*, Lisboa, INIC, 1987, pp. 439-472 (neste libro inclúese unha completa bibliografía); “Antecedentes medievais do “seseo” galego”, en *Homenaje a Zamora Vicente*, Madrid, 1988, pp. 33-44. Cf. Ramón Lorenzo “Algunhas consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia”, en *Verba* 14, 1987, espec. pp. 460-465; “O estado da lingua nun documento do séc. XIV”, en *Arquivos do Centro Cultural Português* XXIII 1987, pp. 54-56.

Este “exceso de interdentalización”, de avance nunha única dirección, vai provocar a reacción do sistema en sentido contrario, vai ter lugar un “efecto compensatorio”; o sistema vai buscar un novo acomodo logo da convulsión producida por tanto axuste e reaxuste. Tanto é así que axiña comprobamos na fala do Val Miñor como cando nunha palabra ten lugar o fenómeno da despalatalización ou da interdentalización, se nesa palabra existe un -s posnuclear ou implosivo (realizado normalmente como apicoalveolar), este palatalízase ou semipalatalízase ([ʃ] ou [ʃ̺]); así mesmo, ocorre esta palatalización cando o -s implosivo vai seguido de pausa ou de fonema oclusivo xordo (/p/, /t/, /k/):

[a ‘kaʃa], [aʃ ‘kaʃaʃ] ~ [aʃ ‘kaθaʃ];  
 [ũŋ ‘koʃo], [ũŋʃ ‘koʃoʃ];  
 [‘eʃeʃ ‘treʃ ‘piʃkoʃ] ~ [‘eθeʃ ‘treʃ ‘piʃkoʃ].

De maneira que no miñorano, en principio, para que se dea o fenómeno da palatalización implosiva, teñen que se verificar estas tres condicións: a) despalatalización ou interdentalización previa; b) presenza a seguir dun fonema oclusivo xordo; e c) seguida de pausa. Estas dúas últimas condicións concorren tamén noutras áreas da Romanía como factores palatalizadores do -s implosivo, segundo os datos dos que dispomos<sup>(5)</sup>.

Estamos, secasí, perante unha palatalización condicionada foneticamente, en grande parte distinta da palatalización implosiva que tivo lugar no portugués do centro e sur. O profesor Paul Teyssier<sup>(6)</sup> afirma que esta palatalización portuguesa tivo lugar contra o século XVI, cando no centro e sur do país as apicoalveolares se transformaron en predorsodentais palatalizándose en final de sílaba. Sorprendentemente, en zonas galegas non seseantes, cando a predorsodental se transformou en interdental “palatalizou” en final de sílaba, é dicir, derivou nunha apicoalveolar; e paralelamente nas zonas seseantes predorsodentais, cando a predorsal se realiza interdentalizada palataliza en final de sílaba o -s implosivo apicoalveolar en palatal.

Segundo Teyssier, a palatalización portuguesa é un fenómeno tipicamente meridional, tivo lugar onde o primitivo sistema evolucionou a dous pares de sibilantes, un predorsodental (/s/-/z/) e outro patatal (/ʃ/-/ʒ/) pero, outramente, vemos que subxacen fundados paralelismos entre a palatalización portuguesa, o seseo implosivo galego<sup>(7)</sup> e maila palatalización galega das zonas de seseo predorsal, pois albiscamos unha corrente común, por máis que os resultados sexan diverxentes, é dicir, en posición implosiva existiu ou existe preferencia pola realización patatal ou máis próxima da patatal.

(5) S. Lahti, “Sur la palatalisation spontanée de l’s dans les parlers gallo-romans”, en NM LII, 1951; P. Rousselot, “L’s devant t, p, c dans les Alpes”, en *Études romanes dédiées à Gaston Paris*, Paris, Émile Bouillon, 1891, pp. 475-484.

(6) P. Teyssier, *História da língua portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa Editora, 1982, pp. 54-56.

(7) O seseo implosivo galego abrangue territorialmente case toda Coruña, boa parte de Pontevedra e parte de Ourense, en canto que final de palabra (*rapás, ves, crus, narís*); agora ben, o seseo implosivo en interior de palabra (*tisnar, torresmo, desmo, esquerda*) rexístrase por todo o territorio lingüístico galego, mesmo nas zonas de distribución absoluta /θ/-/s/.

Portugués do centro e sur:

/ʃ/-/ʒ/ : [ʃ]-[ʒ]

/s/-/s̃/ > /s/ : [s], [ʃ] en posición implosiva.

/z/-/z̃/ > /z/ : [z], [ʒ] en posición implosiva.

Galego con seseo implosivo:

/ʃ/ : [s]

/s̃/ : [s̃]

/s/ > /θ/ : [θ], [s̃] en posición implosiva.

Galego seseante predorsal:

/ʃ/ : [ʃ], [s̃], [s]

/s/ : [s], [s̃], [θ]; [s̃], [ʃ], implosiva.

Vemos, logo, como o paralelismo é evidente, como a posición final, posnuclear ou implosiva, sempre se decanta por solucións palatalizantes. Pero hai aínda un fenómeno minoritario nestas falas predorsodentais pero presentes sincrónica e diacronicamente en moitos romances, que vén ensarillar máis este complicado subsistema sibilante do Val Miñor (e doutras zonas da nosa nación): a aspiración do -s, que neste val se rexistra indefectiblemente nos dous últimos casos onde se podía produci-la palatalización, é dicir, perante oclusiva xorda ou pausa:

[ah 'kasah] [ah 'kaʃah];

['eseh 'treh 'pihkoh] ['eʃeh' 'treh' 'pihkoh].

Na súa articulación, os sonidos [ʃ] e [h] están moi próximos e é posible que nos achemos perante a solución extrema do proceso simplificador nesta posición implosiva: a aspiración e posterior desaparición do -s, feito este diacronicamente moi representado en diversos romances<sup>(8)</sup>. No falar do Val Miñor hai un inventario léxico limitado de exemplos de aspiración e de desaparición do -s implosivo consagrados xa polo uso común (palabras como *torremo* ou *tetelo*, certas formas pronominais, etc.), pero o que si se rexistra é un grande número de exemplos espontáneos, fugaces, propios da fala do momento. En diversos estudos sobre o galego tense falado da aspiración "especialmente cando o s é implosivo non final" e cítanse exemplos do Val de Verín ou dos Ancares<sup>(9)</sup> que na nosa opinión non son totalmente válidos, e afirmamos isto sen reservas porque os exemplos fornecidos sono perante "gheada",

(8) Vid. p. e. D. Alonso, "Sobre la -s final de sílaba en el mundo hispánico", en *Obras Completas I*, Madrid, Ed. Gredos, 1972, pp. 73-82; J. Allières, "Un exemple de polymorphisme phonétique: le polymorphisme de l'S implosif en gascon garonnais", en *Via Domitia I*, 1954, pp. 70-103; D. Griffith, "Rotacismo y aspiración: una nota sobre cronología dialectal", en *BFiCh*. XVIII, 1965; J. Méndez-Dosuna, "La duración de s en los grupos ps, st, sk: a propósito del orden de difusión regular de algunos cambios fonéticos", en *Mitxelena*, Gasteiz, 1985, pp. 647-655, e "La aspiración de 's' como proceso condicionado por el contacto de sílabas", en *REL* XVII, 1, 1987, pp. 15-35.

(9) M. Taboada, *El habla del valle de Verín*, Univ. de Santiago, *Verba*, anexo 15, 1979; J. R., Fernández González, *El habla de Ancares (León). Estudio fonético morfosintáctico y léxico*, Oviedo, 1981.

e a “gheada” xa de seu é unha aspiración, polo que poderíamos falar máis ben dun “proceso asimilatorio”, pero dificilmente como unha auténtica aspiración do *-s*. De tódolos xeitos cítanse exemplos de aspiración ante oclusiva xorda que son dignos de ser tidos en conta, sobre todo os casos que nos proporciona o *ALGa*<sup>(10)</sup>.

Recapitulemos brevemente sobre o dito polo de agora:

1. Existe unha tendencia simplificadora desde a Idade Media nos diferentes subsistemas sibilantes galegos.

2. Nas áreas galegas de seseo predorsodental a despalatalización (fenómeno simplificador) acarrea unha serie de reaxustes en cadea, cal é o caso da interdentalización e o ceceo. Fagamos notar que o chamado “ceceo andaluz” xorde dun proceso diferente na orixe pero coincidente parcialmente no resultado co ceceo galego.

3. Prodúcese unha reacción no sistema ante a esaxerada tendencia nunha única dirección; esta reacción fructifica na palatalización do *-s* implosivo, relacionada coa que tivo lugar en portugués e co seseo implosivo galego en tanto que participantes dunha corrente común. A orixinalidade das falas galegas das que nos estamos ocupando baséase na disparidade de solucións, no polimorfismo do *-s* implosivo, que coincide neste sentido con algúns falares brasileiros<sup>(11)</sup>.

Cinxíndonos ó falar miñorano, onde coexisten e se interfíren tres subsistemas sibilantes distribuídos segundo as idades, poderíamos falar en xeral dun subsistema de sibilantes que presenta os seguintes fonemas e alófonos:

1. Posición prenuclear.

/j/ : [j] ([ˈjaβre]), [ʃ] ([ˈʃaβre]), [s] ([ˈsaβre]).

/s/ : [s] ([ˈsowto]).

Posición prenuclear intervocálica

[s] ([o ˈsowto]), [ʃ] ([o ˈʃowto]), [θ] ([o ˈθowto]).

2. Posición posnuclear.

</s> : [s] ([ˈdame o ˈlapiʃ])

[j] ([ũŋ] ˈpawʃ ˈkurtoʃ) ~ [ʃ] ([ũŋ] ˈpawʃ ˈkurtoʃ)

[h] ([oh ˈtreh ˈkaroh])

[r] ([or ˈβojʃ ˈpaʃtaŋ])

Na teoría este é o subsistema, pero na realidade poden chegar a ocorrer diversas irregularidades, como por exemplo existir ceceo en inicial absoluta, rotacismo logo da despa-

(10) ILG (Instituto da lingua Galega), *ALGA (Atlas Lingüístico de Galicia)*, materiais inéditos (no prelo está xa o volume primeiro, adicado á morfoloxía verbal).

(11) D. I. Callou / H. D. Marques, “O -S implosivo na linguagem do Rio de Janeiro”, en *Littera* 14, Rio, 1975, pp. 9-137; C. Cunha, “Le polymorphisme du Portugais du Brésil et ses causes: le cas du /s/ implosif”, en *Cultura Neolatina* XXXIV, 3-4, 1974, pp. 327-335.



latalización ( ['or nōm 'bow], "hoxe non vou"), e mesmo palatalización e aspiración ante sonora ([mihmo], [miɜmo], [mizmo], [mirmo]); pero estas "irregularidades" se destacan é precisamente polo excepcional e ocasional da súa aparición<sup>(12)</sup>.

Para concluír con esta breve e intensa comunicación diremos que, en contra do expresado por algúns estudiosos, coidamos que a aparición no subsistema maioritario do fonema /θ/ non pode ser atribuíble á colonización española; como sonido, [θ] aparece como alófono do fonema /s/ en áreas predorsais; como fonema pervive, amais de no galego común, na arcaizante Limia Baixa xunto co seu correlato sonoro: /θ/-/ð/. Nos tres casos é produto da interdentalización do sonido predorsodental; é dicir, este fonema /θ/ é unha das evolucións posibles do fonema predorsodental que tivo a fortuna de triunfar no subsistema sibilante maioritario e común do galego, ó igual có acontecido no seo do castelán<sup>(13)</sup>. Tanto a formación do fonema /θ/, coma a palatalización, o ceceo, a aspiración ou o rotacismo, son fenómenos que o noso idioma comparte con outros romances: palatalización haina nalgúns galorromances, en dialectos occitanos, no portugués, etc.; aspiración hóuboa en francés, haina no medio-día español e, por exemplo, tamén no portugués-brasileiro do Rfo de Janeiro; ceceo achámolo en grandes áreas de Andalucía ou de Hispanoamérica, etc., etc. Todos estes resultados minoritarios en Galicia danse con maior ou menor éxito e extensión noutros romances, pero en ningún deles teñen lugar todos eles á vez, e aquí reside a orixinalidade destes falares galegos dos que hoxe trouxen unha pequena mostra.

---


*Esta comunicación foi presentada no XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela en 1989 e publicada nas Actas do mesmo, Tomo VI, Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa". A Coruña, 1994.*

---





(12) Para máis exemplos de "regularidades" e "irregularidades" consúltase X. H. Costas González, "Seseo e ceceo", en *Aproximación lingüística á fala de Vincios (Val Miñor)*, tese de licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1986, pp. 61-84.

(13) J. Frago, "De los fonemas medievales /j/, ɟ/ al interdental fricativo /θ/ del español moderno", en *Philologica Hispaniensi*, II, Madrid, 1985, pp. 205-216; M. Sánchez Álvarez, "Un testimonio temprano del timbre ciccante de la 'z' española", en *Actas XIV C. I. L. Ph. R.*, III, Napoli, 1979.

Figura 3.




SEGUNDO O ALGA

-  5 b
-  5 a
-  4 a
-  2



# O meu Val Miñor

---



# Como se nace aquí

MARTA DACOSTA

Como se nace aquí levo o nome da avogada dos imposibles á que miña nai se encomendou unha madrugada de chuvia. Unha madrugada en que Peitieiros botaba os fogos da festa do patrón, a festa cristianizada da exaltación da colleita e a vendima. Porque fun nacer o día do patrón, e vin a luz por primeira vez mentres homes e mulleres que hoxe son os meus veciños percorrían o adro agradecendo a Deus a boa colleita de millo, uvas, castañas, patacas, rabaquetas... e tantas outras cousas.

Non sei por que viñemos parar a este lugar do sur, non sei iso como non sei por que nacín onde meus pais naceron, nin por que ao pasar os anos, e despois de adaptarme a outras cidades, a miña vida deu un xiro radical para devolverse ao sur, ao lugar por onde corre o río Morgadáns co que tantas veces me identificaría.

Antes diso, e durante moito tempo, Peitieiros era o refuxio da guerreira, único lugar do mundo en que as rosas nacían no mes de decembro para regalar á miña alma unha paz inexistente. Confundíame co río chegando tan mansa ao mar para logo revolverme e rebelarme contra os cons da costa que baixa cara a Viana, de onde o meu sangue vén.

Aínda antes de me dar en adopción a estas terras do Miñor, xa procuraba nelas o paraíso necesario para quen se entrega a miles de guerras cada día. E atopábao. En calquera lugar desta aba da Serra do Galifeiro atopei o acougo que me faltaba e fun construindo un imán que me atraeu definitivamente cando mudou o vento e tiveron de pechar as portas da casa compostelá para alicerzar unha nova casa no mesmo lugar en que o día en que nacín caían as canas dos foguetes da festa.

A memoria loitou por recuperar as lembranzas da nenez no Val Miñor, pero tantas guerras crearan a estratexia do esquecemento e tiveron que volver a repasar cada lugar e, ás veces, cada rostro, algúns xa irrecuperables.

Volver polos camiños de Prado cara ao Aloia, ou polo curso do río cara a Murxido, volver polos camiños de Gonda, San Roque, Peroleira, San Cibrán, Vilaza, A Torre ...

Volver para me dar conta que son moitos os tesouros que agocha a terra que nós pisamos, este lugar fermoso como poucos e tan descoñecido.

Aínda hai pouco, estando lonxe de Galiza, fixen o que fago tantas veces cando me preguntan de onde son. Podería responder que son de Vigo ou do sur da provincia de Pontevedra, e o meu interlocutor quedaría satisfeito. Pero eu sempre respondo que son de Gondomar, só para comprobar a estrañeza do outro e como un grande interrogante se debuxa no seu rostro.

Fágoo a propósito, só para ter que falar de Gondomar e poder dicir que aquí se atopa un dos pazos máis fermosos de Galiza, cuns xardíns que poderían constituír un magnífico xardín botánico. Ou para dicir que aquí naceu un dos homes máis ilustres da súa época: D. Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, primeiro cónsul do estado español en Lon-

dres que tivo para si a encomenda de defender os dereitos pesqueiros dos nosos mariñeiros con máis orgullo e mellor empeño có de moitos políticos de hoxe.

Ou para dicir que somos un dos lugares de Galiza poboados desde o principio dos tempos como o certifica a nosa ricaz toponimia, e como o explica a benignidade do noso clima e a xenerosidade da terra.

Os nomes de lugar, que tan marabillada me teñen. Durante anos me preguntei cal era a orixe de Peitíeros, pensei en varias posibilidades, e mesmo creo que cheguei a saber cal é a súa verdadeira orixe, pero, sen dúbida, a explicación que máis me convenceu foi a que me deu unha amiga. Aquí, neste lombo de terra que as augas forman ao converterse en ríos, as mulleres, que adoitaban levar os cabelos extremadamente longos, baixaban cada tarde ao río, o amado río, para peitear os seus cabelos cos cardos que foran recollendo polo camiño. E de aí, dese acto ritual de peitear os cabelos no río, vén o nome desta parroquia.

O Val Miñor foi sempre o meu lugar de acougo e de paz, por iso non houbo dúbidas cando o regreso, só podía retornar aquí, e aquí quero que medre o meu fillo, aquí quero que reciba en herdanza esa lingua agochada, que se vai desfacendo co paso dos anos, como o seixo que a rodea, esa lingua en que por veces aínda podemos escoitar a fermosa fonética do sur de Galiza e ese vocabulario que nos identifica e permite que nos recoñezan aló onde imos.

Tamén eu quero para min esa lingua, e será especialmente fascinante poder escoitala despois da derradeira viaxe, cando xa non sexamos nada máis ca cinzas, cinzas enterradas ao pé dun castiñeiro no camiño que sobe ao Curro Vello, un castiñeiro vello desde o que poida seguir vendo o mar.

Así llelo deixei escrito.

Como escrito queda, estrado por tantos poemas e libros, o meu amor por esta terra. Desde o primeiro libro, que comecei a escribir nos anos oitenta, un libro en que se recollen moitos textos que falan do afastamento do mar, do afastamento da benignidade destas terras, instalada nunha cidade de pedra en que o orballo, a poalla, está presente a cada hora e a penas se pode adiviñar o sangue do sol no caer da tarde.

Libro tras libro ata redefinir o concepto de Sur, sur deste país, da nosa terra, da nación á que pertencemos, lugar de alfándega que foi camiño de exilio e rota de pobreza, río de dor que meu avó atravesou tantas veces, só por se recoñecer noutro sotaque distinto.

E entre o río e o mar a miña herdanza e este lugar pequeno, tan inmensamente grande, en que me oculto. De onde xa non son capaz de saír, porque me pesan os pés e todos os camiños me parecen longos, extremadamente longos, porque só levan a lugares distantes, fríos e sen luz.

# Val Miñor, o don da disparidade

VÍCTOR VIOUEIRA

**C**hamou Herodoto a Exipto o don do Nilo. Quen se empapou da sustancia do Val Miñor, analizadas a circunstancia e o avatar, poderá coincidir connosco, e aínda con matices, que a comarca está feita para atoparmos de todo: historia, gastronomía, paisaxe..., todo aquilo que contribúe a formar o acervo cultural dun pobo.

Se temos de seguir a Unamuno cando di que un non é de onde nace, senón de onde pace, aceptaremos que o Val Miñor é punto de referencia atractivo que non o salta o exquisito, o melindroso. Quen queira sol e quen queira a beleza da auga, da choiva en calquera estación e de súpeto, aquí os ten. E, daquela, decatámonos que o contraste non é deses que moven a desengano: O Miñor é así, e non é que o tomes ou o deixes; é que engaiola, porque ten maxia, encanto, non traspolables.

Canta a voz popular loas ao microclima, que non é conto: plásmase na variedade de cultivos, a miúdo exóticos. E do clima á oferta ampla das propostas non vai un paso. Unha historia que se adianta aos romanos... e que endexamais acabará de escribirse, porque sempre xorde o paisano que inventou algo estrañísimo e dalgunha utilidade ou o nauta que percorreu os cinco continentes e deixou a súa pegada aló por onde andou: mestizaxe cultural que chaman; mestizaxe xenética, que cunde. Falan galego os cinco continentes.

É orgullo para Nigrán un arco visigótico que serve de portería de fútbol, de merendeiro e de picadeiro de droga. Laméntase esta triple realidade, de xeito sobranceiro, polo feito do balompé: non hai maneira de meter un gol polo ángulo. Nigrán, ao que algúns vehementes cualificaron de “Perla do Atlántico”, mírase nas súas galas: os seus espléndidos areais, o seu Templo Votivo do mar, o seu turismo de verán e de fin de semana, pero non pode substraerse á emoción desa variedade de mazá que aureolan de camoesa, variedade que, ponderada por moitos, quixeran facer única cos seus méritos.

Pero é que, amais por aquilo da semellanza xeográfica, hai quen pretende que Camoens, o autor de “Os Lusíadas”, é natural da parroquia de Camos. Claro que nisto tampouco diferimos moito do entorno, sobre a figura de Colón: o navegante descubridor tería o seu berce onde nos apeteza, en calquera lugar do litoral pontevedrés. Co mesmo fundamento, o que consolidan trinta libros grosos baseados uns noutros e con ese aproveitamento.

Por definición, Pedro Madruga tócalle a Gondomar, condal vila, rosquilleira e devota de San Bieito, que enterra un acueducto do século XVII e agocha outro desa idade, porque a historia avanza sen parar mentes no conservable a maior gloria da cultura, de tesouro patrimonial. Por suposto que pode espallar grande nova dos seus deliciosos “boleardos” e de ríos aínda troiteiros.

O caso é que o Miñor quedou sen xastres, mentres proliferan os bares coma se foran oficinas bancarias. Bares onde xa non se toman aqueles caldos da Terra, abandonada ao xustiprezo da autoestrada ou ao mellor poxador de Vigo ou de Ourense, senón “cubatas”, xa

arraigados no sentir popular. O dun pobo que, do mar, pasou á construción porque xa non hai tanto peixe nas augas oceánicas e porque o corpo acomódase alí onde máis lle senta.

Este Miñor tan noso, e que nos acaparan os de fóra, aínda mantén esa dimensión aceptable de lugar recoleito, de andar a pé e abrairse co que se admira en monumentos, antigüidade e paisaxes. Pero tamén vai acumulando os peores vicios da cidade feita con présa, co cemento por diante e as inmobiliarias ás bridas do cabalo de Atila. Desde o alto, aínda se enxerga a divindade do mar, alá desde o monte. Pero desde a beira da praia xa non se ve o monte, que lle puxeron fachada de moito negocio, de moito interese.

A Baiona vena, de corasán e urina, os pensionistas, chegados nun autobús que busca aparcamento afastado; vena os domingueiros, sen remedio, desde o atasco habitual, e poden gozala os do lugar, cando se esgota o verán –en calquera momento–, marchan os turistas e todo volve ao seu sitio.

Baiona ten a peculiaridade das súas parroquias. Entre elas, Sabarís. Se o termo municipal censa a uns 10.000 habitantes, Sabarís, con a penas os seus 2.000, colleita case que de todo: 150 negocios, na súa maioría do ramo hostaleiro, pero con matices: dous tanatorios con discoteca case que equidistante, casino e mercadiño máis ca centenarios... E non falemos da ponte divisoria dos tres concellos (Gondomar, Nigrán, Baiona): esa ponte que teiman en dicir que é romana e que, ao sumo, sería románica, xa que tampouco románica.

O de Sabarís non é broma: dálle a hora o seu reloxo de igrexa, que marca a que procede do Instituto Atómico Horario de París, por radio, aínda que hai quen non o crea.

A singularidade de Sabarís chega ó extremo ou á clarividencia de posuír un templo parroquial de 1917 de estilo oxival-bizantino, segundo a placa de bronce colocada por disposición do concelleiro de Cultura. Como queira que as críticas por tal atrevemento rebotan, pensouse en demoler o templo ... para adaptalo ao estilo da placa e non sufrir a vergoña de turistas que se sorprenden e logo insultan por presumir desde aquí de xoia arquitectónica única en España.

A todo isto, Baiona, que a están enfaixando ata ver se lle rebenta o xustillo, mantén as súas constantes, porque quen tivo retivo: o de Colón, que xa está ben; o da movida, que é unha charanga; o do Plano de Excelencia Turística, que gasta e a inventar outra cousa; o do Club de Iates, que acude o Príncipe; o da Santa Casa, que dá doce repinçadas por varón morto e trece por muller extinta... Dabondo, coas terrazas, os alugamentos polas nubes e un gancho indubidable a pesar de todo.

E máis: a romaría de San Cosme e San Damián, outrora tan frecuentada por portugueses en carro e señoras lusas forradas de ouro; as algas de A Cuncheira, as máis iodadas do mundo, segundo nos repiten os que oíron o mesmo; John Milton, que lle cantou ás murallas de Monte de Boi...

A Oia non a marxinan. Como as súas veciñas miñoranas, medra máis ca se desenvolve. Ten un mosteiro que alegra os sentidos e refresca episodios, a cabalo entre a historia e a lenda, sobre monxes artilleiros que lle disparaban descargas de canón aos navíos corsarios da S. M. británica. Ao cabo, invasores e defensores andaban ao mesmo: á pillaxe. Disque aló polo século XI houbo un cenobio en San Cosme, pobo próximo a Chan da Lagoa, do que os monxes guerreiros procederían.



Paga a pena o pobo actual, abandonado durante medio século e que a xente da cidade recupera facendo concesións ao anacronismo: respecto pola pedra, dunha parte; cemento e ladrillo con desvergonza pola outra. O resultado é de retrincos de beleza antiga, con corredoiras cheas de matogueiras e que conservan intacta a derradeira pegada do carro, e da desfeita de agora mesmo, porque o aluminio se impón e porque a comodidade arromba o tradicional, coma se estiveran rifadas, de balde.

Esa entrega, doada, á modernidade obsérvase en Sabarís, onde foi prometedora aquela etapa de descubrir a pedra das fachadas e a onde agora chega a moda de pintar a fachada de cor salmón para os convidados. Con máis siso actúan en Nigrán, onde as fachadas de primeira liña da estrada son de pedra e procuran o mesmo tratamento para o interior.

Baiona aparece como abafada, como ao galope dos cabalos da Groba, na súa expansión salvaxe, camiño de se desmandar; algo semellante lle ocorre a Nigrán, cidade dormitorio de Vigo e abocada ao turismo sen concesións. Aguanta o tipo Gondomar, aínda con marcado acento rural, e Oia, onde se perdeu o tempo, concello polo que non pasan os anos, no que nada se ten feito e se alimenta a impresión de que non haberá cambio de ritmo.

Diríase que a industria, o principal negocio do Miñor, fose o atasco de vehículos e que a parroquia de Sabarís fose concibida só como nó de estradas, como nun alustro a través da xaneliña do coche.

O Miñor é, xa case que era, lugar privilexiado de saudable e hixiénico andar a pé ao que estragan por calquera recuncho: con estradas feitas sen xeito, con esa edificación de manga por ombro, con esa riqueza mariña que fará de polbos, luras e cornicha practicantes de surf, camareiros de terraza e pescadores gañados para a trolla e o cemento.

O mar é ben visto desde o Galiñeiro, desde A Groba, desde os montes de Oia, desde o balcón do Val. Onde amosa a súa mala fasquía é á beira do mar: trazaron unha segunda liña onde a xente só pode ver o ceo, se se asoma. Baixáronlle o pano diante para que o que haxa detrás sexa misterio. Trae conta botarse ao monte para non se perder o espectáculo do que aínda é, e que axiña será lembranza de vellos. Dos que vivan para referilo.



# O Val Miñor e o turismo

*Luis Carlos de la Peña*

*“Hasta hace pocos años apenas era conocida en España gran parte de la región gallega; sólo cuando los ferrocarriles facilitaron la comunicación de Galicia con el resto de la Península empezó una corriente emigratoria veraniega ávida de admirar una de las espléndidas comarcas de que puede enorgullecerse la antigua Iberia”.*

José de Santiago e Ulpiano Nogueira: *Bayona antigua y Moderna*. Madrid, 1902.

**N**o imaxinario colectivo, ben sexa galego, español ou o do cidadán do mundo que oíu falar do Miñor, en definitiva, quen tivo acceso a algún grao de coñecemento da nosa bisbarra, o Val Miñor está incluído nese grande apartado dos destinos turísticos, ben polas estadas estivais, pola práctica deportiva náutica, pola acreditada gastronomía ou por unha indeleble estancia no que se dá en chamar tempada baixa e que permite un achegamento máis sosegado á natureza, ás xentes do país e, por que non, a un mesmo.

O Val Miñor é hoxe un destino turístico de primeira magnitude. Éo para as xentes de fóra, e aínda máis para os propios miñoranos. Dentro do amplo sector servicios, tan elástico que dá cabida a todo o que non é pesca, agricultura-gandeiría ou industria, os recursos humanos e materiais atopan posibilidades de medrar cara ó futuro.

A construción, o comercio, a hostalería e diversos subsectores que viven arredor dos anteriores, absorben de xeito diverso, mais sen dúbida contundente e con tolerancia crecente, as demandas de traballo dos miñoranos, e non só as deles, e en moitos casos, ademais, os seus aforros e proxectos inversores. Esta afirmación aproxímanos á segunda consecuencia –a primeira sería a sinalada vocación turística do principio– que podemos tirar do fenómeno turístico no Val Miñor.

Estamos a falar do agromar dunha fonte de riqueza que nós mesmos podemos xestionar. Os tradicionais sectores de actividade productiva das xentes do Miñor sempre estiveron a expensas de situacións e intereses alleos, de factores non controlables que os condicionaban, non só –como case sempre– no caso dos traballadores por conta allea, senón tamén nos menos abundantes dos empresarios, armadores ou emprendedores da comarca. A pesca de altura e gran altura; a catíveza da agricultura de mera subsistencia; a man de obra empregada no sector da construción en Vigo; a puxante industria do automóbil e o comercio da cidade da oliveira, foron e aínda son, entre outros, os camiños que os cidadáns do Miñor –resístome a utilizar o concepto “veciño” que debera quedar para falar doutras cuestións máis domésticas– foron abrindo para garantir a súa supervivencia e dignidade.

O mar e Vigo foron, e seguen a ser en boa medida, os grandes aspiradores da forza de traballo das xentes do Miñor. A catíveza do sector turístico deica os anos oitenta, a súa tre-

menda temporalidade, tampouco permitían máis que a obtención dunha renda complementaria vía alugamento de pisos ou habitacións, servizo doméstico de tempada ou na precaria hostalería de vocación temporal.

O despegue económico dos oitenta e a mellora da rede viaria de comunicacións, tanto dentro de Galicia como con respecto a España, están a cambiar o epicentro do desenvolvemento económico do Val Miñor. Pechadas as portas do mar e sumida a cidade de Vigo nun grave problema de identidade e calidade de vida, o Val Miñor emerxe como un polo de atracción residencial –non só de segundo nivel–, de ocio e contacto coa natureza, e por que non dicilo, como unha ampla zona de interese inversor para a promoción inmobiliaria, o comercio e a hostalería.

Por isto a bisbarra ten na súa man ordenar e planificar as estratexias que deban garantir o seu desenvolvemento futuro, sen dependencias exteriores e abertos a un mercado practicamente ilimitado.

Afrontamos polo tanto, coas ferramentas axeitadas na man, un proceso de autoafirmación, de asunción das nosas propias responsabilidades colectivas. É preciso coller certa perspectiva para solidificar a crenza no que acabamos de dicir. Hoxe o Val Miñor é o principal destino turístico de Galicia despois de Compostela. A capitalidade administrativa, a súa posición central dentro do país galego, o inmenso peso da atracción xacobeá, a súa adaptación urbanística e sociolóxica, converteron Santiago nunha cidade moderna no máis profundo sentido: tolerante, aberta, dinámica e rica. Dito isto, e por cinguir este comentario á análise das posibilidades turísticas e de desenvolvemento que ten unha bisbarra como a do Miñor, os tres municipios que a conforman encabezan, por realidades e potencialidades, unha hipotética clasificación de comunidades mellor colocadas para encara-lo futuro.

Aceptada a premisa de dispor, por nós mesmos, das ferramentas precisas para configurar o proxecto de desenvolvemento social e económico que dun xeito máis equilibrado, responsable e sostible no tempo o faga realidade, cómpre definir os eixes estruturais dese proxecto, a armazón onde fixar os microproxectos, as actuacións individuais de investimento, de dinamización.

En primeiro lugar, parece imprescindible dotar de contidos, non só financeiros pero si dun xeito fundamental, á comarca do Miñor. A Mancomunidade dos tres concellos revélase coma o instrumento básico e axeitado para atraer inversión pública e para dar servizos á poboación. Perfeccionar a infraestrutura sanitaria, atendendo aos residentes mais tamén aos “picos” de demanda que supón a poboación fluctuante, non só de verán senón tamén de fin de semana, e aquela outra que mantendo a efectos censuais a súa residencia en Vigo vive xa todo o ano no Miñor.

Neste capítulo cabe engadir os servizos de policía e seguridade local; de bombeiros; de atención ós nenos e ós vellos, facilitando o transporte intramunicipal e animando ó investimento privado a desenvolver o sector, etc.

En definitiva, o investimento público móvese por “ratios” de poboación atendible. A máis residentes, precísanse maiores dotacións de servizos e infraestruturas, por non falar do maior ingreso vía transferencias públicas.

En segundo lugar, planificar para atraer máis turismo convértese nun proceso real de incremento de poboación residente, animada pola calidade de vida derivada das infraestructuras existentes. Neste senso, e este é xa un proceso observable no Miñor, moitas parellas mozas con nenos, xubilados ou profesionais liberais consolidados, adoitan elixir este tipo de espazos, configurados en orixe como destinos turísticos ou de segunda residencia, pero onde a mellora das infraestructuras existentes, e de xeito particular as vías de comunicación coa urbe, viguesa no noso caso, terminan por aportar este novo feito colateral.

O incremento de poboación, residente ou ocasional, crea tensións sobre do territorio. O urbanismo e a súa planificación; a conservación da paisaxe e das augas; os ruídos e a limitación do uso dos vehículos a motor nos núcleos urbanos, praias e zonas de especial atractivo ambiental ou paisaxístico; son cuestións para a reflexión e o traballo coidadoso, afastado, necesariamente, das presións económicas dos particulares e alumeado de xeito permanente pola responsabilidade dos gobernos.

Para rematar, unha reflexión globalizada, case que unha declaración de intencións: o fenómeno turístico baséase no intercambio. Quen vén de fóra, ansía coñecer, mergullarse nunha nova realidade, distinta á súa. Quen recibe ó visitante, deséxeo conscientemente ou non, acaba tamén influído polo alleo. O turismo, as viaxes, serven para o coñecemento de persoas, doutras culturas, linguas, etc. Traído ó noso caso, é preciso un esforzo colectivo de mentalización para dar servizo ó cidadán; por ofrece-la mellor imaxe da nosa realidade, da nosa oferta, do que somos. A idea da aldea pechada en si mesma, allea ós descoñecidos, escura nos seus procedementos e pechada ós dereitos dos cidadáns e ós deberes da administración pública nos tempos que vivimos é incompatible co fenómeno turístico de intercambio e transparencia.

Nos últimos anos, gracias á mellora da situación económica xeral, das comunicacións e ás viaxes xeneralizadas, incrementáronse os destinos turísticos. De xeito práctico, calquera recuncho do mundo é susceptible de ser visitado cun medio de transporte rápido e a un custo razoable. O fenómeno turístico ten un carácter universal, tanto polo lado da demanda coma polo da oferta. Dentro desa enorme competencia e na procura da captación dun anaco da torta turística, o Val Miñor conta coa súa especificidade, os seus sinais de identidade propios que o sitúan no mundo coma unha oferta recoñecible e singular. Cómpre afondar neses trazos de identidade; cómpre definir paquetes e ofertas residenciais e de ocio para combater a temporalidade; cómpre integrar as ofertas dos tres concellos complementando os puntos fortes de cada quen.

Temos nas nosas mans a posibilidade de definir e configurar un proxecto autónomo de desenvolvemento, con base no turismo, que pode garantir o traballo e a obtención de rendas económicas non desprezables por unha parte importante da sociedade residente no Val Miñor. Parece de sentido común destinar ó asunto un chisco de dedicación e rigor, tamén unhas pingas de ambición e grandeza. Que non digan que dilapidamos os nosos recursos ou que ficamos trabados polos localismos e a ignorancia. Malas etiquetas para vendernos polo mundo adiante.



# Máis traballo, menos especulación

SERAFÍN VILLANUEVA-BEMBIBRE

**T**erra, traballo e capital, din os economistas, son os tres clásicos factores constitutivos da nosa riqueza. A terra imperaba nas sociedades labregas de antes. Un país era máis ou menos rico segundo a natureza do lugar. O capital era entón cativo, xogaba menor importancia, a cultura acadábase por contacto e rutina, a tecnoloxía era fixa. Pero a terra e os recursos naturais eran finitos, a produción tiña teito, non así a explosión demográfica. A produción de alimentos e a súa posterior conservación constituían a principal teima productiva e cultural daqueles homes. Aquelas sociedades labregas eran coherentemente malthusianas. De aí que a fame, a peste e a guerra fosen os tres anxos exterminadores que á brava puñan orde nas mesmas.

A revolución industrial rachou con aquela situación gracias a que engadiu unha nova divisa económica: a **fabricación**, a **transformación industrial** de recursos naturais ata entón desaproveitados. Dende o século XVIII un importante fato de países acertaron en articular os seus recursos naturais coas mecánicas do capital, ó que hoxe denominamos tecnoloxía. Os novos países industriais, a máis de **cultivar**, **fabricaban**, e naturalmente, comezaron a medrar, a xerar novos produtos, a engadir nova riqueza e, naturalmente comezaron a vivir mellor. Pero aquela fase de predominancia do capital técnico-mecánico esgotou. Durou escasamente dous séculos. As derradeiras dúas décadas abondaron para desmantelar a nosa sociedade industrial tradicional que tanto custara construír, que tan maciza semellaba e coa que tan felices nolas prometfamos, malia moitos non tivesemos chegado plenamente a ela.

Hoxe asistimos alporizados á que xa se di sociedade posindustrial ou posmoderna, a “**sociedade das novas tecnoloxías**”, unha sociedade complexa, autónoma, a medio facer, sen centro nin modelo de decisión, cada cal distinta, caracterizadas polo uso que cada unha delas fai da robótica, da informática, da enxeñería xenética, da información e da revolución dos medios de comunicación e audiovisuais. Unha sociedade tan tecnolóxica que para moitos naceu en mala hora.

Durante a agricultura predominara o **factor terra**; o home aforrárase fatigas mentais, pero traballou coma un **animal**. Durante a **sociedade industrial**, predominou a tecnoloxía mecánica; non precisabamos grandes contidos intelectuais, pero tocounos traballar como **máquinas**. As inevitables crises periódicas xa se encargaban de pór orde nos respectivos excesos e desaxustes. Encetamos agora a terceira etapa, unha etapa de desafíos moi serios, e etapa da predominancia do traballo humano. A materia prima económica e social a partir de agora será a **intelixencia**. Á fin, traballaremos coa cabeza, como corresponde ás persoas, ou non traballaremos con nada.

Xa estamos no comezo do final. Definitivamente o home é resultado de si mesmo, o home caracterízase polo que fai ou é capaz de facer, o home é a súa propia capacidade. Así mesmo, a sociedade é produto, é resultado de si mesma. **Sociedade moderna**, productiva,

desenvolta, é a que ten a **capacidade de se producir, de se reproducir, de se modernizar, de se desenvolver a si mesma e por si mesma**. Prima a **capacidade** por riba de todo. A clave do futuro residirá definitivamente no capital humano, na capacitación intelectual, técnica, científica e profesional dos cidadáns, para participarmos activamente do noso mundo e da nosa sociedade, que serán a súa vez o que nós fagamos que sexan.

As sociedades víronse e vense obrigadas en cada etapa da súa historia a entrar en dialéctica cos seus propios problemas e dificultades, a afrontar os novos desafíos, a escrutar as propias posibilidades, a descubrir e pactar novas tecnoloxías, para poderen responder ás necesidades sociais. En cada etapa histórica as sociedades pactaron novas tecnoloxías. Deses presupostos e deses pactos xurdiron a prosperidade, o desenvolvemento, o progreso, os saltos cualitativos da humanidade cara adiante.

Nesas estamos. Non nos queda escapatoria. Á marxe da cultura, da organización social, das novas tecnoloxías e hoxe da globalización, só resta espazo para o paro, para a marxinación, para a exclusión social ou, no menos malo dos casos, para traballos cada día máis precarios, para traballos condenados á extinción, que son pan para hoxe e fame para mañá. O segredo do noso futuro radica na educación e na tecnoloxía, na capacidade de autocreación da persoa e da sociedade nos seus distintos ámbitos. Imponse a cultura da investigación, da iniciativa permanente, da innovación, da creación persoal sen pasividade nin conformismo.

Cómpre máis ca nunca potenciar a idea de empresa, de investimento, de investigación e innovación, de risco, de traballo, de produción, de riqueza e distribución, de coñecementos. A empresa é o actor racional capaz de converter a ciencia en tecnoloxías productivas. A empresa non especulativa ten que ser ante todo un conxunto de técnicas de produción e de comunicación, amais de axente de cambios económicos, de progreso cultural e organización social.

Chegou a hora de dicir á nosa xuventude que ou ten capacidade de xerar empresas, de artellar novas ocupacións, de descubrir novas angueiras productivas, ou vai ficar sen oportunidades de traballar. Parte do traballo que hai extínguese e a outra parte xa está repartida. Non pensen que os van vir buscar á casa ou ás portas das Facultades. O traballo converteuse no ben social máis escaso dos nosos días, precisamente porque a maioría de nós esperamos que nos dean feita a ocupación e neste país poucos ou ninguén se apuntan a creala.

A urxencia máis evidente no noso **Val Miñor** radica na obriga de localizar e identificar novas fontes de riqueza e poñelas a producir. Non abonda co **turismo**. O turismo foi a panacea da España atrasada, vaga, frustrada e mangante. O turismo pode ser, todo máis, un complemento importante dentro doutras actividades, como está sendo na actualidade. No Val Miñor o turismo deu de si case que todo o que podía dar. O turismo propiamente dito pouco máis nos pode ofertar, pero non a todos, senón o un sector moi reducido. Lamento que a miña afirmación poida molestar a máis dun interesado. Pero á vista están os feitos e o tempo pasado.

A natureza, a orografía do **Val Miñor** ofertan outras fontes, outras canteiras non menos importantes de riqueza, e cada unha pode aportar á totalidade dos veciños tanto ou máis do que nos aporta o sector turístico. As posibilidades desta bisbarra nos sectores da



acuicultura, da horticultura e da silvicultura están por explorar, deseñar e pór en funcionamento. Con deseño, proxecto, coñecementos específicos e tecnoloxía adecuada, cada un destes sectores aportarían tanta riqueza e ocuparían permanentemente tanta ou máis man de obra do que o turismo fai temporalmente; á súa vez espertarían a respectiva transformación industrial e atraerían a outras industrias. Pero, para iso, teríamos que cambiar os nosos paradigmas mentais, non podemos seguir, como ata agora, polo camiño da rutina e dos mínimos esforzos mentais. Dende hai trinta ou corenta anos deunos por vivir do turismo e, á sombra do turismo, sobre todo, da correspondente e disimulada especulación urbanística que está deixando ós nosos fillos desposuídos de todo patrimonio, e, ó mesmo tempo, ten bloqueados outros posibles sectores da nosa riqueza material.

A *modernidade* dun país, dunha bisbarra, vese na capacidade de se organizar, de resolver os seus problemas, de crear riqueza material e cultural. E a verdadeira *identidade* dun país médese pola capacidade que ten ese país ou bisbarra de dotar ós seus produtos materiais e culturais de valores engadidos. En canto ó Val Miñor, se nos quitan o turismo, que pouco ou nada nos afecta á maioría dos Miñoranos, ¿de que outra cousa podemos falar como dominante? E haber, hainas.

Ante todo cómpre deseño, vontade política e prioridades, para explotar as posibilidades, as fontes de riqueza e os recursos do Val Miñor. Con proxectos, planificación, modelo e os coñecementos pertinentes na mente dos cidadáns, eu non dubido que algún día poidamos converter todo o Val Miñor nunha extensa empresa ou nunha rede de empresas agro-industriais, ademais de outras industrias e do turismo que xa temos. Polo financiamento non hai que se preocupar, os cartos corren que voan tras proxectos coherentes. Namentres, confortémonos esperando, coma sempre, o maná eterno que non dá chegado.



# No nome do progreso

*Alfonso Álvarez Caccamo*

Facer unha gabanza verbo dos engados paisaxísticos ou mesmo climatolóxicos dunha bisbarra privilexiada como é o Val Miñor é unha tarefa tan doada que neste espazo sobraría. A beleza da zona está tan recoñecida e tan entrañablemente unida a nós que describila nun texto literario resulta un traballo superfluo. Precisamente, porque dispoñemos dun foro de opinión libre, debemos facer o contrario, tentar denunciar o deterioro progresivo e imparabile desta bisbarra que, se ben dixeran antes é fermosísima, afirmo agora que o foi moito máis, e que leva camiño de se converter nunha das paisaxes arrasadas no nome do mal entendido progreso, ese progreso que só fai progresar os petos dalgúns. Está claro que se o franquismo, por desgracia, durase dez anos máis, de parroquias tan fermosas como Panxón só ficaría a lembranza fotográfica, porque a especulación urbanística é o peor cancro que lle pode atacar a un pobo con proxección turística. A democracia puido frear algo esa gula de comerse os espazos verdes, esa avaricia dos diñeiros, esa envexa inculta polo estilo marbellí, tres horribles pecados capitais dos que manexan os trucos para iso, para incrementar capitais sen escrúpulos de ningún xeito e, o que resulta máis tráxico, esquecendo as orixes e a memoria dos antergos. No nome do progreso, parece ser, construíuse unha autoestrada de peaxe, unha ferinte cicatriz que destruíu os eidos, as herdades, os predios e as leiras, cortou as tomadas, rematou con viñas privilexiadas, fendeu a paisaxe e, ¡como non!, non serve para nada, alomenos non serve para comunicarse con Vigo: de risa.

No nome do progreso, construíronse edificios horribles en Panxón, en Gondomar ou na entrada de Baiona, nunha longa ringleira fronte ao mar, dunha vulgaridade abraiante, de tal maneira que a primeira impresión que dá a vila, resulta patética. Baiona, cargada de historia e ategada de beleza nas súas pedras, recibe ao visitante cun puñazo estético.

No nome do progreso suprimiuse o cámping de Patos construíndose un edificio disfrazado de apart-hotel, ignorándose que precisamente os países que son modelo de amor ao propio, de respecto á natureza, coidan os seus cámpings e instalan cada ano moitos máis, porque ademais de supoñer un beneficio para a poboación con menos recursos, miman o entorno.


No nome do progreso cortáronse as árbores da praia da Madorra.

No nome do progreso enlousouse Praia América (coído que antes se chamaba Praia de Lourido) e converteuse nun bodrio pailán, cun trazado incualificable nas beirarrúas. Anos antes estendíase desde alí ata Panxón un paraíso natural de dunas de branca area nun entorno sen igual en toda Galicia. Parece ser que o progreso dictaminou destruír outro sinal de identidade e de igual xeito que se arrasaron as dunas deixouse chá a memoria dos tempos. Só, agora, poderemos velas nas fotografías que, como testemuñas implacables dos erros cometidos, nos acusan de ingratidade e nos enchen de señardade; e nos areais, as casas mariñeiras, pintadas na miña memoria de neno coas mesmas cores dos barcos, coas características arqui-

tectónicas que dictaba a practicidade e a tradición, son só unha triste lembranza. Noutros países, nos lugares onde se ama o propio, mantense e perpetúase a edificación tradicional para que non se perdan as raíces da memoria, e todo o que se constrúe leva o selo dos antergos e da pertenza a unha cultura. Aquí non: aquí destrúese no cínico nome do progreso. Aquí, se se pode, edifícanse anaquiños de Manhattan alí onde a natureza se despiste un pouco, ou ben se utiliza como portería de fútbol un arco visigótico que ata ben poucos anos era máis ca un arco que se mantiña suxeitando restos dunha fachada xa destruída. Nun Concello que non fose este a atención sería extrema, e mesmo se utilizaría como reclamo turístico. Aquí só serve como anagrama municipal.

No ano 1990, noutro foro de opinión, escribía eu estas palabras: “O progreso non ten por que levar á destrucción do pasado, á aniquilación da paisaxe, ao sacrificio do entorno, á supresión da identidade forxada ao longo dos séculos. Chamarlle a isto progreso é un engano que pode conducir á máis salvaxe das depredacións. Trocar areais por cemento, pedra por tixolo, madeira por aluminio, os nosos nomes por outros alleos... non é progreso; é retroceso, porque o progreso é un avance continuo que leva a mellorar as cousas sen perder as raíces e que ten que emparellar unha mellor calidade de vida cun perfeccionamento cultural, imposible de entender se non se mantén intacto o entorno, o patrimonio público, os edificios nobres, a paisaxe, os lugares e os nomes dos lugares”.

Por desgracia, estas palabras de hai dez anos seguen presentes. O malo é que algún día a Historia pasará factura, e cando acceda ao poder unha nova xeración de xente sensible, probablemente xa non saberá por onde comezar a destruír a vulgaridade dos seus antergos para poder reconstruír a memoria perdida. Quizais xa sexa demasiado tarde.



# As novas do IEM

---



# Documento fundacional do Instituto de Estudios Miñoranos

## Xustificación

O Val Miñor é unha comarca natural integrada polos concellos que se sitúan á beira do río Miñor: Baiona, Gondomar e Nigrán. Unha unidade física marcada polo Miñor, a súa embocadura na Xunqueira da Ramallosa, e polas serras da Groba, do Galíñeiro e os montes de Priegue que a delimitan.

É unha unidade económica, historicamente formada ao longo dos séculos, dende o Paleolítico á Idade do Bronce, pasando polo poboamento castrexo, a romanización, os restos de construcións baixomedievais, o esplendor da Baiona anterior ao s. XV e a recuperación do mesmo ollando para a outra banda do Atlántico, a época do Antigo Réxime cunha notable influencia da nobreza fidalga e cortesá que deixaron mostras nas importantes e abundantes construcións pancegas, os esforzos do campesiñado por facerse donos das terras que só foi posible coa masiva emigración a América acontecida a principios do presente século.

Unha unidade física, histórica e cultural que fixo do Val Miñor unha comunidade integrada na que foi quen de coexistir a actividade agraria coa comercial ou mariñeira. Xunto a estas tense desenvolvido, nos últimos tempos, o turismo. A valoración da riqueza paisaxística e o esmero na conservación do patrimonio histórico e arquitectónico é fundamental para que esta fonte de ingresos sexa eficaz e duradeira. A estas novas necesidades debe dárselle tamén resposta dende o ámbito cultural en xeral: dar a coñecer o espacio físico para que os cidadáns o valoren e coiden como a riqueza que é; descubrir a continuidade histórica e cultural como un xeito máis de conseguir o respecto polo patrimonio arquitectónico ou cultural. En resumo, divulgar e valorar o que lles é propio e que deben conservar porque tamén é de todos.

## Obxectivos

O Instituto de Estudios Miñoranos (IEM) fíxase como obxectivos:

- Divulgar a cultura e, en xeral, todo o referente ao patrimonio natural, histórico, artístico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico, etc. dos tres concellos do Val Miñor.
- Promover a realización de estudos do todo tipo sobre os ámbitos sinalados.
- Impulsar calquera actividade encamiñada á divulgación destes aspectos.
- Fomentar a conservación e respecto polo patrimonio miñorano como un ben económico e cultural actual.

## Postulados

O Instituto de Estudios Miñoranos (IEM) baséase nos seguintes postulados:

Non se configura, nin pretende selo, como un Instituto oficial, senón como unha expresión independente emanada da sociedade miñorana.

Está ao servizo do conxunto da sociedade, sen exclusións, propiciando desde posicións de independencia o consenso das diversas forzas sociais, culturais económicas e políticas a prol do eixe principal da súa actuación: o estudo, divulgación e protección do patrimonio histórico, artístico, natural, arquitectónico...

Nunha perspectiva decididamente humanista e universalista en ningún caso esquecerá a atención debida á salvagarda e promoción da nosa identidade, o noso idioma e a nosa cultura, entendendo a realidade miñorana como integrada no ámbito xeral da sociedade galega.

Carácter pluridisciplinar, indispensable para abranguer as liñas de actuación que nos permitan acadar os obxectivos fixados.

### **Organización**

O Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) é unha institución aberta conformada por socios e rexida por unha Asemblea anual na que asisten os mesmos. Conta cun equipo directivo conformado polos cargos que se determinan nos Estatutos. Está organizado por seccións para a realización do seu labor en función da especialidade dos campos de traballo: historia, xeografía, arte, natureza, arquitectura, etc.

A relación cos organismos públicos é imprescindible para poder levar a bo porto estas actividades, nomeadamente cos tres concellos; neste senso contéplase a presenza dos respectivos alcaldes -ou delegados dos mesmos - na Xunta de Goberno, segundo se recolle nos Estatutos.

A colaboración coas institucións educativas é de especial importancia para a realización de cursos ou congresos, ao tempo que a relación con outras entidades públicas ou privadas é imprescindible para o financiamento das actividades que a continuación se sinalan.

### **Actividades**

O Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) ten como actividades fundamentais:

- A realización dun congreso bianual - o Congreso de Estudos Miñoranos (CEM)- que versará sobre os obxectivos do IEM determinándose en cada momento o tipo de actividades a realizar, pero na que se posibilitará a presentación de comunicacións e traballos de investigación. Procurarase o recoñecemento do CEM polas distintas institucións educativas. A Directiva do IEM poderá delegar nunha Comisión específica a preparación e realización do Congreso.

- A publicación dunha Revista de Estudos Miñoranos de carácter divulgativo-científico que responda aos criterios de actividade do IEM, ou ben traballos de creación de narradores ou poetas miñoranos. A directiva do IEM poderá delegar nun Consello de Redacción.

- A creación dunha biblioteca especializada sobre o Val Miñor. Así como a creación de Arquivos de Imaxe, Son e Documental.

- A realización de cursos específicos que se poidan determinar.
- A publicación ou reedición de estudos parciais ou xenéricos sobre o Val Miñor.
- A organización de exposicións e outras actividades sobre a realidade miñorana.
- Impulsar iniciativas encamiñadas a dotar ao Val Miñor de actividades museográficas.
- A colaboración con todo tipo de entidades de carácter cultural, centros de ensino ou outras asociacións radicadas no Val Miñor.



# Acta de constitución do Instituto de Estudios Miñoranos (IEM)

Na localidade de Gondomar, do concello do mesmo nome, na provincia de Pontevedra, reúnense, a vinteseite de outubro de 1999, as persoas que a continuación se indican coa finalidade de constituír a Asociación denominada: Instituto de Estudios Miñoranos:

Manuel Laureano Cambeiro Louzán,  
Juan Antonio González Pérez,  
María Rosa Antonia Pascual Abal,  
María Victoria Vaz Fernández,  
Manuel Luís Caldas Fernández,  
Manuel Lado García,  
Laudelino Pellitero Ramilo,  
Carlos Méixome Quinteiro e  
M<sup>a</sup> Xosé González Chamorro.

Así mesmo abórdase a seguinte ORDE DO DÍA:

1. Constituír, se procede, a Asociación IEM.
2. Aprobar, se procede, os estatutos polos que se rexerá a devandita Asociación.
3. Nomeamento, se procede, da Xunta de Goberno.
4. Rogos e Preguntas.

ACORDOS:

1. Acórdase por unanimidade constituír o Instituto de Estudios Miñoranos.
2. Apróbanse por unanimidade os Estatutos polos que deberá rexerse o IEM.
3. Decídese, por unanimidade, nomear os seguintes cargos para a Xunta de Goberno:
  - Director: Méixome Quinteiro, Carlos.
  - Vicedirector: González Pérez, Juan Antonio.
  - Secretario: Lado García, Manuel.
  - Administrador: Cambeiro Louzán, Manuel Laureano.
  - Vocal: Pascual Abal, Rosa.
  - Vocal: Pellitero Ramilo, Laudelino.
  - Vocal: González Chamorro, M<sup>a</sup> Xosé.
  - Vocal: Caldas Fernández, Manuel Luís.

Non habendo rogos e preguntas, levántase a sesión sendo as dezoito horas e vinte-cinco do mércores 27 de outubro de 1999.

E para que así conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente Acta de Constitución que asinamos por triplicado, no lugar e data arriba indicados.



# Estatutos do Instituto de Estudos Miñoranos

## Capítulo I

### Constitución e fins

#### Artigo 1º

O Instituto de Estudos Miñoranos, en diante o IEM, terá como ámbito territorial de actuación a comarca natural do Val Miñor, isto é, os Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

#### Artigo 2º

Os fins do IEM serán:

- Fomentar, orientar e coordinar o labor investigador nas diferentes ramas das ciencias, as técnicas, as artes, etc, e en tódalas súas manifestacións que se refiran ao Val Miñor. Promover a realización de estudos do todo tipo sobre os ámbitos sinalados.

- Divulgar a cultura e en xeral todo o referente ó patrimonio natural, histórico, artístico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico, etc, dos tres concellos do Val Miñor. Impulsar calquera actividade encamiñada á divulgación destes aspectos.

- Desenvolver calquera iniciativa de animación cultural nos ámbitos que lle son propios.

- Fomentar a conservación e respecto polo patrimonio miñorano como un ben económico e cultural actual.

- Informar, a petición dos organismos e entidades culturais, cuxos fins sexan compatibles cos propios.

#### Artigo 3º

A sede queda establecida en A Mourisca nº 16, Chaín-Gondomar.

## Capítulo II

### Da Xunta de Goberno

#### Artigo 4º

O IEM estará rexido por unha Xunta de Goberno composta por un Director/a, un Vicedirector/a, catro Vocais, un Secretario/a e un Administrador/a.

Todos estes cargos serán desempeñados por Membros Numerarios do IEM, elixidos pola Xunta Xeral do mesmo. A elección será por catro anos, renovable por un segundo período, podendo, ao transcorrer este, ser elixido para outro cargo.

Así mesmo, formarán parte da Xunta de Goberno os titulares das alcaldías dos tres concellos miñoranos ou persoas nas que deleguen.

#### Artigo 5º

A Xunta de Goberno manterá en cada trimestre natural unha sesión ordinaria, que será convocada polo Secretario/a por orde do Director/a, cun mínimo de quince días de antelación á data da súa realización.

#### Artigo 6º

A Xunta de Goberno poderá manter sesións extraordinarias por iniciativa do Director/a ou á solicitude da maioría dos seus compoñentes. Neste caso, a reunión terá lugar, como máximo, dentro dos vinte días seguintes á súa petición.

#### Artigo 7º

Son atribucións da Xunta de Goberno, amais doutras que aparezan neste Regulamento:

a) Propoñer á Xunta Xeral os Planos anuais de traballo, os Orzamentos tamén anuais e os extraordinarios que puidesen ser necesarios, as Memorias anuais e a Liquidación de Presupostos, tanto ordinarios como extraordinarios.

b) A proposta de novos membros.

c) Propoñer á Xunta Xeral a creación e modificación de Seccións, a súa organización e regulamento, ou a supresión das mesmas.

d) Administrar os bens e rendas do IEM.

e) Interpretar o Regulamento e demais normativas que poida ter o IEM.

f) Coñecer previamente as obras ou traballos que publique o IEM, conforme á súa planificación anual, co informe previo da Comisión de Publicacións.

g) A Xunta Xeral, a proposta da Xunta de Goberno, poderá, no seu día, crear as Comisións que considere axeitadas.

h) Seleccionar o persoal necesario, bolseiros, etc, que ha contratar o IEM.

i) Aprobar os convenios de colaboración a que se chegue con outras institucións.

#### Artigo 8º

O Director/a do IEM presidirá a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral canalizará as discusións e gozará de voto de calidade. Ha sinalar as datas de Xuntas ordinarias e extraordinarias. Coñecerá a correspondencia que se reciba no IEM, asinará e expedirá a que non sexa de simple trámite e fará cumprir os Estatutos e demais normativa e os acordos lexitimamente adoptados. Nos casos de urxencia, poderá adoptar as resolucións das que dará conta na seguinte Xunta de Goberno.

#### Artigo 9º

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante, será substituído polo Vicedirector/a, en quen poderá delegar o Director/a temporalmente, na forma que estime oportuno, algunha ou algunhas das súas atribucións.

#### Artigo 10º

O IEM estruturarase en Seccións, que han comprender as diferentes materias que poidan ser obxecto de estudio.

O seu número e as actividades que cada unha delas vai desenvolver, formando parte planos de Traballo, será acordado pola Xunta Xeral.

Inicialmente, as Seccións han ser as seguintes:

- Xeografía e Historia.
- Arqueoloxía e Etnografía.
- Toponimia, Filoloxía e Literatura.
- Arte.
- Arquitectura e Urbanismo.
- Economía.
- Ciencias Físico-Naturais e Estudio do Medio.
- Arquivo fotográfico e fonográfico.
- Muller.
- Biblioteca.

Tamén se poderán crear aquelas seccións que aprobe a Xunta de Goberno, que deberán ser ratificadas pola seguinte Xunta Xeral.

#### Artigo 11º

Cada Sección ha elixir o seu Presidente, que será directamente responsable do bo funcionamento da mesma, e estará en contacto permanente co Director/a do IEM para a mellor marcha dos asuntos.

#### Artigo 12º

Tódolos Membros teñen que estar adscritos, como mínimo, á Sección máis acorde cos seus coñecementos específicos.

Tamén os Colaboradores poderán adscribirse ás Seccións, a proposta dos respectivos Presidentes á Xunta de Goberno.

#### Artigo 13º

Corresponde ó Secretario/a :

- a) A redacción dos proxectos de planos de traballos e de memorias anuais que detalle o labor das Seccións.
- b) O trámite dos asuntos antes e despois das sesións da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral.
- c) Levantar as actas das mesmas co visto e praxe do Director/a.
- d) Expedir certificacións co visto e praxe do Director/a.
- e) Ter baixo custodia os documentos, libros, obxectos artísticos ou históricos, etc, do IEM, ou en depósito, debidamente catalogados.
- h) Terá ó seu cargo a Xefatura directa do persoal do Instituto e, en xeral, colaborará estreitamente co Director/a para a mellor marcha do IEM.

**Artigo 14º**

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante, o Secretario/a será substituído interinamente polo Vocal máis novo.

**Artigo 15º**

Corresponde ao Administrador/a

- a) A redacción dos proxectos de presupostos, e das súas liquidacións.
- b) A elaboración do estado de contas anuais a presentar ante a Xunta Xeral.
- c) O control de ingresos e gastos, así como dirixir as xestións necesarias para sufragar as actividades realizadas polo IEM.

**Artigo 16º**

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante, o Administrador/a será substituído interinamente polo Vocal máis novo.

**Capítulo III****Da Xunta Xeral****Artigo 17º**

A Xunta Xeral do IEM estará composta por todos os Membros que asistan á convocatoria.

**Artigo 18º**

As reunións poderán ser ordinarias e extraordinarias e serán convocadas polo secretario por orde do Director/a, con quince días como mínimo de antelación á súa data de realización. Necesítase a asistencia da maioría dos Numerarios para que se faga efectiva en primeira convocatoria, e calquera número de asistentes en segunda, que ha facerse media hora máis tarde cá sinalada para a primeira. Cando se trate da Xunta Xeral para a renovación de cargos directivos, será extraordinaria e terá lugar no mes de outubro.

**Artigo 19º**

As sesións ordinarias serán dúas ao ano e levaranse a cabo nos meses de outubro e febreiro. As extraordinarias, cando o decida a Xunta de Goberno ou a solicitude da metade, alomenos, dos Numerarios, e deberá neste caso facerse como máximo nos vinte días seguintes á súa petición.

**Artigo 20º**

Serán facultades da Xunta Xeral, amais doutras que aparezan neste Regulamento:

- a) Aprobar, para a súa elevación á Xunta de Goberno, os planos anuais de Traballo, os Presupostos tamén anuais e os extraordinarios que puidesen cumprir; as memorias anuais e a liquidación dos Presupostos, tanto ordinarios como extraordinarios.

b) Ratificar por maioría absoluta aos Membros Numerarios do IEM e aceptar aos Colaboradores. Así como decidir sobre a perda da cualidade de socios de aqueles membros que incumpran os estatutos.

c) A creación e modificación de Seccións, a súa organización e regulamento e a supresión das mesmas, a proposta da Xunta de Goberno, ou da cuarta parte alomenos, dos Membros Numerarios.

d) A elección de todos os Membros da Xunta de Goberno será por sistema proporcional sobre candidaturas pechadas, que se presentarán asinadas por sete Membros Numerarios constando nelas a conformidade dos presentados. Tales candidaturas obrarán na Secretaría do IEM cunha antelación mínima de trinta días naturais anteriores á data das eleccións. A distribución de cargos é competencia da Xunta de Goberno elixida.

#### Capítulo IV

##### Dos membros do Instituto

###### Artigo 21º

Os Membros do Instituto serán de tres clases:

- Honorarios
- Numerarios
- Colaboradores

###### Artigo 22º

Os Membros Honorarios, que podarán ser individuais ou colectivos, serán nomeados pola Xunta Xeral a proposta da Xunta de Goberno, entre persoas ou institucións públicas ou privadas de notable relevo e con obra escrita ou activa nas materias tratadas polo IEM, ou que afecte á vida do mesmo.

O seu nomeamento precisará da maioría absoluta dos Membros Numerarios do IEM. Para o seu cese seguirase o mesmo procedemento.

###### Artigo 23º

Os Membros Numerarios serán aqueles que aporten o seu traballo e dedicación científica, literaria, técnica, etc... ao IEM.

Os Membros Numerarios serán admitidos pola Xunta de Goberno e ratificados pola Xunta Xeral, coa maioría absoluta dos Membros Numerarios asistentes. Para o seu cese seguirase o mesmo procedemento.

###### Artigo 24º

Serán Membros Colaboradores aquelas persoas que seleccionadas pola súa valía en calquera campo da cultura aporten un traballo puntual e concreto ao IEM.

Serán admitidos pola Xunta de Goberno a proposta dos Presidentes de Sección. Para o seu cese seguirase o mesmo procedemento.

## Capítulo V

### Dos dereitos e deberes dos socios

#### Artigo 25º

Os/as membros/as terán os seguintes dereitos:

a) Tódolos membros terán dereito a asistir á Xunta Xeral. Os Numerarios con voz e voto e os demais unicamente con voz.

b) Os membros Numerarios poderán presentarse en candidatura aberta ós cargos da Xunta de Goberno.

c) Tódolos membros terán dereito de acceso e uso dos fondos e documentación do IEM.

d) Poderán solicitar a convocatoria dunha Xunta Xeral Extraordinaria, segundo o procedemento establecido no artigo 19.

e) Propoñer á Xunta Xeral todas aquelas iniciativas que consideren oportunas, notificándoas á Xunta de Goberno cunha antelación de 30 días.

E terán os seguintes deberes:

a) Os membros/as numerarios/as deben estar adscritos a unha das seccións do IEM segundo se establece no artigo 12.

b) Colaborar nas actividades que desenvolva o IEM.

c) Tódolos membros deberán cumprir os presentes estatutos.

## Capítulo VI

### Da vida económica do Instituto

#### Artigo 26º

O IEM carece de patrimonio propio. Os seus medios económicos e materiais serán os que lle faciliten as Institucións miñoranas e outros organismos públicos ou privados.

O IEM poderá establecer convenios de colaboración con diversas institucións públicas ou privadas, nomeadamente aquelas de carácter cultural, a fin de poder desenvolver as súas actividades.

As doazóns, legados ou mandas e depósitos que poidan terceiras persoas destinar ao IEM serán aceptados coa obriga de destinalos integramente aos fins propios do IEM nas condicións que os doantes poidan facer constar no correspondente documento.

#### Artigo 27º

A modificación do presente Regulamento só se poderá facer polo acordo da Xunta Xeral, co voto favorable alomenos de dous tercios do total dos Membros Numerarios, ou no caso dunha segunda convocatoria co voto favorable da maioría absoluta dos asistentes.

#### Artigo 28º

Tamén coa mesma maioría a Xunta Xeral podería acordar a disolución do IEM, se se desen as causas graves que así o aconsellasen.



Neste caso, os fondos de todas clases (libros, documentos, etc. do IEM) pasarán a ser propiedade plena da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, respectando sempre no seu caso o establecido no parágrafo 3º do Artigo 24º.

## Capítulo VII

### Das actividades do Instituto

#### Artigo 29º

Entre as actividades do IEM ocupará un lugar primordial a celebración, con periodicidade e temática establecida pola Xunta Xeral, do Congreso de Estudos Miñoranos (CEM).

A efectos de preparación e realización do CEM a Xunta Xeral, a proposta da Xunta de Goberno, nomeará un Director/a e un Secretario/a de cada Congreso. Así mesmo a Xunta Xeral coñecerá, a proposta do Director/a do Congreso, os membros da Comisión Organizadora e do Comité Científico e aprobará os orzamentos e fontes de financiamento para a súa celebración.

#### Artigo 30º

A publicación da Revista de Estudos Miñoranos (REM) será outra das actividades a desenvolver polo IEM. A tal fin, a Xunta Xeral, a proposta da Xunta de Goberno, nomeará por espazo de catro anos ao Director/a da REM a proposta de quen propondrá ante a Xunta Xeral o Consello de Redacción. Así mesmo o Director/a da REM desempeñará tamén as funcións de Xefe do Servizo de Publicacións do IEM.

As publicacións a realizar decidiránse na Xunta de Goberno previo informe dos Presidentes de Sección.

Val Miñor, 27 de outubro de 1999.



# O Val Miñor nos albores do século XX

A primeira das actividades públicas organizadas polo Instituto de Estudos Miñoranos foi a exposición fotográfica "O Val Miñor nos albores do século XX" que estivo aberta ao longo do mes de agosto de 2000 na Casa da Radio de Nigrán e durante a segunda quincena de setembro na Casa de Cultura de Gondomar e posteriormente en Baiona. Logo pasou polos centros culturais ou veciñais de Vincios, San Pedro de A Ramallosa, Peteiros e Chaín, así como polo IES "Terra de Turonio".

A exposición está ao servizo de aquelas entidades veciñais, centros culturais ou comunidades de montes que desexen mostrala nos seus locais. Nada agradaría máis ao IEM que en todas as parroquias do Val se puidese contemplar esta mostra fotográfica da vida miñorana no primeiro tercio do século que agora remata.

## A exposición

Sobre a base de máis de medio cento de fotografías que recollen escenas da época e imaxes de significativos lugares de Baiona, Gondomar e Nigrán, foi a nosa intención realizar unha retrospectiva do primeiro tercio do século XX. Daquel Val Miñor que Otero Pedrayo describía coa súa potencia barroca:


*"Xenerosa e cumprida cuncha, esteiros da Ramallosa ca ponte simbólica e os broseados cotos de viñas e milleirá de Gondomar baixando en soave ritmo, dunas brancas sensibres á pulsación atrántica batendo nas illas Cíes e nos penedos croados de espuma das Estelas e nos sufincos de Monterreal, acrópolis de Baiona histórica. Fermoso e saudoso nome o de "Baiona do Miñor". Vila e porto de resoancias atránticas, nesta historia de homes e vontades. A derradeira ría da Céltiga casa ben co Miñor, o val cuia cabeceira se cingue irmán co Rosal, o Val derradeiro dos que acoden ó grave chamamento do Miño, fermoso acorde xeográfico nos lindeiros do símbolo<sup>(1)</sup>".*

Agrupamos as fotos segundo diversos criterios. Nunhas ocasións por concellos: Nigrán, nomeadamente nas súas maiores concentracións de poboación, Panxón e A Ramallosa que nolas describía José Espinosa: *"Este pobiño mariñeiro xorde na beiramar encostado nunhas dunas entre matorreiras de loureiro<sup>(2)</sup>".*

*"Calquera día, hora e tempo, é oportuno para contemplar o que rodea á Ramallosa (...). Elixido o momento situémonos na ponte que dá paso á acharoadada estrada (...). Paralelamente á que pisamos, vemos outra ponte (...), obra interesante do século XIII (...). Como un broche d'ureo unen estas dúas pontes as verdes e alfombradas ribeiras do río Miñor; quen baixo os seus arcos pasa ansioso de expandirse na risoña badía de Baiona, recortada polas súas brancas e grandes praias.*

(1) Otero Pedrayo, R.: *Historia de Galicia*, 1962.

(2) Espinosa, J.: *Casas y cosas del Valle Miñor*, 1938.



Ponte Vella. A Ramallosa

*Ofrécese á nosa contemplación o caprichoso outeiro de San Pedro rendendo acatamento ao mar cos piñeirais de Lourido, reflectidos na auga do remanso fermosísimo da Foz (...).*

*Entre carballeiras e viñedos asoman as brasonadas casas da Robaleira e Pías; mirando ao oriente vemos a vizosa e extensa veiga de milleirais, cortada pola sinuosa liña de ameneiros marcando as extremas do río; máis alá a violácea montaña de San Xián coas súas casiñas brancas (...).*

*A occidente Baiona, a histórica vila, e o castelo de Monterreal, recortándose a súa silueta no horizonte.*


*Completan o cadro a poética ermida de San Campio, ante a que se ergue maxestoso o cruceiro da Ramallosa<sup>(3)</sup>.*

Podemos así contemplar as praias de Lourido e Panxón, para quen Espinosa reclama o seu xusto nome:

*“Esta magnífica praia, ampla, louzá, limpa e segura, cun leito de fina area, mol coma un aloumiño, que se estende dende Panxón a Lourido nun arco de tres quilómetros, é coñecida cos dous nomes citados, aplicados o primeiro á metade setentrional e o segundo á meridional. (...).*

*Aproveitamos esta ocasión para protestar contra o alcume caprichosamente imposto para dala a coñecer. Substituír o nome de Lourido, eufónico, expresivo e enraiza-*

(3) Espinosa, J.: *Casas y cosas del Valle Miñor*, 1938.



A Ramallosa nos primeiros anos do século XX.



As dunas de Panxón.

do na historia do val, por outro estranxeiro, é unha ofensa aos nosos antepasados e un desprezo á tradición. (...).

*Lourido. Respectemos este nome, a orixe do cal afástase no tempo; prodiguémolo aos catro ventos; digamos sempre Lourido<sup>(4)</sup>; (...)*.

Despois Baiona, co seu Sabarís comercial e a Cuncheira chea de bañistas como nos di Ulpiano Nogueira:

*“Sabarís pode conceptuarse como o primeiro centro de transacción comercial que existe en todo o val.*

*O seu mercado semanal, de significativa importancia, é a principal fonte de riqueza que aquí existe, sendo ademais de suma e útil comodidade para o noso labrego, que obrigado a permanecer toda a semana en lugares afastados dedicado ás labours agrícolas, atopa en día fixo un centro de contratación onde pode ofrecer con vantaxe as súas mercadorías.*

*Este mercado, no que se venden produtos tan esencialmente variables, como cereais, peixe, aves, etc., serve para cotizar estes artigos, variando a oferta e a demanda, segundo a época e circunstancias de orde económica”.*

*“O establecemento balneario da praia da Cuncheira, instalado nun principio dun xeito modesto, transfórmase cada día respondendo ás esixencias do público e dos seus propietarios (...).*

*Antes de existir tan necesario establecemento empregábanse modestas cabanas cubertas de lona, acubillo provisional incómodo e molesto<sup>(5)</sup>”.*

Logo, o Gondomar descrito por Otero:

*“O descenso a Gondomar ofrece os aspectos do val pratense e os ricos milleirais e viñedos en parras do Miñor; envolto en relevos graníticos moi labrados pola erosión.*

*Gondomar ou Paradela, co seu pazo de característica portada dos condes do seu título é o centro do val, e o seu acceso ao mar ambas Ramallosas<sup>(6)</sup>”.*

### As escolas dos emigrantes

Outro agrupamento realizámolo en torno ás fotos dos rapaces e rapazas das “Escuelas Pro Valle Miñor”. Foi no primeiro cuarto do s. XX cando as partidas monetarias chegadas de América para ser investidas na educación son máis abundantes. A importancia da instrución estaba presente na mentalidade dos nosos emigrados.

Os emigrantes dotaron ás súas escolas de edificios propios, con reloxo concibido como servizo público, campo de recreo pechado e escalinata. Instalábanse en lugares privilexiados das parroquias, ben visibles, no centro ou preto da igrexa. No mobiliario incorporaron o pupitre de dúas prazas (antes mesas con bancos corridos), instalaron encerados e armarios, bibliotecas e museos escolares, laboratorios, coleccións de láminas, minerais, fauna e flora, etc.. Nalgunha do Val Miñor puxeron obradoiros de carpintería, zapatería e imprenta, mercaron máquinas de escribir e de coser, realizábanse prácticas agrícolas. Concedían premios, financiaban actividades extra-escolares, facilitaban o transporte...

(4) Espinosa: op citada, 1938.

(5) De Santiago, J. e Nogueira, U.: *Bayona*, 1902.

(6) Otero Pedrayo, R.: *Gufa de Galicia*, 1926.

En xaneiro de 1905 fúndase a “Unión Hispano Americana del Valle Miñor”, inspirada por Dámaso Moreira Correa. Comisionados pola Xunta Directiva da asociación, Manuel L. Lemos e Manuel Losada foron os encargados de elixir o lugar máis axeitado para asentar a Escola e Granxa Agrícola proxectadas.

En 1909 ábrese a Escola de Nenos na Ramallosa. A escola inicial será trasladada ao seu emprazamento actual o 12 de outubro de 1914. As “Escuelas Pro Valle Miñor” da UHA-VM tiñan xa o seu propio edificio.

No curso 1915-16 reciben ensino nas “Escuelas” un total de 211 alumnos, distribuídos deste xeito: 117 de Gondomar, 41 de Nigrán, 29 de Baiona e 24 de fóra do Val.

O trinta de abril de 1919 inaugúrase a Escola de Nenas na Ramallosa.

O primeiro mestre e director foi Eladio Ferreiro (1909-1923), que finalmente deixará o cargo polas desavinzas coa directora da Escola de Nenas e o enfrontamento con Manuel Lemos.

Ás mesmas intencións responde a escola fundada na parroquia de Morgadán pola “Unión Hijos de Morgadanes en Buenos Aires”.

#### “Nuestras fiestas del allá”

*“Alá onde están sempre as nosas lembranzas existe un país delicioso chamado Val Miñor, vive no noso espírito e lévano diante de si os nosos ollos. As súas festas son as nosas festas. Vibra el de ledicia e dor e vibramos nós como fillos ausentes. Ollalo collido pola man da arte é voar ata el.*

*Fronoso e vizoso, é todo paz. As súas paisaxes son as máis delicadas. Os seus campos e lugares chegan ata as vertentes das serras. Os seus bosques escalan as montañas. É grande e doce. Galicia, orgullosa de posullo, mírase nel.*

*Detrás do mar inmenso que separa aos ausentes, tan triste coma eles ao marchar, o sol esconde a morriña con que se aparta do val, fermoso e espacioso, ¡ ”o mellor de todo o mundo!”.*

Estas emocionadas palabras encabezan o documental “Nuestras fiestas del allá” que tamén se pode contemplar na exposición. Rodado no ano 1928 en formato 35 mm e cunha duración de 40 min, foi dirixido por José Gil e os rótulos son da autoría do xornalista Jaime Solá.

A actividade cinematográfica de José Gil levouno a ofrecer os seus servicios de produción ás sociedades galegas de América, que se incrementaron despois da inauguración dos talleres de Galicia Cinegráfica, en 1927. Froito destes contactos xurdiu o proxecto *Nuestras fiestas de allá*, financiado pola “Unión de Hijos de Morgadanes” en Montevideo, cun custe que roldou as 2.500 pesetas.

Durante o verán de 1928, José Gil percorreu coa súa cámara os principais escenarios e as festas máis representativas do Val Miñor. A película amosa as vidas daquelas xentes que nos precederon sendo hoxe un extraordinario e único documento histórico. *Nuestras fiestas de allá* estreouse o 14 de marzo de 1929, no Teatro Ariel de Montevideo. Na década dos oitenta un asociado da “Unión de Hijos de Morgadanes” depositou a cinta na Filmoteca Española.

### A prensa miñorana

A prensa local desempeñou un importante papel no primeiro tercio do século. Tamén no Val Miñor, do que é mostra o abundante número de xornais que nestes anos se publicaron. O principal protagonista desta intensa actividade xornalística foi o baionés José María Barreiro (1887-1923), home de intensas inquietudes que ademais de promover múltiples iniciativas periodísticas tanto no Val coma en Montevideo foi autor teatral (*Gente del mar*, *La Romería de San Roque de Vigo*, *Pan quente*) e mesmo escribiu o texto da opereta *A Virxen da Roca*, estreada en Vigo en 1911.

Atendendo a un criterio cronolóxico, foron os seguintes:

*El Valle Miñor*. O primeiro número saíu o 31 de agosto de 1902. Foi un dominical fortemente crítico e que prestaba especial atención á vida municipal. Deixou de publicarse en 1904.

*El Miñor*. Tomou o relevo do anterior en novembro de 1904. Foi un semanario de catro páxinas e vocación municipalista. O seu fundador, propietario e primeiro director, inspirador tamén do anterior, foi José María Barreiro, quen sería substituído nos labores de director por Cándido Del Río Giménez, dende o nº 47 (7 de outubro de 1905) ata a súa desaparición en 1908.

*El Heraldo de Bayona*. Dirixido tamén por José María Barreiro, apareceu en 1910 e mantívose ata 1911. Intervíña na política municipal e estaba enfrontado con *El látigo*.

*El látigo de Bayona*. Dirixido por Enrique Cepa Besada, tiña a redacción no establecemento de Gerardo Miniño en Sabarís. Enfrontado co anterior, as desavinzas entre ambos directores ocupan bastantes páxinas de ambas publicacións.

No ano 1911 comezou a publicarse *La Voz del Miñor*, o de maior duración, xa que se mantivo ata 1938. Propiedade do bispado de Tui, antiliberal e dun catolicismo belixerante. Tiña unha vocación parroquial e máis miñorana que os anteriores.

En 1914 José María Barreiro puxo en marcha outro proxecto denominado *El Pueblo*, que se mantería ata xullo de 1918. Era un quincenal de carácter liberal-progresista no que se criticaba duramente ao caciquismo local e ao clero. Dende o nº 35 actúa como administrador do xornal Herminio Ramos.

En 1928 viu a luz un semanario de curta duración denominado *Caballito del Diablo*; de carácter humorístico, defíníase como “semanario veraniego”.

Os exemplares que se expoñen forman parte do arquivo que Héctor Barreiro doou á Biblioteca Municipal de Baiona, quen facilitou a súa presenza nesta exposición.

Cabeceiras dalgúns xornais da época.



**EL VALLE MIOR**  
**Farmacia Moderna**  
 ( JOSÉ BARREIRO ALVAREZ )

Productos químicos puros y garantizados, aguas minerales y especialidades farmacéuticas. Completo surtido en Elocrafía, perfumería y drogas. - Paquetes puros para decoración, habitaciones, sándwich, etc. -  
 Gran surtido en trajes de mujer, batas de exportación y abrigos, cuadros de caballos y alfombras. Menores y al por mayor. -  
 Botas, zapatos, alpargatas, batas, medias, calcetas, guantes, etc. -  
 en comisión y todo lo que se relaciona con el arte de vivir.

**EL UNIVERSO** R. Gómez

**EL VALLE MIOR**  
 Semanario independiente  
 Año II. Número 14. BAYONA, Sábado 14 de Noviembre de 1900. Precio 10 céntimos. Núm. 32

**Entrando en materia**

**LA VOZ DEL MIOR**  
 Semanario independiente  
 Año II. Número 14. BAYONA, Sábado 14 de Noviembre de 1900. Precio 10 céntimos. Núm. 32

**LA VOZ DEL MIOR**  
 Semanario independiente  
 Año II. Número 14. BAYONA, Sábado 14 de Noviembre de 1900. Precio 10 céntimos. Núm. 32

**LA VOZ DEL MIOR**  
 Semanario independiente  
 Año II. Número 14. BAYONA, Sábado 14 de Noviembre de 1900. Precio 10 céntimos. Núm. 32

**HERALDO DE BAYONA**  
 Semanario independiente  
 Año II. Número 14. BAYONA, Sábado 14 de Noviembre de 1900. Precio 10 céntimos. Núm. 32

**CASA RICAUD, Trinito, 2. VIGO**  
 Representante en Salazar José L. López

**OMEGA**  
 Omega, lavador, lavar

**VALVERDE Y COMPAÑIA**  
 Limpieza WOTAN de Fiamma

**BODEGAS FRANCOESPAÑOLAS**  
 Vinos finos de mesa

**EL PUEBLO**  
 Semanario independiente  
 Año II. Número 14. BAYONA, Sábado 14 de Noviembre de 1900. Precio 10 céntimos. Núm. 32

**EL UNIVERSO de JUAN CASTRO**  
 Ultramarinos finos. Recibe general.

**MENSAJERIAS MARITIMAS**  
 Servicio de mensajerías marítimas

**Systema Moderna**  
 JOSÉ LÓPEZ Y LÓPEZ

**LAS COLONIAS**  
 Ultramarinos de ZOLO PEREZTEGUI

**Farmacia Moderna**  
 de J. BARREIRO ALVAREZ

**EL MIOR**  
 Semanario independiente  
 Año II. Número 14. BAYONA, Sábado 14 de Noviembre de 1900. Precio 10 céntimos. Núm. 32

**AVISO**

**EL MONASTERO DE STA. MARA DE OJA**

**EN EL AYUNTAMIENTO**

**Lerara y lo curioso**

### O Lucas

Entre outros moitos aspectos salientábeis desta exposición, atópanse unha ducia de imaxes dun fotógrafo esquecido, que agora podemos comezar a recuperar. Trátase de José Domínguez Rial, máis coñecido polo "Lucas", agarimoso alcume herdado do seu pai. Naceu en 1867 e como moitos outros miñoranos cruzou, en preto de vinte ocasións, o Atlántico para gañarse a vida. En Montevideo aprendeu o oficio, estableceuse como fotógrafo e acadou sona co célebre estudio, constituído en sociedade, denominado Domínguez & Peragallo, quen tiña os seus locais no nº 21 da céntrica rúa Mitre de Montevideo.

José, "O Lucas", non se esqueceu do Val Miñor natal e como outros "indianos" que acadaran certo éxito económico, regresou unha e outra vez, tamén por razóns laborais. No seu Chaín natal tiña taller de fotografía e unha das súas actividades foi traer e levar placas fotográficas dunha a outra beira do Atlántico. Moitas delas servirían como auténticas actas de defunción ou de vida. Faleceu nonaxenario, na parroquia gondomareña na que nacera, a finais da década dos cincuenta.

Coa súa cámara atrapou as labours agrarias en casa de fartura con dúas xuntas de bois e a miseria ao pé dos casopos; as festas á carón da igrexa e á hora do xantar abundoso; a escola, coa autoridade da mestra e as distincións sociais reflectidas nas roupas dos cativos; as paisaxes do Gondomar dos eidos labrados e a mesma morte coma acto público e natural.

Dende o Instituto de Estudos Miñoranos propoñémonos recuperar, coa inestimable colaboración da súa familia, o que poidamos da súa obra para dala a coñecer nun futuro próximo.




Foto: José Domínguez "Lucas".



Foto: José Domínguez "Lucas".



Foto: José Domínguez "Lucas".



Foto: José Domínguez "Lucas".




Foto: José Domínguez "Lucas".



Foto: José Domínguez "Lucas".

